



SCRITA CONTEMPORÁNEA

AH

ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

ACTAS DA **XV** XORNADA DE LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL



Entroido
transgresión e tradición

Actas da XV Xornada de Literatura de Tradición Oral

Entroido: transgresión e tradición

Consello Directivo da AELG
Presidencia Cesáreo Sánchez
Vicepresidencia Beatriz Maceda Abeleira
Secretaría xeral Cilha Lourenço
Tesouraría Xosé Monteagudo
Vogalía de Lugo Lois Pérez
Vogalía de Vigo Leticia Costas
Vogalía de Santiago de Compostela Daniel Asorey
Vogalía de Ourense Xoán Carlos Domínguez Alberte
Vogalía da Coruña Antía Yáñez
Vogalía de Pontevedra Montse Fajardo, Marta Dacosta
Vogalía de Relacións Internacionais Xavier Queipo
Vogalía de Cataluña Alicia Fernández Rodríguez
Vogalía de Literatura de Tradición Oral Antonio Reigosa
Vogalía de Literatura Dramática Afonso Becerra
Vogalía de Novos Proxectos Rosalía Fernández Rial

Secretaría económica e técnica Ramiro Torres Maceiras e Brais Cubeiro Fernández

Edita Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)
aelg.gal – aelg.gal/Polafias
oficina@aelg.org

Deseño base da capa e marca de auga Alberte Sánchez Regueiro – Distrito Xermar

Fotografías do apéndice fotográfico e biografías Arquivo AELG-Eduardo Castro Bal, Julio I. González Montañés, Nieves Amado, Mercedes Vázquez Saavedras

Maquetación Gráficas Mera

D. L. VG-1293-2005
ISSN 1889-9579

Imaxes (os dereitos de reprodución son os mesmos que os que se citan nas fontes das que se obtiveron) Filipe-Senén López Gómez, Xosé Manuel Seixas, Nieves Amado Rolán, Ángel Martínez Bermejo, Andrés Diz, Antonio Muñoz Carrión, Deputación Ourense, Enrique Moreno, J. Rodríguez Cruz, Concello de Riós, Distrito Xermar, Arquivo AELG-Eduardo Castro Bal.

©Das respectivas autoras/es
©Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Decembro de 2022

Agradecementos
Grupo de traballo da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG (Ana Acuña, Calros Solla, Carme Pernas Bermúdez, Félix Castro Vicente, Lois Pérez, Xosé Manuel Varela e Xurxo Souto).
Fotografías das máscaras propiedade de Xosé Manuel Seixas, reprodución autorizada. Fotografías realizadas por Distrito Xermar.
Julio I. González Montañés
Nieves Amado Rolán
Xosé Manuel Seixas
Mercedes Vázquez Saavedra

Esta edición contou co patrocinio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos/as titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixíxase a CEDRO se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra: www.conlicencia.com, 91 702 19 70 / 93 272 04 47.

Actas da XV Xornada de Literatura de Tradición Oral

Entroido: transgresión e tradición



Vixigueiro ou contrario de Samede (*Samede, Paderne – A Coruña*)
Reprodución de Xosé Manuel Seixas

Vergalleiro de Sarreaus
(Sarreaus – Ourense)
Reproducción de Xosé Manuel Seixas.



Desde a vicepresidencia e a área de Cultura da Deputación de Lugo saudamos a publicación das actas correspondentes a esta XV Xornada de Literatura de Tradición Oral que nesta ocasión xirou arredor do tema “Entroido: transgresión e tradición”.

Celebramos un ano máis que esta xornada que organiza a sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), en colaboración coa AS-PG, tivese lugar na cidade de Lugo, como vén sendo costume, e que o tema escollido fose un tan enraizado na nosa cultura tradicional como é o do Entroido

Ao longo destas quince edicións que se viñeron sucedendo desde 2008, a AELG foi promovendo o estudo, divulgación e coñecemento dunha serie de temas esenciais para destapar os alicerces sobre os que se sustenta a nosa cultura popular. Ano tras ano fóronse expoñendo na palestra destas xornadas asuntos sempre vencellados ao coñecemento herdado por tradición como a mitoloxía popular, a medicina tradicional, a música, o humor, o medo, a maxia, a relixión, o sexo, xunto con crenzas, lendas, ritos... sempre en relación coas ocupacións e as preocupacións humanas, sen descoidar en ningún caso a perspectiva de xénero ou as diferentes opcións sexuais.

Todos e cada un dos temas tratados ao longo destes tres quinquenios quedan conservados —relatorios, mesas de debate, sesións prácticas— para a memoria nas correspondentes actas, o que no seu conxunto constitúe unha especie de enciclopedia do saber actual sobre os temas abordados e que seguro constituirá no inmediato futuro unha bibliografía básica esencial para seguir construíndo novos coñecementos.

Quédanos transmitir o noso agradecemento e parabéns ás persoas que desde a sección de Literatura de Tradición Oral da AELG, nomeadamente a Lois Pérez e Antonio Reigosa, organizan estes eventos para profundar nos coñecementos e saberes que arrastramos dos nosos devanceiros. Parabéns que facemos chegar ás relatoras e relatores que interviñeron nesta edición —Felipe Senén López, Julio I. González Montañés, Nieves Amado Rolán, Mercedes Vázquez Saavedra e Xosé Manuel Seixas— quen nos legan coas súas intervencións e cos textos que se publican nestas actas unha xenerosa lección de sabedoría sobre o Entroido e as súas principais manifestacións ao longo do tempo por Galiza adiante.

Como administración pública, preocupada pola difusión do noso pasado e das súas manifestacións culturais e festivas máis emblemáticas, comprometemos, como viñemos facendo

nos anos precedentes, o noso apoio a iniciativas como estas xornadas de Literatura de Tradición Oral que cómpren con esta edición nada menos que quince anos de frutífera andadura.

Maitte Ferreiro Tallón
Vicepresidenta da Deputación de Lugo

Maragato ou peliqueiro do entroido riberao
(Santiago de Arriba, Chantada – Lugo)
Reprodución de Xosé Manuel Seixas.



Vimos de celebrar a XV Xornada de Literatura de Tradición Oral. Edición que segue a contar co apoio da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo e a colaboración da Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Un ano máis, a Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG, con Antonio Reigosa e Lois Pérez, coordina as mesas e os traballos cuxos froitos esplendentes recollen estas Actas.

O tema que se desenvolveu ao longo das distintas conferencias desta Xornada, foi o **Entroido. Transgresión e tradición**. Quizais é dos temas de máis profunda raíz, que vive na zona abisal do noso subconsciente colectivo e alimenta a nosa cultura e todas aquelas que acollen estas celebracións con características recoñecíbeis e diferenciadas.

Os entroidos, nas súas distintas formas, son parte importantísima do ADN dunha cultura, no que está gravado o que permanece, aquilo que no colectivo se realiza.

O Entroido, como ben di o título da Xornada, leva dentro de si claves rexenerativas. Somos tradición mais temos que, necesariamente, transgredila, para que siga viva incorporando eses elementos de rexeneración que facilitan a súa permanencia.

Para min, o Entroido que fixo voar a miña imaxinación de neno foi o das máscaras. Creo que ese xogo de personalidades, o mostrarse diferente do que se é, de ser o outro, é o que nos define como seres que camiñan á luz do solpor coa súa propia sombra reflectida. As máscaras e os diversos feitos simbólicos móstrannos reflectidos no encontro co Outro, do que nos fala Ryszard Kapuściński.

Aínda que non é moi asociada ao Entroido, esta visión dinos da existencia dos Outros e de nos achegarmos ao case humano, como parte e, pola súa vez, como totalidade da humanidade. Máscaras culturais e sociais que contan relatos tanto históricos como dunha mitoloxía popular que nos di o que tememos, de que nos ocultamos, que personalidade queremos asumir para tirar de nós o medo, cunha nova identidade.

Os significados que poden ter as máscaras do Entroido, nese xogo anónimo no que somos iguais e ninguén sabe quen é quen, son símbolo de liberación, de transgresión. Naceron vencelladas á relación cos animais, que provocaban o medo, as forzas dos espíritos polas que o ser humano sempre se sentiu ameazado.

O mapa do Entroido na nosa nación é tan diverso como o é a nosa cultura. Tan diversa

nas distintas xeografías que formalizaron outros tantos Entroidos, dos que algúns vivimos na infancia. Lembro as mozas ou rapazas e nais facendo roupas para o Entroido, na casa da costureira onde se facían tamén as roupas para as festas anuais. Mais o Entroido ten que volver estar onde foi creado, na rúa, e ese camiño estase a transitar.

Coa chegada das primeiras corporacións municipais, ao tempo que adquiría certa normalidade, tamén chegou certo anquilosamento institucional que foi, afortunadamente, case superado na actualidade. A realidade de hoxe é que veñen sendo recuperados dunha forma importante e formalmente estudados como nunca o estiveron, recobrando formas e tipoloxías de Entroido que dan idea da natureza viva dunha cultura. Fálanos da nosa relación coa natureza ou cos seres vivos, dos que nos defendemos como se dun ser que non comprendemos e tememos se tratar, creando símbolos de autodefensa, podendo axudarnos a entender os xiros existenciais. Esta reflexión é sobre a identidade cando se contrasta coa diversidade ou a diferenza, e fainos entender como definir o outro se tamén é humano e forma parte da humanidade. Levinas dínos, neste sentido, que pensar o ser humano é pensar nun encontro consigo mesmo.

Cesáreo Sánchez Iglesias

Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega



Zangarrón
(Montamarta – Zamora)
Reproducción de Xosé Manuel Seixas.



“O Entroido. Transgresión e tradición” foi o asunto escollido pola AELG para a XV Xornada de Tradición Oral que celebramos en Lugo, no salón de actos da Deputación Provincial, o sábado, 22 de outubro de 2022.

Como xa presupoñíamos, o tema resultou do interese da numerosa asistencia que acompañou as intervencións de relatoras e relatores durante toda a xornada.

A petición reiterada dos asistentes a xornadas precedentes facía xa improrrogable o seu tratamento a pesar de que o momento escollido para tratar este tema non coincide co período do ano no que se celebra.

Obviamente, tivemos a fortuna de contar coa colaboración de eminentes especialistas na materia, persoas que investigan a divulgan as múltiples facianas que presenta esta importante celebración colectiva, quizais a máis popular e a de máis participación das que teñen lugar durante o ciclo anual.

Nesta ocasión, ademais, na xornada que celebramos o día 20 de outubro na mesma sala e que denominamos Faladoiros da Memoria xa nos preguntamos: “Cara a onde vas, Entroido?”. Nesta encontro participaron Inma Alonso Rodríguez, Miguel Losada, antropólogo e investigador do Entroido, Xosé Manuel Seixas, artesán construtor de máscaras, e Branca Villares, investigadora e intérprete de músicas e letras de temas relacionados, neste caso, co Entroido, xunto cos coordinadores da sección.

Como conclusión sobranceira deste encontro, os expertos opinaron que os entroidos tradicionais, os que se manteñen sen interrupción e os que se van recuperando inspirados na memoria, terán futuro mentres manteñan a esencia desa tradición. Pola contra, os concibidos como reclamo turístico, comercial ou exclusivamente festivo tenden a confundirse con outras celebracións que nada teñen que ver co espírito desta celebración ritual.

Felipe-Senén López Gómez na súa intervención reflexionou sobre as características, simbolismos, sons, ritos e funcións sociais dos entroidos tradicionais, en contraposición coa deriva de aculturación que se observa noutros contaxiados pola estandarización.

Julio I. González Montañés conduciu nos pola riqueza das variadas representacións teatrais que caracterizan os nosos entroidos e que se manifestan en pantomimas, farsas, entremeses, disputas, batallas, xuízos e testamentos, entre outras moitas maneiras de se expresar esta catarse.

Nieves Amado Rolán amosounos con abundosa documentación gráfica e documental a historia dos entroidos históricos da bacía do Tâmega, algúns celebrados ininterrompidamente desde os tempos medievais como é o caso do de Laza e o do Castro de Laza.

Mercedes Vázquez Saavedra guiounos co seu valioso fondo gráfico polos entroidos singulares de Galicia e Norte de Portugal. O seu arquivo fotográfico, probablemente dos mellores que existen para coñecer os entroidos destes tempos constitúe de por si un patrimonio singular a protexer.

As mesas compartidas por relatoras e relatores, xunto coas intervencións do público asistente, déronnos aínda unha oportunidade máis para coñecer a resistencia dos entroidos tradicionais neste tempos tan cambiantes.

A sesión práctica a cargo de Xosé Manuel Seixas permitiunos contemplar e coñecer como se elaboran dúas decenas de mascarar. Materiais que se empregan, técnicas de fabricación e posibles simbolismos.

Amais de ás relatoras e relatores, e ás persoas que nos acompañades ano tras ano, temos que agradecer á ASPG a súa imprescindible colaboración para conectarnos cos profesionais do ensino. Grazas á vicepresidencia e área de Cultura da Deputación de Lugo polo patrocinio e ao persoal encargado do salón de actos da institución polas atencións sempre agarimosas.

O noso agradecemento tamén ao Consello Directivo da AELG, á oficina técnica e a Miguel Castro, responsable da gravación da xornada. E grazas a todas as persoas que colaboran desde o deseño do cartel á edición e impresión destas actas para que esta publicación resulte de proveito para quen teña curiosidade por conservar a memoria do que se debateu sobre os nosos entroidos nesta XV Xornada de Literatura de Tradición Oral.

Lois Pérez e Antonio Reigosa

Coordinadores da XV Xornada de Literatura de Tradición Oral

Felo de Maceda
(Maceda – Ourense)
Reproducción de Xosé Manuel Seixas.



Programa

XV Xornada Literatura de Tradición Oral

Entroido: transgresión e tradición

Lugo, 22 de outubro de 2022

Variedades de sons, músicas, voces, contos e rivalidades nalgúns dos entroidos galegos: tradición e aculturación (conferencia)

Filipe-Senén López Gómez

O mundo do revés: Teatro de entroido en Galicia (conferencia)

Julio I González Montañés

Entroido e ocultación: profundando no envés do ritual (mesa redonda)

Felipe Senén e Julio I González Montañés

Lois Pérez, moderador

Os entroidos históricos da bacía do Tâmega: as súas mascarar tradicionais (conferencia)

Nieves Amado Rolán

Viaxe polo mundo da mascarar (conferencia)

Mercedes Vázquez Saavedra

Tras a mascarar. Liturxia e simbolismo (mesa redonda)

Nieves Amado Rolán e Mercedes Vázquez Saavedra

Antonio Reigosa, moderador

Achega á Máscara de Entroido. Unha visión desde entro (sesión práctica)
Xosé Manuel Seixas

Os vídeos da XV Xornada de Literatura de Traidición Oral están dispoñibles na páxina web da AELG:

<https://www.aelg.gal/actividades/xornadas-de-literatura-oral-0/2022/10/22/xv-xornada-de-literatura-de-tradicion-oral-entroido-transgresion-e-tradicion/video>

Botreiro Viana do Bolo, 2019
Imaxe propia de Felipe Senén



Variedades de sons, músicas, voces, contos e rivalidades nalgúns dos entroidos galegos: tradición e aculturación

Filipe-Senén López Gómez

Resumo:

Repaso da rica e incomparable variedades de celebracións do Entroido en Galiza. No que atinxe ao almanaque, ás máscaras, ao seu simbolismo, ritos, cantos e contos, ao ambiente parateatral. Aspectos entre os que atopamos substratos protohistóricos, celtas, romanos enfrontados á relixión, ao cristianismo, na actualidade sometidos á uniformización global. Cando a natureza estoupa en luz, cores, recendos e a primavera o sangue altera, cando a forza bruta da paisaxe, masculina tamén, do instinto invade o mundo urbano, “civilizado” e faino en forma de animal, de touro, de oso, de cervo, de máscara que sae do misterio das tebras, da “ocultura” e faino berrando, aturuxando, ruxindo, ouveando, con voces e ditos... segundo a máscara e a tradición de cada lugar con voces, ao son e ritmo das esquilas, as chocas, os axóuxeres...os folións de bombos e instrumentos metálicos. Rebumbio como querendo redimir os vicios prendidos na cultura urbana. Tradicións que “transitan”, que devalan, que reciben e ofrecen achados, entre cantos, sermóns, regueifas e contos nos que non falta o carácter erótico, retranqueiro, o desafío entre Eros e Thanatos que tanto enredan na arte. Tempo que mantén na súa cerna a iniciación da mocidade, o fortalecer ao grupo celebrando o inicio do tempo da luz, a flor da que nacerá un froito e unha semente.



Entroido Ribeirao, detalle de Volante



Detalle de Pantalla de Xinzo de Limia

Iniciación da mocidade e consolidación do grupo entre a a luz, a cor, a tradición, a creación e un trebóns de sons

A gran singularidade da festa do Entroido na Galiza, *Carnestolendas* - tan celebradas no agro e que dan entrada á primavera, cando se esconxuran medos e se inician os mozos - está nesa competitiva rivalidade de enxeño e tradición tribal, entre bisbarras e mesmo entre cada unha das parroquias. Como tantas cousas con orixe no minifundismo da tribo, do castro, dos clan... leiras... Festa dos sentidos, universo de variedades con singulares historias, cores, estrondos, folións, contos, cantos, máscaras, xeitos gastronómicos, sobremesas... cinguidas a un tempo de liberdade e retranqueira leria...hoxe sometidas ao proceso global, uniformizador, acultural e anómico tamén, por influencias da fimografía sanguinolenta do terror gore, cunha agresividade insólita na tradición galega das "benditas ánimas"... adubada da estandarización comercial, sen faltar o fenómeno da "botellonización" que tanto afecta ao sentido social das celebracións tradicionais, baixo a banda sonora das *batukadas*, que tanpouco deixan de ter unha raiceira



Entroido Ribeirao



Peliqueiro de Laza

nos folións pasados polo Brasil. E o peor: cando as festas que significan relación, convivencia, solidarización a través deses tres fíos cos que se trenza a cultura - que son as tradicións, a creación-investigación e as relacións con outros pobos - se perverten en todo o contrario, en provocación e agresividade. O Entroido, a través das súas metáforas, feitas máscaras, ten as leis da súa mensaxe: a eterna primavera, a relación entre a paisaxe e a paisanaxe.

A necesidade de museos etnográficos do Entroido como fonte de tradición e creación

Galiza marca un precedente universal no estudo destas festividades primaverais, ben o sabía e ampliaba o antropólogo cultural e historiador navarro Julio Caro Baroja. Cabo do mundo que abriu portos e encrucilladas onde son referente as pescudas de Vicente Risco, moi interesado no imaxinario das máscaras, nas tarascas castrexas, nos monstros representados, a través do tempo en canzorros, canicelos, gárgolas... seres creados polo maxín levados a contos, enxertados no "realismo máxico", tendencia literaria e artística que tantas raiceiras ten en Galiza, como ben sabía Cunqueiro.

Estudos e descrições do Entroido galego onde son meritorios os aportes de X. Manuel González Reboredo ou de Federico Cocho, entre moitos outros, especialmente documentais os, que recobrarán máis valor co transcurso dos anos e cando se poida relativizar entre pasados e novos presentes. Neste novo fenómeno de investigación, divulgación e sensibilización é sobranceiro o traballo editorial do xornal "O Sil" coa publicacións anual, dende o 2020, dunha revista monográfica sobre o *Entroido en Galiza*, posta ao día do estado da cuestión.

Nesta ansia de pescuda das singularidades do Entroido mesmo recomendaríamos e remitiríamos ás veciñas terras lusas de Tras os Montes, parte da Gallaecia romana, sueva e medieval, onde se recollen rehabilitan e revitalizan tradicións similares, expostas en centros como o *Museo da Máscara Ibérica* en Braganza, entre unha mostra moi variada cunha magnífica representación do *Entrudo* trasmontano: *Caretos* de Podence, Santulhao, Vinhais, Vila Boa.... Mesmo tendo en conta en Galiza o papel do *Museo do Entroido de Xinzo de Limia* e por suposto no *Museo do Pobo Galego* de Compostela. Centros que, aínda que naceron de xeito serodio van recompoñendo aspectos perdidos e singulares de tan rica variedade de celebracións .

O Entroido é festa que mesmo serve de test pra coñecer o estado creativo e anímico do pobo, mesmo hoxe sometido a dúas caras: por unha banda canto significa o rexurdimento da orixe, pola outra as influencias duns nos outros pero tamén pola uniformidade global, Todo adubado co sentimento catártica do pobo.



Boteiros, Viana do Bolo

Corentena, condensada en tres días e un *Mércores de Cinsa* que abre á Coresma

Cada parroquia pode ter o seu singular almanaque, con dedicacións e ritos diferentes cada xoves e domingo. Tempo que será escaparate, procesión pagán da leria individual e colectiva: cando atrás queda no almanaque o 13 de decembre, cando a tradición leva ao refrán que “*Pola Santa Lucia devece a noite e crece o día*”. Seguen os xantares e agasallos familiares nun tempo que resulta meigo, de meigas e magos, cristianizados, coas celebracións de Noiteboa, Nadal, San Silvestre, Aninovo e Magos (Reis Magos de oriente de excepcional significación neste occidente, nunha terra meiga, tan representados nos tímpanos da Epifanía)...

Datas argalladas pra consolidar a forza solidaria da tribo e da elemental casa, arredor do lume, da mesa e da historia dun Nacemento cristián, e da árbore adornada con formas esféricas, lembranza de froitos e sementes (cabazas, mazás, castañas... agora brillantadas e de novos materiais comerciais), pervivencia pagán... segue o tempo no que abren e estoupan en cor as mimosas e as exóticas camelias, cando o rechouchío e as bandadas de paxaros volven.... e cando nas altas serras, aínda nevadas, esperta do seu letargo a besta do oso... e faino peideando, fungando, gruñindo e a gadoupar, como sabe facer. A besta da escuridade, das covas e do bosque deixa así constancia da súa presenza e aplica a súa propia lei, é a que manda e goberna a festa... A interacción paisaxe-paisaxe toma nota do acontecer e así se representará o oso en varios entroidos da montaña e das bocaribeiras galegas, como exemplo o *Oso* de Salcedo en Proba do Brollón, en Manzaneda. Todo pregoa novamente o dito que “*pola Candeloria, chova ou non chova, metade do inverno vai fora*”... Teimosía sabiamente recollida, propia do cine panteísta do sueco de Igmarr Bergman, referente na *Sétima Arte*, modélico pro que habería que facer en Galiza, onde os reloxos petan e claman que hai que aproveitar o tempo, a ansia de escampar, de entrar, de vez, no tempo do sol no que reverdecen e floreat esperanzas de novos froitos. Dáse paso así a esoutra corentena de liberdade creativa, de cores, cantos, retrousos, regueifas, músicas, leria, fantasía e suma de tradicións que é o Entroido. Introitus, entrada, Entroido, Entrudio, Antroido ou Carnaval, as *carnestolendas*, festas da carne, con canto significa o Eros.

A orixe destas celebracións de liberdade e creatividade é ancestral pérdese na máis remota antigüidade, cando se asume que solsticios e equinoccios marcan cambios no tempo cronolóxico e inflúen no agro e sobre o mesmo ser humano. Orixe que pasa por exipcios, sumerios, celtas, gregos, romanos e polo cristianismo. No mundo grecolatino en relación coas festas que honran a Baco, cando se abren as billas das cubas cos viños novos e veña a celebrar a vida. Herdo das festas Saturnais, Lupercais da influente Roma. Os románticos nacionalistas irlandeses do século XIX fundamentados na súa identidade recuperaron e exportaron ao panceltismo as celebracións con nome gaélicos do *Sambhain* (a entrada no tempo escuro celebrado aos Defuntos) fronte a festa de *Beltaine* (a apoteose do tempo da luz, San Xoán) o *Imbolc* (metade do tempo escuro e chuvioso, a *Candeloria*, entrada no Entroido), o *Lughnasad* (metade do tempo da luz, Agosto)...

A vida segue e nesa dialéctica, despois do lume purificador que arde nas fogueiras do *Mércores de Cinza*, no que se queiman os ídolos do Entroido (*Meco, Urco, Momo...*) seguira no almanaque das celebracións o anverso, a penitente Coresma, de xaxún, cavilares ante as sombras da morte e o *Trasmundo* que diría o pintor do eterno Entroido que foi Laxeiro. Tempo relixioso representado por unha rechumida señora de sete pes, enloitada, cuberta de manto e cunha folla de bacallau nunha man, na outra un cesto de verzas e máis peixe.

A simboloxía poética do Entroido...a cinsa, o farelo, o galo, a máscara: a fecundidade

Entroido do que agora coutamos a súa celebración á esencia dos tres primeiros días dunha semana, cando en orixe eran moitas máis e que nalgúns concellos amplían, a fin de

desestacionalizar e recuperar este recurso, sabendo que atraen e moven a vida: Domingo de Formigueiro (por espaxer formigas entre mozos e mozas) *Domingo de Fareleiro* (por espaxer farelo) *Domingo de Oleiro ou de Lardeiro* (polos xogos de romper as olas con sorpresas dentro o por *enlardar*, manchar con graxas), *Xoves de Comadres*, *Domingo de Corredoiro* (no que a vítima era un galo, o que se soltaba e se corría, perseguido, entre algarabía e burlas polos mozos, para logo penduralo dunha corda e decapitalo...), *Xoves de Comadres, domingo, luns, martes* e xa en plena Coresma, despois do *Mércores de Cinza*, incluso co atrevemento dunha “*repesca*” festiva, o *Domingo de Piñata*, máis propicia ao mundo urbano e de bailes de salón...

Tempo de xogos iniciáticos, especialmente pros máis novos, pra mocidade, de disfraces, de músicas vellas e anovadas, de improvisacións tamén. Todas cosidas con anacrónicos e retranqueiros sermóns, coplas, ladaíñas, desafíos populares, regueifas, *apropósitos* ... cargados de sátira, especialmente arredor das administracións e dos gobernos, do caciquismo. Parateatral versión é a dos *Apropósitos*, de salón, operetas, propia dunha Coruña, á que - na metade do século XX, en anos de represión da ditadura - deron sona os populares persoeiros de *Nito, Pibela, Canzobre*.. creadores de retrousos irónicos que duraban todo o ano e superaron décadas nos beizos dos coruñeses. Obras, en moitos casos argalladas literariamente por intelectuais, académicos e que prenderon na base do pobo. Finais do século XX, Antón de Santiago, neto de Nito, documentou e recuperou temporalmente e con representacións esta tradición.

Xeitos de provocar, de espantar medos, de sacar a relucir, de redimir e esconxurar os vicios prendidos na colectividade, na aldea ou na urbe, entre batallas de feluche (mestura de auga e o remol das cinzas da lareira), farelo ou fariña ou mesmo no pasado o esterco...fecundidade, anovación, un xeito de bautismo pagán.

A forza bruta da natureza, do instinto, a máscara que invade o mundo civilizado

Ciclo festivo cargado con moito de simbólico, permanente nas máscaras e nos *mascarados*, nos seus disfraces ou nos ritos, oculto na súa rutina. Substratos etnoarqueolóxicos, costumes que veñen da Prehistoria, con seguridade olas celebracións castrexas, que pasan pola Antigüidade romana, seguen pola cristianización, o feudalismo e mesmo polas influencias das viaxes, a emigración, ese levar e traer xeitos. É entón cando a forza bruta do instinto montesío, selvático, que a xeito de máscara, de besta brava, de oso, de touro ou vaca “*Morená*”, en algunha ocasión de cervo... invade todo canto está “civilizado”, urbanizado e poida que corrompido polos vicios que inzan na sociedade. Entroido, nas orixes e polo seu senso de ser, fundamentalmente machista, asunto asumido hoxe e xa compartido, a muller incorpórase á máscara tradicional, seu papel tiña maior protagonismo o *Xoves de Comadres* en igualdade co *Xoves de Comadres*. Motivo festivo no que co que é do dereito faise ao revés, transgresivo e as divindades de cartón e palla, ídolos, herdeiros de Baco, Dioniso ou Saturno clásicos, fanse aínda máis populares para pasar a presidir, a anunciar, como efémeras esculturas, penduradas dun pau, os lugares de encontro, as eiras ou encrucilladas das aldeas, as prazas das vilas. Ídolos coa súa particular historia local, aos que se dará o nome de “*Meco*”, “*Urco*”, “*Momo*”, “*Polícarpio*” ou o de un cacique rancio e de sona ... En Pontevedra será o “*Loro Ravachol*”, figura supervivinte dunha historia local certa, que homenaxea ó gracioso loriño do boticario e animador cultural don Perfecto Feijoo. Agora fantoches, un xeito de xigantescos espantallos, creacións que observamos, nos derradeiros anos, vaise coidando a súa feitura mediante estruturas de madeira, vime, fachóns de palla e cor, monstros con falo...seguinto un estilo “celta”; véxanse o portugués trasmontano da queima do *Entrudo chocalleiro* de Podence, entre o danzar dos *caretos* cargados de tintinexantes chocallas. Ídolos que serán chamuscados ou arroxados ao mar ao fin do Entroido e despois da liturxia choqueira dunha solemne condución, da lectura do testamento, seguido de ladaíñas,

entre esperpénticas viúvas, retrousos, burlas, choqueiradas folións...

Coa queima do ídolo do Entroido déixase o barullo, a carne, para dar paso ao silencio, ao tempo de xaxún, de vixilias, das follas de bacallau, con exencións tamén eclesiásticas mediante a compra de bulas... Tempo de cavilares que é esoutra corentena, a da Coresma.



Entrudo Chocalleiro de Podence, Tras os Montes 2019

A gran variedade, competitividade e influencias exóticas de ancestrais máscaras

Insistimos en que o gran aporte, a singularidade do Entroido galego está na súa pluralidade, a que se estende por todo o territorio, sendo nesta variedade onde radica a fonda carga histórica, etnográfica e cultural que porta cada unha das máscaras, os seus ritos, berros, voces tradicionais potenciados pola máscara. Ven a ser esta manifestación a exteriorización de diferentes expresións pagáns e lúdicas, as que rivalizan en distinción e identidade entre parroquias e bisbarras. Variedade de máscaras e disfraces con orixes ancestrais e con nomes alusivos a algo do que representan, portan ou co que fan estrondo. Etimoloxías, que ás veces ofrecen enigmas e mesmo poden ter varias acepcións, é o caso dos cigarróns, ue se interpretan como os animais *cimarróns* ou mesmo co gupo galaico-romano dos “*cigarróns*”, namentres que outros nomes, fan alusión a complementos que caracteriza o disfrazo: *pelica, vergalla, felechos ou volantes, pantalla, choca...*

Máscaras que, a través dos anos, perviviron, resistindo a imposicións relixiosas, políticas, outras que collendo a tradición oral, vellas caretas e disfraces, aproveitando a liberdade, volveron a revivir : *Boteiros* en Viana do Bolo, *Vellaróns* de Ríos ou Vergalleiros de Sarreaus, *Peliqueiros* en Laza, O *Folión* de danzantes en Maceda, en Vilaríño de Conso... *Cigarróns* en Verín, *Pantallas* en Xinzo, *Farricoques* de Luintra, Lavardeiros de Mugares, as *Pitas* de Eiroas, *Charrúas* de Allariz, a particular máscara do *Irrío* de Castro Caledelas, *Zarramancalleiros* de Cualedro, *Felos* no Carballiño, *Troiteiros* de Bande, *Rodos e Corozas* de Boborás, *Xenerais e Correos* no Ulla, *Bonitas* de Sande, *Volantes* en Chantada, *Galáns e Madamas* no Morrazo, os *Gamainchiños* en Betanzos, *Carolos e vexigueiros* de Samede... *zamarróns, madamitos e madamitas*, e toda

esa caterva de *mascaritas da borralla, borralleiros ,carolos, choqueiros* (que levan ao cinto as tintinexantes chocas, axóuxeres ou esquilas e que portan case todas as máscaras tradicionais). Disfraces coa gracia de aproveitar, de reciclar con xenialidade calquera cousa someténdoa a un estilo de cintas de cor, espelliños, especialmente os tocados, en moitas ocasións cubertos de monecos, como símbolo de fecundidade... Pasando a aplicar ao disfrazo os tan comercializados complementos decorativos do Nadal. Cabe maxinar, na mañá cedo polas congostas e leiras da aldea, o rítmico son das chocas...procesións que avivan a festa e poñen banda sonoro ao Entroido.



Detalle de camisa de Boteiro de Viana do Bolo, 1975



Detalle Xeral do Ulla

Mascaradas tradicionais moitas delas con carauta feita artesanalmente: serrando e baleirando o toco de carballo ou castaño...logo pintarroxeadas, coroadas ou tocadas por algures cun chapou, cornamenta ou símbolo de animal fero, segundo a zona. Onde tampouco faltaban os complementos multicolores de flores naturais, logo suplementadas por papel e outras confeccións de bazar.

Máscaras con orixes diversos no tempo e no lugar, algo aínda no que afondar por canto de exotismo reporta o Entroido. Disfraces e comportamentos entre os que atopamos unha mestura de pervivencias: as prehistóricas no definatorio e selvático, nas cornamentas, en gorros definatorios, nos que petamos con influencias das conquistas e das viaxes, mesmo precolombinas, napoleónicas. Ao respecto insistimos nas influentes tradicións levadas e traídas alí onde concorreu e dende os seus inicios a misión, a conquista e a emigración galega. Por exemplo nas máscaras do que un día denominamos o “*Triángulo máxico do Entroido Ourensán*”, inicialmente repartido en tres vértices de fonda significación histórico-cultural: *Pantallas* da Limial *Cirarróns-Peliqueiros*

de Monterrei / *Boteiros* de Viana do Bolo, máscaras, traxes que denotan profundas relacións co imaxinario e rituais precolombinos, especialmente Incas e Maias, que poñeríamos en relación coa *Danza da Pluma* mexicana... na careta das *Pantallas* da Limia, atopamos similitudes ás dunha llama ou alpaca andaina... As representacións militares do Chichicastenango guatemalteco burlándose dos xerifaltes son modas a sumar a esas representacións de *felos* e *xerais*, entre os que non faltan alusións aos exércitos napoleónicos.... Non estrañen semellantes similitudes que mesmo se estenden a artesanais, a arte popular desta parte sur da provincia de Ourense, como as alfombras de plumas coloreadas de anilina, as decoracións en ourivería que caracterizan



Galáns e Madamas

o denominado “*arte charro*” (tan mexicano / como do sur de Ourense, Zamora, Salamanca). Resultados que teñen causa no papel que na conquista tivo a Casa de Monterrei en Centroamérica, a misión do franciscano Sebastián Aparicio que cristianizou Puebla, en México... continxentes que levaron e trouxeron exotismo, temas que aportar ao tempo de Entroido. Incorporáanse a esta festa danzantes de herdos medievais, os que en ocasións tamén acompañaban procesións e participaban en rituais relixiosos, como os do Corpus... velaí os *galáns e madamas* do Morrazo, os eincorporados gamainchiños de Betanzos... A cuestión repítese coas influencias da emigración ao Estado, especialmente a Euzkadi, a europea, onde os mesmos emigrantes descubren coincidencias que poñen en valor as súas orixes e logo recuperan, velaí o caso do Oso de Salcedo nas Terras da Proba do Brollón, representado en zonas alpinas de centroeuropa.

As chocas, esquilas.... exóticos panos de Cachimira, de Manila, tradicionais complementos

Entroido complementado con abundancia de cintas, felechos de todas as cores, ceibes, ao vento, ou debuxando as camisas, pregadas en acordeón, verdadeiras obras de artesanía, como as dos *Boteiros de Viana do Bolo*... Máscaras tradicionais en moitas ocasións cubertos os ombreiros cun exótico e oriental mantón de Manila ou de Cachimira, agora substituídos por panos floreados. Máscaras que portarán nas mans un xeito de símbolo do seu poder, se non o seu báculo, caxato no que apoiarse, brincar e dar viravoltas, cos que apartar á xente e marcar a súa presenza... mesmo un látego ou fusta, ou incluso unha corna que avisa...as *Pantallas* e os *vexigueiros*, axitarán as vexigas secas e inchadas, batendo as unhas contra as outras pra provocar estrondo, ritmo xunto coas chocas ou coas esquilas, cada cal cun xeito diferente de bruar ou ouvear, simulando un animal feroz. Cada cal tamén co seu característico ritmo, brinco, paso, choutar... Máscaras que a modo de exhibición participarán nos desfiles, acompañadas

de comparsas, de foliós: parroquias enteiras tocando o bombo e instrumentos metálicos, cada *tribo* co seu ritmo diferente. Insistimos na riqueza de ritmos que ofrecen os foliós, especialmente arredor do entroido de Viana do Bolo ou de Vilariño de Conso. Cadencias de golpes que son fonte de inspiración musical, xa que na percusión - entre pandeiros, bombos, combinados con sons de variados instrumentos metálicos, dende grandes rodas de ferro das serras, ata gadañas ou fouciñas, coas que se bate con chaves ou martelos - está a base, a salsa do ritmo, a que logo será complementada co outros instrumentos.

Grupos de foliós, comitivas conformados por homes e mulleres, vellos, mozos, nenos, a parroquia enteira que unifican a súa vestimenta, incorporando elementos tradicionais, como a eles a boina e o chaleco, e elas o pano á cabeza...nas máis das veces predominan indumentarias mercadas no bazar chinés...mesmo elementos traídos das tradicións da emigración, por exemplo a boina vasca... Desfiles de entroido nos que se entenden como un desfile do tradicional e da creatividade, non faltando carrozas que sacan a relucir aspectos das artesanías ou da gastronomía local: zoqueiros, cesteiros...a matanza do porco, a adega do viño...



Comparsa de Pixeiros, Viana do Bolo 1977]

Entroido con tanta significación identitaria , que mesmo de xeito instintivo se politiza, dándolle os cores das bandeiras nacionais a algúns dos traxes. Velaí os *Volantes* ribeiras do Miño repártense entre os que van de azuis e branco con outros que van de roxo-marelo gualda. Mesmo presidindo os foliós non faltan estandartes coa mesma alusión.

E sempre, partindo dos alicerces da tradición pode inventarse algo novo, como a forza que collen as “*Sábanas*” de Viveiro ou comparsas que, renovadas, perduran no tempo, os “*Liborianos*” do Carballiño, as “*Monarcas*” do Irixo, os “*Maracos*” de Oleiros... Anovacións que perduran até incrustarse nunha tradición que transita, que transmite que innova sobre as orixes e resiste fronte á máscara de catálogo.

A gran riqueza das tradicións, de cor, cánticos, músicas e danzas sae a rúa coa primavera. Nos faiados ábrese as arcas das vellas lembranzas e aparecen indumentarias do pasado, todo vale: uniformes militares, traxes de voda, sotanas e manteos do crego... medallas, caxatos, sables,



Folión Viana do Bolo]



Máscara da Borralla]

sombreiros... asoman complementos de gran interese cultural, a inspiración ponse a proba. O tema de cultura-ocultura estaba na cerna espiritual de Vicente Risco e serviulle `pra espallar ese xogo que enlaza tradición con creación pra espallalo entre os mozos creadores, os que, pouco anos antes de que o chamara a parca no 1963, acudían ao seu parladoiro da taberna ourensán de "o Volter". E velaí boa parte da obra de Xaime Quessada, de Virxilio, do escultor Acisclo Manzano... recreando sobre ese universo de tradicións e fantasías con música de fondo. Si ben *Laxeiro* xa portaba no seu adn ese Entroido no que envolve a súa obra, igual que o seu paisano Alfonso Sucasas... os que, como ben sabían, xa o fixera un Goya cos pes na Terra e no futuro.

Sobre a mesa preside a carne de porco, o coído, a cachucha, o chourizo, a androlla...as filloas, as orellas de frade. E non faltará un brindado pra que siga a creatividade, fartura e a vida.

Botreiro de Vilaríño
(Vilaríño de Conso – Ourense)
Reprodución de Xosé Manuel Seixas.



O mundo do revés: Teatro de entroido en Galicia

Julio I González Montañés

Os nosos eminentes devanceiros permitiron esta festa. Por que se nos ha de prohibir agora? Non facemos o festexo en serio, senón por pura broma, para divertirnos segundo a tradición. Por iso, unha vez ao ano rendémonos á tolemia, que é a nosa segunda natureza, e parece ser innata en nós. Os bocois de viño estouparían se non lles sacásemos os tapóns de cando en vez para airealos. Daquela, entregámonos ás bufonadas durante uns días para logo dedicarmos ao servizo de Deus con maior fervor. Claustro da Facultade de Teoloxía da Universidade de París sobre a *Festa do burro* (1444).

1. Teatro e teatralidade no Entroido

O Entroido tradicional non hai que entendela como unha alternativa ás prácticas relixiosas eclesiásticas, xa que participa dos seus mesmos límites sagrados e concíbese como unha inversión dos valores da liturxia oficial, o mesmo que outras moitas festas medievais de inversión das xerarquías. No Entroido, como nas mascaradas de inverno de carácter parateatral (o *Bispiño*, as *Festas de Tolos* ou as *Festas do Asno*), os elementos folclóricos e os clericais atopámonos integrados nas festas litúrxicas do ano e non son, en absoluto, contraditorios. Do mesmo xeito que o Carnaval, as liturxias de borrachos, de xogadores ou do diñeiro, que parodian o ritual dos oficios divinos, son en realidade coherentes ritos de inversión que poñen o mundo do revés pero serven para reforzar a dualidade do pensamento medieval e como válvula de escape das tensións sociais.

A festa do Entroido atopa o seu verdadeiro sentido na división litúrxica do ano cristián, e non pode ser entendida sen a Coresma. A

mesma etimoloxía da palabra Carnaval, derivada da expresión latina *Carne vale*, é dicir, os últimos días nos que estaba permitido comer carne antes da Coresma, indícanos a relación da festa co ano cristián, e o mesmo sucede coa denominación *Antroido*, *Entroido* ou *Entrudío* (en galego) e *Antruejo* (en castelán), derivadas da voz latina *Introito* que alude á introdución ao tempo da Coresma. Os intentos nalgúns épocas de prohibición do Entroido, por parte dun sector integrista do clero, non deben levarnos a esquecer que esas festas de inversión se desenvolveron na maior parte dos casos en ambientes eclesiásticos e toleradas pola Igrexa, a cal foi en xeral consciente de que a desorde ritualizada non corrompe a orde social e relixiosa senón que, pola contra, contribúe a consolidala, como argumenta con bo siso en 1444 o Claustro da Facultade de Teoloxía da Universidade de París na cita que encabeza estas páxinas.

Dende a Idade Media ata a actualidade, o Entroido foi a un tempo espectáculo, sociodrama e teatro: espectáculo, polos elementos escenográficos que nel se empregan (máscaras, disfraces, carros...); sociodrama, pola participación unánime e colectiva do pobo, o cal non deixa practicamente lugar para a mirada, só para o acto; e teatro porque hai nel tanto dramatización (escena simbólica) como actuación (escena real), e unha representación contextualizada e ritualizada que canaliza os impulsos reprimidos do individuo e do grupo.

A noción moderna do teatro implica un acto público no que se fusionan dúas formas de expresión diferentes: a literaria e a espectacular, pero en moitas épocas e contextos favorécese a representación, o espectáculo, en detrimento do texto dramático. En relación coa Idade Media, e aínda para boa parte da Moderna, hoxe prefírese falar, como Roland Barthes, de teatralidade, concepto que, non cabe dúbida, tende a converterse en caixón de xastre no que colle todo, pero que resulta moi axeitado neste caso, porque todo no Entroido é teatro: as máscaras, as parodias, os disfraces e os diálogos son elementos dunha teatralidade ambiental, asociada ao rito e á festa.

En sentido clásico o Teatro, con maiúscula, require a presenza de cinco ingredientes: diálogo dramático, personificación, execución nun espazo concreto, notacións e acción con intriga. Estes trazos, por separado, poden existir noutros xéneros (o diálogo en textos narrativos, as notacións como indicación ao lector en textos líricos, etc.), polo que é necesario que aparezan xuntos para que poida falarse, en propiedade, de teatro. Tanto en Galicia coma noutras rexións da Península e do resto de Europa moitos aspectos da festa do Entroido oscilan entre a teatralidade do que hoxe chamamos *teatro de rúa* e a representación teatral clásica nun escenario, e, por outra parte, en Galicia se desenvolveron unhas formas de teatro de entroido intimamente emparentadas coas do resto de Europa, feito este que convén ter en conta á hora de analizar a conexión entre o entroido e o teatro.

Na Idade Media e no Renacemento é evidente, en moitos países, a existencia dunha ligazón entre entroido e teatro. En Francia, *farces* e *sotties* representábanse no entroido nos séculos XV e XVI, e obras como *o Jeu de la Feuillée* de Adam de la Halle (1276) hai que interpretarlas tamén dentro da tradición carnavalesca¹. En Alemaña, o xénero do teatro de entroido (*Fastnachtspielen*) está abundantemente representado² e tamén en Italia os textos proliferan dende a segunda metade do XVI, sendo moi populares os *Testamenti di Don Carnale*.

Na Península, pola contra, a pesar das extraordinarias posibilidades dramáticas das Carnestolendas, os textos teatrais conservados son escasos. O tema do *Combate entre Don Carnal e Dona Coresma*, moi en voga na literatura europea dende o século XIII, non foi descoñecido e calquera lector familiarizado coa literatura castelá medieval lembra o impresionante combate do *Libro de buen amor* (ca. 1343), en que o Arcipreste de Hita despreza o mellor das súas

1 Cf. KOOPMANS (2004).

2 Cf. RUDWIN (1920).

facultades para as escenas de debate e para a descrición. No teatro, con todo, só contamos cun pálido recordo destes combates nuns versos da Égloga de *Antruejo* de Juan de la Encina (vv. 90 ss.) en que o dramaturgo, inspirándose quizais en Juan Ruiz, pero tamén nos festexos populares, limitábase a resumir os trazos máis frecuentes destas batallas, non tan alegóricas como puidese parecer xa que se escenificaban, en moitas ocasións, con lanzamento de produtos³.

En Galicia, nada se conservou deste teatro carnavalesco antigo, e é estraño, xa que está intimamente emparentado co xénero satírico medieval, coas cantigas de escarnio ou *serventés*, tanto na súa función subversiva, no sentido máis estrito da palabra, como na súa intención lúdica e na súa comicidade que busca a gargallada do oínte-espectador e comprácese na sátira social e no realismo obsceno⁴. Só na supervivencia actual de representacións carnavalescas de carácter popular, e nas noticias dos séculos XVII-XIX, podemos atopar algún indicio da posible existencia dun teatro de entroido galego na Idade Media⁵.

Aínda que nin os *Entremeses* do Ulla, nin as farsas carnavalescas de Casa de Naia (Antas de Ulla), Cotobade e Xestoso (Monfero), nin as corridas e testamentos do galo (Baleira, Castroverde, A Ulla...) poden remontarse documentalmente máis atrás de finais do século XVIII, para Vicente Risco: “*Trátase dun verdadeiro teatro popular de orixe medieval, que se asemella moito ás pezas primitivas de teatro literario que se conservan*”.

A afirmación paréceme excesiva, pero a existencia desas representacións proba un aprecio tradicional polas actividades dramáticas asociadas co entroido entre as clases populares galegas, tanto na sociedade campesiña (*testamentos do galo e do burro, xogo das vacas, farsas do parto...*) como na urbana (*apropósitos* dende 1863 na Coruña, Betanzos, Ferrol, Lugo, Santiago, Pontevedra e outras vilas). Temos, ademais, indicios da existencia de representacións no entroido galego dende o século XVI. Sabemos que nese século xa saían os *cigarróns* en Verín e Monterrei (ca. 1570), e máscaras de salvaxes, demos, *fenos*, *felos*, *céntulos*... témolas documentadas tamén nesa centuria. En 1550 hai noticias da representación dunha *Farsa do Emperador* en Baiona, posiblemente no entroido, e sabemos que o irmán xesuíta Antonio Rodríguez (1564-1614), natural de Vilaza (Monterrei), foi autor de obras teatrais que non se conservan representadas no colexio de Monterrei, entre elas entremeses para o Entroido:

“*Tenia gracia particular en hacer coloquios y representaciones santas y andanzas muy graciosas en nuestras fiestas; y componía unos entremeses muy graciosos y honestos con que alegraba a las innumerables gentes que acudían a nuestras fiestas en Carnestolendas*”⁶.

O bispo de Ourense Diego Vela Becerril respondeu en 1630 cunha negativa á petición de

3 Cf. VIAN HERRERO (1981).

4 É posible que algunhas cantigas galego-portuguesas do século XIII, hoxe desordenadas nos cancioneros, fosen en orixe arremos de escarnio alternante. Francisco Nodar propuxo a reconstrución dalgunhas pezas, como as que titula *Joán Fernández e Abadesa*, ambas sátiras anticlericais e obscenas moi próximas a algunhas representacións carnavalescas posteriores (cf. NODAR MANSO (1990), pp. 113-117). O compoñente obsceno é moi evidente nas *cantigas de maldizer*, nas que probablemente conflúen o *serventés* provenzal e unha tradición satírica autóctona de transmisión oral relacionada co Entroido, que naquela época, como agora, ridiculizaba costumes e persoas por medio do verso satírico, do disfrace e da pantomima.

5 A festa do Entroido en Galicia está documentada dende o século X (Tombo de Celanova, 993 “*feria secunda post introitum*”), pero non a existencia nela de representacións. Na forma latina *introitum* atopámola mencionada como data de pago no século XII (Tombo de Toxos Outos, 1185 “*ad Introitum*”), e en galego (*entroydo*) aparece en documentos dende o século XIII. Cf. AMADO ROLÁN (2013).

6 *Vida de algunos Varones ilustres de la Provincia de Castilla*, III, ARSI (Roma) y AHSJPT (Alcalá de Henares), leg. 1702, fol. 415. Obra do Padre Luis de Valdivia, as súas noticias sobre Antonio Rodríguez de Vilaza proceden da *Historia del Colegio de Monte Rey* do Padre Diego García Rengifo. ARSI (Roma), Castellana 35, I-II, fols. 307-28, copia no AHPOu, MS. 478.

facen unha comedia na catedral auriense polo Entroido, o que parece indicar que ata esa data non eran estrañas as representacións teatrais nese contexto⁷. Consta, tamén, que o domingo de entroido de 1718 se representou no mosteiro de Oseira unha obra con monicreques e música a cargo do frade carmelita italiano Giacomo Antonio Naia, pero os textos máis antigos que conservamos son da segunda metade do século XVIII: o *Entremés de Bora* (posterior a 1752) e o *Testamento do Galo* da Esfarrapa (1786).

A maioría das pezas que coñecemos son recentes, da segunda metade do século XIX ou xa do XX, en xeral moi breves e escritas en castelán e/ou galego, reflectindo a maioría unha situación claramente diglósica no uso do idioma. A súa intención é declaradamente cómica e as súas características formais coinciden coas habituais do xénero carnavalesco no resto da Península e de Europa:

- Parodia por inversión (*mundus inversus*)
- Carácter satírico (sátira social, grupal e persoal)
- Comicidade
- Realismo groseiro e obsceno na linguaxe
- Frecuentes alusións á comida, ao sexo e á escatoloxía (*literatura do ventre*)
- Brevidade
- Uso do verso e da música.

2. Representacións teatrais no Entroido galego

En realidade, todo o Entroido é teatral, pero nesa teatralidade ambiental hai Teatro, con maiúscula, o cal se converte, xa que logo, nun metateatro, é dicir, nun teatro dentro do teatro. En Galicia temos, como xa mencionei, probas da existencia de teatro no Entroido, tanto con diálogos e escenario como pantomimas practicamente sen texto nas que a mímica é fundamental. Os textos e as noticias que temos desas representacións permiten clasificalas nas seguintes categorías:

- Pantomimas
 - Mulas, vacas e outras bestas
 - A caza do oso
 - Salvaxes e farrapóns
 - Outras pantomimas
- *Disputas* ou *fuliadas*
- *Momadas, entremeses, farsas e comedias*
- Parodias de oficios
- Testamentos, xuízos e execucións de animais
 - Xuízos, testamentos e corridas do galo
 - Testamentos do burro
 - Testamentos e matanzas do porco
 - Outros testamentos (do gato, da pulga...)
- Xuízos, testamentos, sermóns e queimas de *Mecos, Entroidos, Lardeiros, Mazarucos,*

7 Cf. DURO PEÑA (1996), p. 160.

Momos, etc.

- Batallas grupais
 - Fareladas
 - Chichotes
 - Representacións de Mouros e Cristiáns
- *Apropósitos* no carnaval urbano.

2.1 Pantomimas

Nos ritos do Entroido, os disfraces, os actos improvisados e o emprego de máscaras confírenlle a calquera acto unha natureza parateatral, e o carácter cómico e lúdico da festa ten como consecuencia unha tendencia á parodia e á burla, que leva inevitablemente á comedia. É posible que algunhas pantomimas protagonizadas por máscaras de animais poidan ser supervivencias de ritos prehistóricos, pero na actualidade hai case sempre nelas un compoñente cómico. Así sucede coas *Mulas* de Viana do Bolo e Castro Caldelas, as *Morenas* (vacas) de Laza e A Mezquita, a *Fera* de Moaña e as máscaras de oso e outros animais que existiron nas zonas de Chantada, Manzaneda e Pedrafita, e aínda sobreviven nalgúns lugares.

2.1.1 Mulas, vacas e outras bestas

Son frecuentes no Entroido galego as máscaras de animais (mula, vaca, cabalo, cervo...), con cabezas de madeira ou coiro, e, se é o caso, con pelo e cornos reais. Pode levalas un home, sendo o corpo da besta unha armazón de madeira ou vimbio, ou dous homes, facendo nese caso un deles o lombo do animal, cuberto nos dous casos cunha tea, pel, colcha ou manta. Son máis de vinte os casos coñecidos, seguen saíndo en media ducia de lugares (Manzaneda, Laza, Sande...), e sabemos que nalgún caso a máscara tiña un mecanismo que lle permitía abrir e pechar a boca (cabalo de Peitieiros, Gondomar).

En Castro Caldelas, a *Mula falsa* estaba formada por dous homes e levábaa un *maragato* enmascarado que invitaba as mulleres a subir nela a cambio dunha pequena cantidade de diñeiro para mercarlles viño aos portadores, os cales botaban a moza ao chan se non pagaba. Similar é a *Mula* de Viana do Bolo, que daba couces a todo o que se lle achegaba, pero permitía montar nela aos que pagaban viño ou daban propina. Neste caso, ao chegar a noite facíase unha pantomima na que a mula simulaba estar enferma, e era curada por un médico a base de sopas de pan, azucre e viño. As mulas son figuras moi estendidas no carnaval peninsular, ao cal chegaron quizais procedentes do Corpus, festa na que aínda saen en Cataluña (*Mulasas* de Reus, Barcelona, St. Feliu de Pallarols...).

No caso das vacas, moi abondosas no Entroido galego (*Marela* de Maceda, *Morena* de Laza e da Mezquita, *Rubia* de Vilardevós...), as súas actuacións límitanse a perseguir o público para cornealo, e cómpre lembrar que a vaca *Vitula* ou *Vetula* era unha das máscaras tradicionais das *Lupercalia* romanas, e que nos séculos VI e VII os concilios de Auxerre e San Eloi condenan a quen se disfrace de vaca no primeiro de ano⁸. En Manzaneda, o *Boi* ou *Touro* sae acompañado dun toureiro e faise unha pantomima de tauromaquia na que o animal cae morto. Similar é o caso de Celavente (O Bolo), aínda que nese caso o acompañante, denominado *o xigante*, leva

8 O Concilio de Auxerre, ao final do século VI, di: *Non licet kalendis Ianuarii vetulo aut cervulo facere vel strenas diabolicas observare, sed in ipsa die sic omnia beneficia tribuantur, sicut et reliquis diebus* ["Non é lícito disfrazarse de becerro ou de cervo nin observar agoiros diabólicos no primeiro de ano"]; e nas *Exhortationes*, San Eloi pide, no século VII, *que ninguén se disfrace nas kalendas de xaneiro nin de becerro nin de cervo*.

un estoque de madeira pero guía o touro e non o mata.

2.1.2 A caza do oso

As máscaras de oso e os homes-osos son un elemento recorrente e de gran potencia no folclore europeo. Por toda Europa temos noticias de danzas dramatizadas nas que o gran mamífero estaba representado por un home disfrazado con peles e máscara de oso, e que era cazado e encadeado polos humanos. Aínda se conserva unha destas danzas en Vallespir (Prats-de-Molló, Rosellón), e ata hai poucos anos sobreviviron varias máis no contexto do Entroido (Arles-sur-Tech, zona pirenaica francesa).

En Galicia temos noticias dunha *Danza do Oso* en Betanzos (A Coruña) que existiu ata 1914, e aínda seguen saíndo máscaras de oso en Salcedo (Pobra do Brollón, Lugo), Sande (Cartelle, Ourense) e San Pedro de Moreiras (Toén, Ourense). En todos os casos os disfraces confecciónanse con peles de ovella, o mesmo que o do *Bicho* do Entroido de Viana do Bolo, que só se distingue dos anteriores na máscara. No caso de Salcedo, o oso percorre as rúas levando un cinto con chocas e acompañado por nove ou dez *criados* vestidos de saco e enmascarados, asaltando os transeúntes para emporcalos coas súas gadoupas cheas de *sarrio*. Antigamente parece que os *criados* actuaban como domadores, obrigando o oso a paus a cumprir o seu cometido. Tamén segue saíndo un *Oso* no Entroido de Sande (Cartelle), que se enfronta coas *Bonitas* e con outras máscaras nunha loita a vergalladas, pantomima muda da caza do animal, e xa mencionei que ata 1914 se fixo en Betanzos outra pantomima na que un cingaro se esforzaba en domar e facer bailar ante o público a unha máscara de oso.

Para moitos folcloristas estas danzas do oso, representadas no mes de febreiro, serían supervivencias dun antigo mito, un rito de deshibernación de orixe prehistórica. É posible, pero só se conserva documentación sobre elas dende a época medieval. Xa no século IX o arcebispo Hincmar de Reims condena certos “vergoñosos xogos con osos” (*turpia joca cum urso*) e as xogaresas que os facían, así como as “máscaras demoníacas” que neles se empregaban (*vel tornatricibus ante se facere permittat nec larvas daemonum qua vulgo talamascas dicunt*), o que proba que non se trataba simplemente de osos bailaríns senón de espectáculos máis desenvoltos, que moitos autores non dubidaron en considerar verdadeiros dramas clasificables dentro do teatro carnavalesco. O tema da caza do oso é tamén habitual nos romances de cabalerías (*Valentín et Ourson*) que en ocasións deron lugar a representacións populares, como a catalá de *Rosaura de l’Os*, que se escenificaba anualmente o día 24 de febreiro, cando menos dende 1444, e pasaron ao teatro culto posterior (*Ursón y Valentín* de Lope de Vega).

2.1.3 Salvaxes e farrapóns

O oso relaciónase co *salvaxe*, e é un motivo moi estendido no folclore europeo o mito da muller raptada por un salvaxe ou por un oso con quen concibe un fillo. Dende a Idade Media, os cortexos de Entroido contaban frecuentemente cun grupo de homes ou mulleres salvaxes, e moitos sobreviven na actualidade. Aínda hoxe no Entroido de Basilea (Suíza), vivido case como unha festa litúrxica, saen cortexos de homes salvaxes enmascarados, e é probable que as *corrozadas* de Zamora e moitas máscaras galegas teñan a mesma orixe, do mesmo xeito que outras mascaradas de inverno como a *viejanera* cántabra, que tiña lugar durante o día de fin de ano con homes disfrazados con peles de animais e chocas correndo aloucadamente e pelexándose.

Os datos dos séculos XVI-XVIII indican que estas mascaradas deben de ser un costume antigo e arraigado, aínda que para algúns folcloristas, como Hermann Bausinger, na súa forma

actual teñen unha orixe cortesá e son o resultado da contaminación dos salvaxes literarios e dos momos palacianos cos orcos e maios da mitoloxía popular⁹. A cronoloxía dos testemuños conservados así parece indicalo, pero isto pode deberse á escaseza de rexistros sobre as festas populares non cristiás, que normalmente coñecemos soamente por disposicións condenatorias. No caso peninsular, destaca a noticia do *Codex Vigilanus* ou Albeldense (séculos VIII-X), no que aparece unha referencia a mulleres que se disfrazaban e imitaban estes seres míticos: “*qui in saltatione femineum habitum gestiunt et monstruose se fingunt et majas et arcum et palam et similia exercent*”, pecado para o que se prescribe un ano de penitencia.

Máscaras de salvaxes e outras de seres peludos ou cubertos de follas e ramas están documentadas nas Entradas Reais, nos torneos, nas procesións e noutras festas cortesás, ademais de, por suposto, na arte, medio en que frecuentemente as representacións mostran claros indicios de estar inspiradas nos salvaxes e *cachimorros* reais que saían ás rúas de aldeas e cidades, xa que perderon as súas características “naturais” e parecen claramente homes disfrazados con tipos caricaturescos e vestidos de la ou pel que deixan ao descuberto mans e pés nunha difícil transición (véxanse, por exemplo, os salvaxes do cadeirado do coro de Xunqueira de Ambía), ou colgan dos seus cintos os chocallos, que os relacionan inequivocamente coas máscaras (Capela dos Vélez na catedral de Murcia).

Ademais da súa presenza en entroidos e *mojigangas*, estes salvaxes disfrazados foron moi frecuentes nas procesións do Corpus, contexto en que os temos documentados en Galicia no século XVI. En Santiago de Compostela, en 1565, o concello dispuxo unha ordenación das danzas gremiais do Corpus e adxudicóuselles aos armeiros a representación dunha *danza de salvajes*, danza que debía de ser habitual xa que en 1570 se repetiu con motivo da entrada do arcebispo Cristóbal Fernández de Valtodano. Tamén a confraría de acibecheiros, que representaba a *Batalla de Clavijo*, levaba no seu cortexo os *cabalynos y salvajes*, e noutras cidades galegas deberon de existir cortexos de salvaxes semellantes, xa que na ordenación compostelá se di: “*...los armeros y barberos con su danza de una docena de salvajes y un par de pelias al uso de la procesión de Pontevedra*”.

2.1.4 Outras pantomimas

Boa parte das máscaras galegas do entroido teñen prohibido falar, polo cal as súas actuacións se convirten necesariamente en pantomimas, aínda que nalgún caso funcionan como actores con diálogo nas representacións. Os boteiros de Vilariño de Conso e de Viana do Bolo, por exemplo, fan piruetas apoiándose na súa *monca* (bastón longo) para impresionar as *señoritas* que participan nas representacións das disputas ou foliadas, pero tamén dialogan con elas tentando namoralas (cf. *infra* cap. 2.2.1).

No Courel facíase a pantomima do *Cego e o criado*, o cal metía ao seu amo en canta cuneta, focha ou charco atopaba; en Nerga (Cangas) a finais dos anos 50 facíase un combate mimado en que interviña o lendario heroe carolinxiño Roldán¹⁰; e pantomima é tamén a do *Rei de Coveló* (Melón), que sae a cabalo o martes de Entroido acompañado dos seus mordomos e diríxese monte arriba cara ao Coto da Raña precedido por un carro de vacas en que viaxan dous mecos (o Entroido e a Entroida) vestidos de noivos e seguidos por un paxe que leva unha rosca doce para a poxa. Os espectadores e os soldados que forman parte do cortexo tentan quitarlle ao Rei a coroa durante o camiño ao Coto, e no descenso son os danzantes que no alto bailaron en

⁹ BAUSINGER (1990), pp. 140-43.

¹⁰ ÁLVAREZ BLÁZQUEZ (1964/2008), p. 28.

torno ao Rei os que tentan facer o mesmo, sendo obriga dos membros da comitiva real (o bobo, o xuíz, o fiscal e os gardas) impedilo e evitar o destronamento do Entroido¹¹.

2.2.1 *Disputas ou fuliadas*

Na zona de Viana do Bolo formábanse durante o *entrudio* comparsas de farsantes, cun director e que saían de xira polas aldeas facendo representacións, que duraban unhas dúas horas, chamadas disputas (ou *fuliadas* na zona oeste do concello). Tiñan un guión previo con diferentes papeis en verso (*cobres*), e versos cómicos improvisados (*brindes*) que se recitaban antes e despois da disputa; os primeiros con piropos ás mozas e pullas aos homes, e os segundos orientados a pedir unha propina e dirixidos a curas e veciños notables. Consérvanse algúns cobres en cuartetos octosilábicos con rima nos versos pares, e tamén algúns en versos de arte maior dodecasílabos¹². Na actualidade recuperáronse nalgúns parroquias (Caldesiños, Quintela de Pando, etc.) e prepara a edición dos textos o *Grupo de Traballo do Entrudio* de Viana.

Os temas tratados nelas eran de guerras e contrabandistas, así como parodias de oficios (mestres, xastres, costureiras, curas...), con alusións non poucas veces aos sucesos do ano e referencias satíricas aos ricos da zona e ás autoridades, ademais de diálogos picarescos entre os boteiros e as señoritas. Vexamos, como exemplo, a introdución do boteiro nunha das representacións, recollida polo etnógrafo e historiador Juan Antonio Pinza García:

*Veño das altas montañas
lixerriño sen parar
para que un ano mais disfrutemos
diste novo carnaval.*

*Traigo moitos amigos
de todas as profesións son sabios,
se alguén ten desarreglos
que non deixe de chamalos.*

*Tamén traio señorriña
que é unha boa compañía
sempre me bota unha manta
se teño frío na cama.*

*Ven connosco tamén
un que é xastre e menciñeiro
deixarate espelandrado
e o bolsillo sen diñeiro.*

*Vestinme de paiaso
cheo de remendos e fíos
merquei as galochas grandes*

11 GARCÍA SANTOS & SENÉN LÓPEZ GÓMEZ (2019), pp. 78-79.

12 Cf. BASALO BEMBIBRE (2017).

para que me quiten o frío.

*Fun a feira a mercalas,
a feira do trinta e tres,
en vez de saírme ó direito
saíronme do revés.*

*Xa o lardeiro está ardendo
i a lardeira para ala vai
queira deus que noutro ano
volvamos todos ó carnaval.*

Similares disputas existiron noutras localidades ourensás como Manzaneda, Boado e Pidre (Xinzo), Albergaría (A Veiga), Carracedo da Serra e O Tameirón (A Gudiña), Cualedro¹³, San Xoán de Salcedo (Pobra do Brollón) ou Vilariño de Conso, onde moitas parroquias tiñan o seu *Folión de Entroido* que actuaba durante os días do ciclo do carnaval con personaxes tipo (*boteiros, vellos, paisanos, señoritas...*), música e representacións de oficios con textos previamente ensaiados nos fiadeiros. Como no caso de Viana, o núcleo das disputas era o diálogo entre as señoritas e os boteiros, que tiñan que conquistalas cos seus piropos no medio das pullas de *vellos* e *paisanos* nas que se introducían referencias a sucesos de actualidade. Estas representacións de Vilariño sobreviviron tamén ata os anos 60, cando a emigración e a televisión acabaron con elas.

Os farsantes percorrían as aldeas, pedindo permiso para entrar nelas, onde ás veces se lles agardaba cun escenario improvisado para as súas actuacións ou, pola contra, poñíase unha corda no camiño para impedirles o paso e disputábase en ton cómico antes de concedérllelo, xa que os foliós son en realidade embaixadas músico-carnavalescas que se envían unhas parroquias a outras como afirmación da identidade colectiva de cada unha delas e das boas relacións entre veciños. No caso de Vilariño non se conservan libretos cos textos, pero a memoria popular preservou algúns diálogos en castelán, colleitos por Emilio Armada Rodríguez na parroquia de Entrecinsa e publicados por Xosé A. Fidalgo Santamaría:

Boteiro:

*Buenos días señorita bordadora.
Relumbra usted más que el sol
al amanecer la aurora.*

Señorita:

*Muy buenos días tenga usted, muy guasón.
Es usted muy guasón y atrevido
al llamarme la atención.*

Boteiro:

*Perdóneme usted señorita.
Si es que la he ofendido...*¹⁴

13 Cf. RAMÓN y FERNÁNDEZ OXEA (1935).

14 Cf. FIDALGO SANTAMARIÑA (2010).

En todos estes casos as representacións só están documentadas dende o século XIX e os textos conservados son do XX. A cuestión é se se trata de supervivencias dun teatro popular antigo, como sostiveron Vicente Risco e outros, ou do reflexo irónico do teatro carnavalesco urbano dos *apropósitos*, o cal parece evidente, cando menos nalgúns trazos dos textos conservados, por exemplo no ton picaresco de *Zarzuela* dos diálogos entre *boteiros e señoritas*.

2.2.2 Xenerais da Ulla

Á mesma categoría de disputas pertencen as *Mascaradas de Xenerais* da zona da Ulla (Vila de Cruces, Silleda, A Estrada, Vedra, Padrón...) que algúns cualificaron, creo que excesivamente, como *Autos teatrais* ou como *Entremeses*. Consisten en diálogos en verso, xeralmente en castrapo, aínda que hai textos en castelán e en galego máis ou menos correctos, entre dous grupos de *Xenerais* representantes de diferentes parroquias que, montando cabalos ricamente engaldrapados, se atopan nunha encrucillada de camiños (*atranco* ou *alto*) despois de enviarse embaixadas (*correos* ou *lanzeiros*). O vestiario que empregan é variado e con reminiscencias napoleónicas (bicornes con plumas, casacas con pecheira, xarreteiras, faixas, etc.), aínda que hai testemuños gráficos do uso de uniformes militares de diversas épocas e mesmo de tricornes da Garda Civil.

Documentadas historicamente en máis de trinta parroquias, persisten en algo máis dunha ducia na actualidade,¹⁵ aínda que os atrancos teñen lugar agora entre os xenerais e os correos da mesma parroquia, quizais para evitar que a disputa pasase do plano verbal ao físico, como sabemos que sucedía frecuentemente a finais do século XIX¹⁶. Aínda que estas mascaradas son recentes —da primeira metade do século XIX, como moito— e se representan no contexto do Entroido, é posible, segundo algúns autores como Xosé M. González Reboredo, que sexan actualizacións de antigas festas de Mouros e Cristiáns¹⁷, aínda que outros falan dunha orixe nos correos da guerrilla da Guerra da Independencia contra os franceses a principios do século XIX, o mesmo que no caso dos *Felos* do Entroido de Maside¹⁸. Dende un punto de vista antropolóxico, foron interpretadas dende Bouza Brey como reflexo da peculiar estrutura galega social e de poboamento, tratándose dunha defensa simbólica dos límites da casa, da aldea e da parroquia, que se resolve coa disputa verbal e a paz final.

Xenerais e *correos* van acompañados dunha *parranda* integrada por *vellos* e outras máscaras, formando unha vistosa comitiva que percorre a parroquia facendo *altos* diante das casas para cantar encomios dos seus habitantes e recibir o óbolo correspondente. Nos altos represéntanse parodias dos oficios —frecuentes, como veremos, nos entroidos galegos—, terminando todo cunha disputa recitada (*regueifa*) na que se mesturan as alusións aos sucesos do ano e á actualidade política con querelas veciñais e referencias ás guerras carlistas e aos mouros (por exemplo en Touro), e os propios *mouros* interveñen nos desfiles de Ponte Ledesma e de Merza (Vila de Cruces), cabalgando a lombos de burros e encargándose de facer un discurso satírico sobre os acontecementos do ano nas súas parroquias.

15 Cf. GONZÁLEZ REBOREDO & MARIÑO FERRO (1987B); ARCA CALDAS (1995), e FIDALGO COLMEIRO (2008).

16 Cf. VICENTI REY (1878).

17 Cf. GONZÁLEZ REBOREDO (1997).

18 Cf. RODRÍGUEZ PÉREZ (2010).

2.2.3 Momadas, entremeses, farsas e comedias

É sintomático da percepción popular do carácter teatral das mascaradas do entroido en Galicia o feito de que nalgúns lugares, como Cotobade (Pontevedra), ás máscaras e comparsas de entroido se lles chamen *momadas*, o que permite establecer unha relación cos *mosmos* medievais, representacións cortesás que temos abundantemente documentadas en Castela e Portugal, aínda que é probable que a relación non sexa directa senón a través dos cortexos, triunfos e enterros do *Deus Momo*, deidade da risa que presidía os entroidos urbanos galegos da segunda metade do século XIX. Do mesmo xeito, a denominación de *entremeses*, que se daba tradicionalmente ás parodias carnavalescas nalgúns lugares de Galicia (Oímbra, Cualedro, Castro de Laza...), pode ser indicio da existencia de representacións teatrais antigas, e xa mencionei que a finais do século XVI o xesuíta Antonio Rodríguez de Vilaza compuña entremeses para o Entroido que se representaban no colexio de Monterrei.

En Oímbra chamábanlles *entremeses* ás parodias carnavalescas que se fixeron ata os anos 80 con textos dos veciños, aínda que as pezas conservadas non teñen diálogo e son simples monólogos nos que se pasa revista, en verso e en clave cómica, aos acontecementos do ano. En Cualedro hai noticias de que se facían durante o *entrudio* representacións do tipo das *disputas* (ou *fuliadas*), que a principios do século XX se denominaban *entremeses*, e consistían en imitacións e sátiras de cregos e autoridades, ademais de bromas sobre os sucesos veciñais; e en Castro de Laza consta tamén a existencia da representación dun *entremés* (así denominado) no que se parodiaban os sucesos do ano. A denominación *entremés* aparece tamén en pezas compostas para o entroido urbano como *o Entremesíño do Antroido pr'os rapaces* (1813) recentemente descuberto. En galego e en castelán, é obra probablemente de Antonio Benito Fandiño, composta no cárcere de Santiago e representada polos presos compañeiros de Fandiño¹⁹.

Noutros casos as representacións teatrais denomínase *farsas*, e xa mencionei a existencia en Baiona dunha *Farsa do Emperador* representada cara a 1550, probablemente no Entroido. En Touro, facíase ata os anos 40 a *Farsa do casamento*, parodia dunha voda cos noivos adecuadamente vestidos, os padriños e unha *parranda* de invitados. O enlace burlesco celebrábase nun cercado de acacias en flor simulando unha igrexa na que estaba o crego e dous diaños que tentaban impedir o casamento²⁰. Farsas semellantes son frecuentes con *Entroidos*, bonecos que representan o Carnaval e son casados con gran festa. En Mugares (Toén) e en Cotobade fixéronse vodas de entroidos ata os anos 50. No caso de Mugares (recuperadas en 2018), os contraentes eran dous bonecos de palla e vimbio, o *mazaruco* e a *mazaruca*, antigamente movidos dende dentro por homes como se fosen xigantes ou cabezudos, e posteriormente convertidos en monicacos estáticos, vestidos el de militar e ela de dama elegante. Os noivos partían en carros o martes de Entroido á mesma hora, un do Moreiro e outro de Mugares, e no medio do camiño atopábanse e facíase a voda²¹.

Outras representacións, como a *Farsa de Casa de Naiia* (Antas de Ulla) ou a *Farsa Dulcinea* da Meda, teñen esa denominación porque llela deu Antonio Fraguas, pero non consta que neses lugares a xente lles chamara así. No primeiro caso trátase dun conxunto de parodias de oficios e mais dun testamento de entroido (cf. *infra*, cap. 2.3), e o segundo é, en realidade, un xuízo e queima do Entroido, que na zona se coñecen como *Queimas da Pascua* (cf. *infra*, cap.

19 Cf. MARIÑO PAZ & SUÁREZ VÁZQUEZ (2021).

20 Cf. FRAGUAS FRAGUAS (1951), pp. 435-37.

21 Para Mugares, cf. LÓPEZ-CUEVILLAS (1957). Para Cotobade, FRAGUAS FRAGUAS (1930), texto, pp. 91-92, e FRAGUAS FRAGUAS (1946). Outra representación carnavalesca dun matrimonio é a *Voda da Pita* de Eiroas (Ourense), aínda que é recente e comezou a facerse en 1998.

2.5). Facticia é tamén a denominación *Farsa da matanza do porco* para referirse á representación que se facía en Loxo (Touro) nos anos 30 (cf. *infra*, cap. 2.4.5), e a de *Farsa de Calavera Don Gallo*, para poñerlle título a un xuízo do galo en castelán que se facía na Pascua en Ribadulla (Vedra) a principios da década dos 40²².

Algúns autores falan tamén de farsas en relación coas representacións de Entroido nas terras do Ulla, e realmente moitas son farsas, aínda que pola súa temática a maioría entran na categoría das parodias de oficios (cf. *infra*, cap. 2.3). Destaca na zona a *Farsa do alistamento dos quintos* de Berres (A Estrada), representada na primeira metade do século XX e na que interviña a *Vella do meniño*, sendo o *meniño* un boneco coñecido como *Xaniño do antroido*. Na farsa, a *vella* tentaba untar os funcionarios para que non levaran ao seu *Xaniño á milicia*²³.

2.2.4 Farsas do parto

Son moi frecuentes no entroido galego as representacións cómicas dun parto [Xestoso (Monfero), Pontedeume (*Xogo do parto*), Sande (Cartelle), Cotobade...], con abundante sangue e cun boneco, ave ou gato que acaba saíndo da barriga da preñada ou preñado, como sucede na *Farsa da muller embarazada* de Cotobade ou na de Sande²⁴. Normalmente, a pseudoparturiente laméntase, entre gritos de dor, dos homes, que no coñecen máis que o aspecto pracenteiro da procreación. Farsas semellantes están documentadas no carnaval de numerosos lugares de Europa, en non poucas ocasións sendo unha vella a protagonista do parto, e na Península temos un caso moi significativo na festa de inverno de *La Vijanera* de Silió (Cantabria), na cal *La preñá é un varón que o 1 de xaneiro dá a luz un animal, que simboliza o nacemento do novo ano*.

Cabe pensar, por tanto, na existencia dunha relación con antigos rituais de fertilidade, e temos documentados en Galicia casos nos que era o *Meco* ou *Entroido* quen, rematado o carnaval, paría un boneco que se lle entregaba a un matrimonio infecundo, acompañando a entrega con cancións alusivas á parella estéril, como na parroquia ourensán de Untes²⁵. Porén, hai que sinalar que nas cidades galegas se facían cousas semellantes e en datas anteriores ás que temos documentadas no entroido rural. En Ferrol, por exemplo, saíron en 1883 polas rúas no martes de carnaval “*dos mascaradas repugnantes, exhibiendo la una un muñeco en actitud indecorosa, y remedando la otra un parto, sin que los municipales les llamasen a mandamiento...*”²⁶

2.2.5 O Entremés de Bora

O texto teatral máis antigo que conservamos do Entroido galego é, posiblemente, o *Entremés* de Bora, unha peza breve de 67 versos conservada manuscrita na Real Academia Galega e publicada por Fermín Bouza Brey en 1949, clasificándoa dentro do teatro de Carnaval. O *Entremés* foi composto na segunda metade do século XVIII e é obra dun canteiro da parroquia, Gregorio Couto, documentado como aprendiz de cantaría en 1752 (nas respostas ao Interrogatorio do Catastro do Marqués de la Ensenada de 1749, fol. 212v), o que parece indicar que nesa data era un adolescente e, por tanto, que probablemente o seu entremés sería algúns anos posterior. Couto empregou o galego e o castelán nos diálogos, reflectindo

22 Cf. FRAGUAS FRAGUAS (1963) e FRAGUAS FRAGUAS (1974).

23 Cf. FERNÁNDEZ REI (1981), e ARCA CALDAS (1999), p. 13.

24 Cf. FRAGUAS FRAGUAS (1976), e BANDE RODRÍGUEZ (1982).

25 Cf. TABOADA CHIVITE (1974).

26 Cf. *El Correo gallego: diario político de la mañana*, año VI, nº 1312 (08/02/1883), p. 24. O “*muñeco en actitud indecorosa*” era probablemente un *Meco* ou *Entroido* itifálico similar aos que aínda saen nalgunhas localidades ourensás como A Xironda (Cualedro) ou Xinzo de Teixugueiras (Cartelle).

claramente unha situación de diglosia no uso da lingua, que leva a que o seu personaxe principal fale ao principio en galego, pero pase ao castelán cando se dirixen a el como alcalde da vila.

É evidente a intención cómica da obra, que foi cualificada tamén como *sainete*, pero en realidade non hai proba ningunha de que fose representada no Entroido. Bouza Brey supúxoo polo seu carácter burlesco e pola énfase na comida, pero os versos “*Eu o meu santo querido / sempre gostei celebralo / comendo e bebendo ben*” parecen apuntar cara a unha festa patronal. O argumento da peza é moi sinxelo: o alcalde, xa maior, recibe as queixas da súa veciña, unha vella que protesta polo cheiro que sae da cociña da casa do alcalde e polos malos tratos recibidos dos seus criados, que propoñen darlle unha malleira, aínda que o alcalde non o permite “*porque las mujeres son bestias afligidas*”. Termina a obra coa vella chamando á festa: “*Mociñas de Bora, faguer foliada!*”²⁷.

1.1.6 Comedias

Non é frecuente en Galicia chamarlles comedias ás representacións do entroido, pero hai algúns casos documentados. En Mugares, ata mediados do século XX, facíase na praza do Eiró unha “*comedia satírica*” á que acudían os entroidos (*mazaruco* e *mazaruca*), as máscaras (*labardeiros*) e numerosos veciños da bisbarra, e no entroido de Cerqueda (Malpica) representouse unha obra teatral complexa, hoxe desaparecida, coñecida como *Comedia de San Antoniño*, peza cómica na que se lle pedía ao santo a curación dun home-vaca enfermo²⁸.

Verdadeiras comedias son tamén, na actualidade, as representacións teatrais que se fan no entroido de San Xoán de Salcedo (Pobra do Brollón). A principios do século XX facíanse ao aire libre no Modillón, a parte alta da vila, e eran do tipo das *disputas* ou *fuliadas* (cf. *supra*, cap. 2.2.1), en verso, con textos de veciños como Agustín de Fradelo ou Domingos de San Cibrao, e cunha temática baseada en sucesos locais, parodias de oficios e acontecementos importantes (Guerra de África, proclamación da II República, etcétera). Hoxe en día as representacións fanse o domingo de Entroido nun local cuberto, con escenario e decorados, e aínda que as pezas seguen sendo de carácter cómico e incidindo nos acontecementos do ano, todo é moito máis formal e os textos teñen ata didascalías con indicacións dos movementos e xestos dos actores. Pezas de principios do século XXI teñen títulos como *Unha borracheira a morte*, *Ladrós en apuros* ou *Fiáte e non corras*, que recordan os textos dos *apropósitos* urbanos²⁹.

2.3. Parodias de oficios

No ámbito popular son especialmente interesantes, e abondosas, as farsas e parodias de oficios que satirizan diferentes profesións, con preferencia polas alleas ás comunidades rurais (xastres, boticarios, médicos, barbeiros, dentistas...). Nos nosos días destacan polo seu carácter satírico e transgresor as de Santiago de Arriba (Chantada)³⁰, pero facíanse e séguense facendo en moitos lugares, antigamente como complemento das *disputas* (Vilariño de Conso, Mugares (Toén), Viana do Bolo, O Barco, Cotobade...) e tamén dos *altos* dos Xenerais do Entroido da Ulla (A Estrada, Ponte Ledesma...).

27 Representouse na parroquia de Santa Mariña de Bora, antigamente concello de Mourente e na actualidade concello de Pontevedra. Sobre a peza véxase BOUZA-BREY TRILLO (1949), e BALDOMIR CABANAS (2009). Similar é o caso do *Entremés gallego de Susana y Lorenzo* (ca. 1740-50), peza bilingüe de carácter cómico recentemente descuberta e que puido representarse no entroido e/ou noutras festas populares (cf. a miña base de datos: <<https://bit.ly/3dKS5qc>>).

28 VV.AA. (2017), p. 32.

29 Cf. BLANCO PRADO & GONZÁLEZ REBOREDO (2006), p. 133, e COCHO de JUAN (2006).

30 Cf. BLANCO PRADO & PERNAS BERMÚDEZ (2012).

Aparecen en entroidos moi diferentes, como son o de Castro de Laza e Casa de Naia, e sabemos que se facían tamén nos carnavais urbanos, onde están documentadas na segunda metade do século XIX. Na Coruña, en 1863, houbo sermón e enterro do Entroido, representouse un *Apropósito* e saíu un espectacular cortexo de carrozas nas que as diferentes asociacións de artesáns coruñesas representaban os seus oficios, ou alegorías deles. O gremio de carpinteiros presentou unha carroza con músicos, un xenio das artes e diferentes artistas executando os seus labores; os obreiros da Real Maestranza levaban unha fragua funcionando; o Recreo de Artesáns sacou varias carrozas: a *Fábrica de pan Roland*, con fornos que cocían tortiñas que se lle repartían ao público; *La casa de los locos de Zaragoza* (nave de tolos, como o seu nome indica); o *Salón de peluquería y barbería al vapor* (de “mucho efecto”, segundo un cronista); e *La Verbena de San Juan de Madrid*, con *buñuelera* e *organillo*³¹. Tamén saíron carrozas representando oficios urbanos no Entroido coruñés de 1881 (redacción dun xornal, compañía de ópera...), e sabemos que as houbo en Santiago ata 1893 a cargo dos veciños do barrio de Conxo³².

A existencia destes cortexos de oficios en carros, así como o desfile de carrozas pontevedrés de 1900 (cf. *infra*, cap. 2.7), obriga a preguntarse se son estilizacións cultas dos foliós populares con parodias de oficios, ou se os foliós mencionados son imitacións burlescas das representacións urbanas³³. Moitas das representacións de oficios nas vilas galegas facíanse en carros, no entroido e noutras festas (Monforte, Pontearreas, Chantada...), e xa a principios do século XIX temos documentado o *Folión de Carude* (Monforte)³⁴, un desfile composto de carros de bois engalanados sobre os que se representaban os labores agrícolas e os oficios tradicionais. Os carros saían en cortexo acompañado de música dende a Eira de Carude, para festexar a finalización dos labores da malla do trigo. O desfile monfortino fíxose de maneira regular ata 1846, non está claro dende cando, e esporadicamente logo, trasladado ao Entroido, ata 1908, data da última noticia que temos del³⁵.

Podemos facernos unha idea de como era o cortexo de Carude comparándoo co *Folión dos Carros* de Chantada, documentado dende o século XIX e aínda existente, pero non no Entroido. No caso de Chantada non hai diálogos, pero sobrevive unha representación teatral de oficios en carros na parroquia de Codeso (Ponte Ulla, Vedra). Nela os veciños das cinco aldeas da freguesía preparan en cada unha un carro decorado no que representan un oficio, a modo de teatro ambulante. Con eles o sábado de Entroido vísitáanse uns a outros, e á tardiña, no campo da festa, cada parroquia fai a súa representación, de carácter cómico e satírico. Na actualidade, máis que os oficios tradicionais o que se parodia son os novos comercios, servizos e establecementos de hostalaría abertos na zona durante o ano.

O uso de carrmatos nas representacións teatrais do Entroido enlaza cunha tradición medieval de teatro en carros documentada por toda Europa no Corpus e nas representacións da Paixón (*pageant-wagons* ingleses e flamengos, *roques* cataláns e valencianos, carros dos *Autos Sacramentales* castellanos...), tradición que se corresponde cunha escena simultánea anterior á

aparición dos teatros con escenario de caixa á italiana. En Galicia temos abundantes noticias de carros e carrozas con alegorías, cartelas e representacións dialogadas nas procesións do Corpus dende o século XVI (Santiago) e noutras festas como Proclamacións e Entradas reais (Mariana de Neoburgo en 1690), natalicios rexios (Pontevedra 1707), recepcións de bispos e visitantes ilustres, festas colexiais (Monforte 1640), celebración de vitorias militares (Ourense 1707), festas patronais (San Roque en Betanzos), etcétera.

No caso do Entroido, era habitual que os *mecos* ou *entroidos* viaxaran en carros de bois enfeitados, substituídos posteriormente por carrozas, e o mesmo facían as *compañías* de farsantes que percorrían as aldeas representando disputas e parodias. Aínda van en carros os *mecos* de Parada de Amoeiro, Teixugueiras, Melón e Xinzo de Limia, entre outros, ou a Micaela de Buño (Malpica), meca xigante que se despraza nunha plataforma con rodas tirada por un tractor, e que é queimada o martes de Entroido, e séguense a facer aínda parodias e representacións en carros en entroidos tradicionais como o de Laza.

Nos entroidos urbanos temos tamén noticias da existencia de cortexos de carros: en Vigo o prato forte do entroido de 1877 foi un espectacular desfile de carrozas que partiu o martes do Campo de Granada (ao pé do castelo de San Sebastián, no lugar en que hoxe se atopa o edificio do Concello). Pasando baixo un grande arco de triunfo enramado, levantado para a ocasión, baixou pola rúa Pracer cara ao centro da cidade, chegando ata a Alameda onde estaba emprazado o catafalco de *Momo*, rei do entroido vigués, “*olímpicamente embutido en la monstruosa boca de un dragón*”. Encabezaban o cortexo “*cinco magníficos guerreros armados de punta en blanco hasta los dientes y montando soberbios alazanes, perfectamente engualdrapados*”, seguidos por trompeteiros, banda de música e un estandarte levado por un negro de a cabalo no que se lía: “*A nuestro magnífico y poderoso señor Dios MOMO*”. A continuación, desfilaban os deuses do Olimpo: “*un grupo precioso formado por doce personajes cada uno en su carro, ricamente adornado, representando a los dioses mitológicos-bufos, por el siguiente orden: Orfeo, Esculapio, Saturno, Minerva, Apolo, Mercurio, Baco, Neptuno, Marte, Cupido, Venus y Júpiter. Este grupo llamará la atención de los más exigentes, en cuanto al exquisito gusto y riqueza de sus lindísimos trajes*”. Pechaban a comitiva maceiros e cabaleiros nos seus corceis³⁶.

En 1879 fíxose en Ferrol a *Apoteosis de Cristóbal Colón*, ideada polo mestre, pedagogo e xornalista cambadés Juan David Pérez Mandado († 1897), entón residente na cidade. Pérez Mandado organizou o Entroido cos seus alumnos, anunciouno nun programa impreso que conservamos e paseouse polas rúas durante tres días nun carro de bois, caracterizado como Cristóbal Colón e rodeado dun cortexo de nenos recitando os seus papeis³⁷. Hai algunhas referencias na prensa da época sobre a actividade de Mandado como dramaturgo pero, ata onde eu coñezo, agás os textos en castelán da *Apoteosis*, non se conservan as súas obras teatrais, que probablemente serían bufas e quizais en galego, a vulgar pola comparación que na época se facía das súas pezas teatrais coas de Xan da Coba³⁸.

31 Cf. IGLESIA GONZÁLEZ (1863), e o *Discurso fúnebre a modo de imprecación y panegírico pronunciado en las solemnísimas exequias del carnaval de 1863 por El Hermanuco Mayor en el teatro principal*, Establecimiento tipográfico de Puga, A Coruña, 1863.

32 Cf. VICENTI REY (1878), e *El Correo Gallego*, año XVI, nº 4335 (18/02/1893), p. 2.

33 A tese tradicional é a do *aburguesamento* do entroido rural nas cidades (cf. BREY & SALAÜN (1995), pero parece que hai relacións de ida e volta, e que no teatro de entroido das zonas rurais se fixeron imitacións e parodias das representacións urbanas.

34 RODRÍGUEZ VILARIÑO de BARBEITO (1896), p. 108.

35 É probable que o folión fora o sucesor das mascaradas de Pascua, representacións veciñais de *Historias* que tiñan lugar en Monforte o luns de Pascua, a véspera da festa da Asunción e tamén, a cargo dos estudantes, por Santo Tomás, representacións que temos descritas a finais do século XVIII nun documento do AHN dado a coñecer por Manuel Sáez (Archivo Histórico Nacional. Sección Clero, L. 7713. Cf. SÁEZ GONZÁLEZ (2013), p. 1).

36 Cf. *Programa de los grandes festejos que en obsequio al muy alto y poderoso Señor, Dios Momo, celebra la Sociedad Carnavalesca de Vigo en los días 4, 11, 12, 13 y 14 de febrero de 1877*, Establecimiento tipográfico de *El Diario*, Santiago, 1877; e *Programa de los magníficos festejos que han de celebrarse en la ciudad de Vigo en el Carnaval de 1877*, Imprenta de M. Fernández Dios, Vigo, 1877. Lisardo R. Barreiro foi consciente na época de que ese entroido das carrozas e do deus Momo non era o do pobo, e di, en evidente alusión ao entroido popular do barrio do Berbés e os seus *merdeiros*, que “*La gente del pueblo diviértese de bien distinto modo, que la ‘hig life’... Aquélla con su sartén, su ruedo y la cara emborrionada, grita, goza... y goza tal vez más que los otros*” (cf. RODRÍGUEZ BARREIRO (1890), pp. 229-232).

37 Cf. PÉREZ MANDADO (1879).

38 O pontevedrés Jesús Muruais, en polémica con Indalecio Armesto Cobián, compara en 1879 o teatro de Pérez Mandado co do excéntrico autor ourensán Juan María de la Coba Gómez (Xan da Coba), e co doutros “*grotescos*” (cf. *El Lérez: diario de intereses generales*, Pontevedra, año I, nº 71 (27/11/1879), p. 2).

No entroido compostelán de 1893 saíu unha mascarada con carros que representaban o *Amor* e os *Vicios* do xogo e da bebida. Encabezaban o cortexo uns diaños de a cabalo; a carroza de Baco era unha taberna ambulante, e un diario santiagués afirmou que os borrachos “*iban tan a la perfección y representados tan á lo vivo que parecían borrachos de verdad*”³⁹.

Espectaculares foron os carros do entroido de Pontevedra de 1900, deseñados polo debuxante e decorador Demetrio Durán Hermida, dos que se conservan no Museo de Pontevedra os bosquejos de Durán e fotografías de todos eles, publicadas algunhas na revista madrileña *Nuevo Mundo* e a totalidade por Enrique Labarta, autor do *Apropósito* que se representou no entroido dese ano⁴⁰. Carros coma os pontevedreses e representacións de *apropósitos* existiron noutras cidades galegas (cf. *infra*, cap. 2.7), e parece que algunhas vilas imitaron o que se facía nas cidades mais importantes. En Pontearas, por exemplo, o luns de Entroido de 1906 representouse no Teatro Domínguez un *apropósito* titulado *La marina en el teatro*, obra nun acto e tres cadros con catro personaxes (un deles unha máscara), da cal era autor “*un joven de esta villa*” (Teodoro Medal). A representación era un complemento da actividade da comparsa *Los Marineros* e da súa espectacular carroza, que reproducía o cruceiro acoirazado da armada española *Carlos V* e disparaba flores cos seus canóns.

2.3.1 Parodias de sementeiras e *Xogos das Vacas*

Unha parodia recorrente no Entroido galego, e frecuente tamén noutras zonas de Europa, é a da *sementeira*. Interpretada polos antropólogos como unha arada ritual, imitación de antigos ritos de fertilidade, na actualidade atopámola en entroidos moi diferentes como poden ser os da Ulla (Oca, A Estrada), Moreiras (Toén), Os Ancares, o *Entroido ribeirao* (Santiago de Arriba, Chantada), o da Costa da Morte (Vimianzo, Mens, Cerqueda...) e o das Rías Baixas (Cobres, Vilaboá). Porén, agora o elemento cómico e paródico é a esencia das representacións, que aparentemente nada teñen que ver con ritos agrarios de fertilidade. En Vimianzo e Os Ancares, por exemplo, do arado tiraban dous homes malamente disfrazados de vacas, e o labrego ía detrás levando un caldeiro cheo de serraduras amasadas con auga sucia como se fose o gran para sementar. Cando o sementador espallaba o “gran”, facíao en dirección á xente que estaba preto, a cal corría dun lado a outro para esquivalo.

Unha variante máis desenvolvida das sementeiras son os *Xogos das Vacas* que se facían en terras de Malpica (nas parroquias de Mens, Cerqueda e Barizo)⁴¹. En Barizo, o *Xogo* fíxose ata principios da década de 2010 o martes ou o domingo de Entroido no campo da festa. Os actores chegaban nun carro do país tirado por dous mozos fortes vestidos con monos brancos e as caras cubertas (as *vacas*) e o carro era guiado por outro mozo vestido de muller fea e estrafalaria (a *chamadora*). Detrás ían o *arador* coa súa muller (tamén un mozo disfrazado), o *sementador* (sementando serraduras) e veciños estremeiros. Todos eles representaban comicamente o labor de arar e sementar, entre chistes de dobre sentido, ironías, bromas aos espectadores —que interviñan na representación respondendo ás pullas— e alusións máis ou menos claras aos veciños e aos acontecementos sociais e políticos do ano. As *vacas* adoitaban arremeter contra o público, o que provocaba carreiras, caídas, trompazos e risas. Finalizada a sementeira os participantes sentaban a comer, aparecendo entón uns tratantes de gando que pretendían comprar as vacas, acompañados dun veterinario que lles poñía inxeccións nos ubres (luvas de látex branco cheas de leite e que estoupaban cos picadas). Os tratantes apalpaban as vacas

39 *El Correo gallego: diario político de la mañana*, año XVI, nº 4335 (18/02/1893), p. 2.

40 Cf. PÉREZ MÍNGUEZ (1900), e LABARTA POSE (1900).

41 ROMERO MASIA & POSE MESURA (1990-1991).

para comprobar a súa forza e facían unha oferta por elas, pero a muller do arador non estaba de acordo co prezo, non había trato e as vacas volvían á casa. Noutros tempos, a pantomima facíase tamén nas parroquias de Mens e de Cerqueda, e na zona faise remontar a orixe da representación cando menos ao século XIX, xa que os maiores din que xa se facía cando os seus pais eran nenos.

2.4. Xuízos, testamentos e execucións de animais

Foron moi frecuentes, no Entroido galego e no doutros lugares, as corridas de galos, patos ou gansos, en ocasións xulgados antes da execución. Moitas veces permitíaselles facer testamento, e conservamos varios textos deses *testamentos*, así como de testamentos de porcos (documentados dende o século IV)⁴², de burros, de gatos e doutros animais, que normalmente legaban nas súas últimas vontades as diferentes partes do seu corpo aos veciños da vila (*Testamentos do burro* de Laza, Celanova, Vilaxoán, A Mezquita, etc.), o que dá lugar á sátira polo dobre sentido que poden ter os órganos: na repartición do boi de Manzaneda, por exemplo, os cornos son sempre recibidos con desagrado polo adxudicatario.

2.4.1 Corridas do galo

As corridas do galo tradicionais consistían na decapitación dunha ou máis aves, ás veces enterradas no chan coa cabeza de fóra e golpeadas ás cegas, e outras penduradas dunha corda e decapitadas con espadas, a cabalo ou a pé. Neste último caso, normalmente o matador leva os ollos vendados, ou ben unha persoa sobe e baixa a corda para dificultar o seu labor. As corridas facíanse no Entroido e noutras moitas festas, especialmente nas do inverno (Reis, primeiro de ano...), e nalgúns lugares elixíase un *Rei* e unha *Raíña* de galos que presidían a festa, reis que eran paseados en carro ou de a cabalo pola aldea entre coplas burlescas, presidindo despois un banquete comunitario no que se daba boa conta das aves⁴³.

No norte de Europa hai documentación sobre corridas de galos dende o século XII —ás veces con patos ou gansos—, e en Galicia temos unha primeira referencia en 1478 cando, de crer ao Padre Gándara, Álvaro de Figueroa organizou en Vigo unha festa con gaiteros e tamborís, luminarias e corrida de gansos, para atraer a tripulación dun barco holandés fondeado na ría a terra e apresala como represalia por terlle proporcionado pólvora e armas de fogo ao nobre rebelde Pedro Madruga⁴⁴. No caso dos galos, en Galicia a noticia máis antiga conservada é do século XVIII, cando consta que Andrés de Losada Sotomayor fundou unha escola primaria en San Pedro da Porta (Sobrado dos Monxes) e estipulou que o mestre no podería recibir regalos dos alumnos excepto o *bolo do torresmo* do xoves de comadres para a corrida do galo⁴⁵.

Na actualidade, as corridas practicamente desapareceron pola presión dos animalistas, e as poucas que quedan transformáronse e agora fanse con galos xa mortos (*galo na vara* de Cobres), ou son simplemente soltas de polos de granxa para que os rapaces os capturen, como en Toutón (Mondariz). Na única localidade na que se seguen facendo con sangue é en San Pedro da

42 Os primeiros textos hispanos conservados son do século XVI (*Testamento del gallo* de Cristóbal Bravo, 1590), pero a tradición literaria dos testamentos de animais remóntase ao século IV (*Testamentum porcelli* mencionado por San Xerónimo e fonte probable do *Testamentum asini*, amplamente difundido na Europa medieval dende o século XIII).

43 Cf. TENORIO CERERO (1914), pp. 124-125.

44 GÁNDARA y ULLOA (1677), p. 510.

45 Cf. CORDERO CARRETE (1946), p. 251. Andrés de Losada, natural de Sobrado, fixo fortuna en América, no comercio transatlántico e nas transferencias de diñeiro entre América e España. A fundación da escola é unha das súas mandas testamentarias de 1790.

Mezquita (A Merca, Ourense), no día de Reis e burlando a vixilancia da Garda Civil. Con todo, temos noticias da súa existencia en máis de vinte localidades galegas, e probablemente existiron en moitas máis, polo menos dende o século XVIII. En Viana do Bolo, na Esfarrapa (Outes) e en Mondariz había *Reis de galos*, e en moitos sitios xuízos e testamentos. Algúns dos lugares nos que houbo corridas son os seguintes: O Carballiño (Valga), Viana do Bolo, A Mezquita (A Merca), A Veiga (Pontes de Veiga, Alberguería, Prada e Celavente), Val de Francos e Ansemar (Castro de Rei), Baleira, Montecubeiro (Castroverde), Mugares (Toén), Santa Marta de Moreiras (Pereiro de Aguiar), Baixo Miño (varias localidades), Cobres (Vilaboa), Vilanova (Hío, Cangas), A Ulla (A Estrada, Ribadulla...), Cotobade, Toutón (Mondariz), A Esfarrapada (Outes), Moaña, A Meda, Campo do Val, Pontearas (parroquias de Fozara e Prado), Xavestre (Trazo), Baio (Zas), Allariz, Oímbra, Beariz, Piñor, Loiro (Barbadás), A Pastoriza, Artes (Ribeira), A Fonsagrada (Louteiro, Veiga de Logares), Ribeira de Piquín, etcétera.

2.4.2 Xuízos do galo

Xa mencionei que nalgúns casos a corrida do galo se convertía nunha verdadeira representación teatral dado que, previamente á morte do galo, símbolo da luxuria e do desenfreno, se escenificaba o xuízo do animal, o que servía de pretexto para facer unha sátira sobre a situación da sociedade campesiña. Nos xuízos era habitual a intervención de varios personaxes (avogados, fiscais, testemuñas...), e adoitaban facerse nun taboado-escenario (denominado *torreiro* en moitos lugares), cun *attrezzo* ás veces rudimentario pero que nos anos 90 era, nalgúns casos, plenamente teatral: un palco-escenario cuberto, con escenografía e vestuario adecuados e amplificación de son (*Farsa* de Ribadulla).

Non cabe negar o cualificativo de teatrais a pezas como o *Juicio del Gallo* ou *Farsa de Calavera Don Gallo* que se representou o martes de Entroido na zona da Ulla na década de 1940⁴⁶. A súa estrutura en sete actos, que teñen como eixe o testamento do animal, e a articulación en forma dunha *disputa*, un debate no que o diálogo é o protagonista, confírenlle á peza un carácter plenamente teatral. As cuartetos do *Juicio* empregan o galego e mais o castelán. O galego, con ton burlesco pero cariñoso, aparece nos parlamentos dos personaxes *populares* (o propio galo e o celador) mentres que o castelán, solemne, tamén con certo matiz de burla, é reservado para o rei, o avogado defensor, o fiscal e os *padriños*, dos que o celador se burla por non saber o galego a pesar de ser letrados.

Parece que a peza da Ulla só se representou algúns anos na primeira metade do século XX e logo desapareceu, aínda que na década de 1990 se recuperou, sen continuidade, en Ribadulla (Vedra). Nesta segunda etapa un home disfrazado de galo era sometido a xuízo, condenado e finalmente indultado, soltándose uns cantos galos para que os rapaces os capturasen. O texto conservado é da primeira metade do século XX, pero parece evidente que se trata dunha evolución das corridas e testamentos do galo tradicionais, e temos noticias de representacións semellantes noutras localidades.

No Cádavo, Millares e Fonteio (Baleira), na Meda, en Campo do Val (Montecubeiro, Castroverde), en Mugares (Toén) ou en Ponte da Veiga (A Veiga), celebrábase tamén o proceso do galo con intervención de avogados, fiscais, xuíces e alguacís, e conservamos un texto en castelán da Meda (obra de José M^a Gómez Lombardero, 1948)⁴⁷ e a *Sentenza do galo* de Montecubeiro (c. 1930), probablemente tamén de Gómez Lombardero.

46 Cf. FRAGUAS FRAGUAS (1963) e RAMOS ESPINAL (1982).

47 Cf. FRAGUAS FRAGUAS (1976).

Xosé M^a Gómez Vilavella, autor do pregón da Meda de 1948 e fillo do autor do texto do xuízo, describe así a representación:

“Na Meda: Un escenario insuperable, nun prado amplo e cunha lixeira pendente que facía de anfiteatro con respecto ao Tribunal. Palco de madeira, espazoso e enramallado; grilandas de papel e outras colgaduras. Bos cabalos e boas monturas, case todas de estrea. Espadas auténticas, das do Exército, de Cabalería. Os cabaleiros lucían valiosas galas; díxose que algunha familia levou a Lugo, para depositalas nas xoierías como fianza, as escrituras das súas propiedades para que lles prestasen aneles, pulseiras, cadeas, etcétera, o que nos dá idea do entusiasmo que puxeron, que aportaron, aqueles veciños. Os membros do Tribunal luciron togas con “puñetes” de encaixe, auténticas, verdadeiras. O Atestado presentouno Antonio Boudón, daquela estudante, que lucía unha gorra “de prato” de Sarxento da Policía Armada, na que lle cabía cabeza e media! As testemuñas presentáronse ataviadas con traxes rexionais, de época, de moita valía, que a saber cómo os conseguiron nin a onde foron por eles. O libreto tiñano, sen excepcións, coidadosamente memorizado e ensaiado, jiso si, a porta cerrada, coa máis absoluta reserva.”⁴⁸

En Baleira (nas aldeas do Cádavo, Milleiros e Fonteio) corríanse dous galos e facíase primeiro unha escenificación en verso do seu xuízo estando presentes os dous galos, chamados Mundo e Bataraz⁴⁹. O primeiro era sempre indultado mentres que o segundo era condenado a morte nun proceso con tribunal (presidente, maxistrado, fiscal e secretario, en cadeiras preferentes e vestidos con blusas negras de gandeiro), avogados, alguacil e testemuñas. Participaba tamén a Garda Civil, que custodiaba o reo e o perseguía e detiña cando tentaba fuxir. Unha vez condenado, Bataraz acudía ao notario, que redactaba o testamento do galo, e a continuación era decapitado por un piquete integrado por varios mozos montados en magníficas cabalerías, con vistosos adornos e sabres nas mans. Como en case todas as partes, o xuízo comezaba en Baleira, coa lectura polo alguacil do atestado que relatava todas as falcatuadas do galo, continuaba coas declaracións das testemuñas, a favor e en contra, e concluía coa condena, testamento e execución do animal, e unha disputa final entre o avogado defensor do galo e o mozo que o decapitara.

2.4.3 Testamentos do galo

En moitas localidades das que non temos noticias da existencia de xuízos, si que conservamos *Testamentos do galo*, pezas que se insiren dentro da antigüísima tradición dos testamentos poéticos burlescos estendidos por toda Europa e especialmente frecuentes no Entroido⁵⁰. O testamento do galo máis antigo que coñecemos en España é obra do poeta cego cordobés Cristóbal Bravo, que o levou ao prelo cara a 1590 con outras dúas pezas: *Aquí se contienen tres obras muy gracioso | sas para pasar tiempo. La primera es vn testamento que hizo | vn Gallo, y de las grandes mandas que mando a sus amigos [...] | por christoual brauo ciego | de la vista corporal...*, [s.l., s.i., s.a]. O testamento de Bravo tivo un éxito enorme, imprimiuse en pregos de cordel polo menos dúas veces no século XVII, e dez máis no XVIII e no XIX, con variantes no texto e no título a gusto dos editores.

48 Cf. GÓMEZ VILABELLA (1992), pp. 35 ss.

49 *Bataraz* significa color xaspeado nas aves. É voz de orixe americano (do guaraní *mbatará*), quizais introducida na zona por emigrantes retornados ou coñecida por influencia da canción *Pobre gallo bataraz* do arxentino Celedonio Flores, popularizada nos anos 20 por Carlos Gardel.

50 Cf. GARCÍA DE DIEGO (1953); RUBIO ÁRQUEZ (2006), e PINHEIRO CARDOSO (2017).

En Galicia temos un *Testamento do galo* de 1786 procedente da Esfarrapa (Santo Ourente de Entíns, Outes) dado a coñecer por Rosario Álvarez e Xosé Xove⁵¹, outro de mediados do século XIX do Carballiño (Valga) que publicou Francisco Potel Pardal⁵², e varios do século XX: o de Viana do Bolo que recolleu Nicolás Tenorio a principios da centuria⁵³, o de Artes (Ribeira, 1928), rescatado polo colectivo *A Murga* e publicado por Federico Cocho⁵⁴, o da Ulla (c. 1940) publicado por Rosa A. Ramos Espinal⁵⁵, o de Xavestre (Trazo, 1944), colleito por C. Sixirei Paredes⁵⁶, e o da Meda (Castroverde), de autor descoñecido e incorporado en 1948 á representación do xuízo do galo que fixo J. M^a García Lombardero⁵⁷. Temos tamén algúns textos dos que só se conservaron uns poucos versos na tradición oral, como o de Mesía (Ordes), que publicaron *Mini e Mero*, ou o de Cobres (Vilaboa), recollido por Anxo Rosales, e noticias da existencia de testamentos en sitios onde non se conservaron os versos (Baleira, Poio, Mondariz...).

Hainos en galego, en castelán e mixtos, e a maioría dependen dos *Testamentos do gallo* portugueses de finais do século XVIII, impresos repetidamente no XIX en pregos soltos no Porto (1839, 1846, 1885, 1888...) e en Viana do Castelo (*Testamento que fez um Gallo*, 1872). Neles, o galo despídese das galiñas e advírteas do perigo no que quedan tras a súa morte, antes de facer o reparto dos seus bens e do seu corpo. A ese modelo portugués responden os textos máis antigos, como os da Esfarrapa, Valga, Ribeira, Trazo e A Meda. O de Viana do Bolo e o de Mesía seguen tradicións diferentes de procedencia castelá, e no caso do *Testamento do galo* de Cobres (Vilaboa) existe unha evidente influencia do texto primitivo de Cristóbal Bravo (*Testamento que hizo vn Gallo, y de las grandes mandas que mando a sus amigos*, c. 1590), probablemente a través dalgunha das moitas edicións madrileñas do texto que se fixeron no século XIX. Proba da relación do *Testamento* de Cobres co texto de Bravo é o feito de que en Cobres o galo deixe as súas tripas “*para cordas de liscantes*” (= *discantes*, guitarras pequenas), verso que non aparece en ningún dos outros testamentos galegos, pero si no texto de Bravo: “*Mis tripas mando a violeros, para cuerdas de discantes*”⁵⁸, o que proba que a tradición oral do testamento de Vilaboa ten orixinalmente unha raíz na escrita⁵⁹.

No Entroido de Cobres o *Testamento do galo* líao o *padricador do galo*, que pronunciaba tamén un *Sermón de Entroido*, con alusións aos sucesos do ano, dende un púlpito de madeira cuberto cun arco enfeitado con ramas e flores que se non gustaba o sermón acababa polo chan, como se facía tamén en Valga. En Xavestre, o *Testamento* líase antes de colgar o galo dunha roldana facéndoo subir e baixar para dificultar o labor dos que, ás cegas e con paus, intentaban golpealo. Unha vez morto o animal, desplumábase e repartíase o seu corpo de acordo coas mandas testamentarias. Na Ulla, o texto do testamento, atopado nun manuscrito por Rosa Ramos Espinal en 1979, parece dos anos 40 e é obra popular, aínda que inspirada en formas

51 Texto mixto castelán-galego recolleito nunha carta de Manuel Tuñas e datado en 1786. No texto hai unha referencia ao Rei e á Raíña de galos (v. 15), que confirma a súa existencia en Galicia, documentada tamén en Toutón (Mondariz-PO) e en Viana do Bolo por Nicolás Tenorio. Cf. ALVAREZ BLANCO & XOVE FERREIRO (2004).

52 POTEL PARDAL (1911), pp. 28 ss.

53 TENORIO CERERO (1914), pp. 124-125.

54 COCHO de JUAN (1990), pp. 292-293.

55 RAMOS ESPINAL (1982), pp. 569-88.

56 SIXIREI PAREDES (1982), pp. 173-175 e 271 ss.

57 Cf. GÓMEZ VILABELLA (1992), pp. 35 ss.

58 Cf. ROSALES GONZÁLEZ (2013), e ROSALES GONZÁLEZ (2014).

59 Outra versión do *Testamento* de Bravo témola en Mesía (Ordes), probablemente baseada nunha edición madrileña do século XIX impresa co título: *Testamento de un Gallo que llevaba muchos años de pollo por los gallineros de Madrid* (Imprenta de José M. Marés, 1858), pero nos versos recollidos de boca da veciña Josefa Sánchez Quindimil non está o das “*cuerdas de discantes*”.

cultas do tipo dos denominados por Pilar García de Diego *Testamentos de víctimas*.

2.4.4 Testamentos do burro

Os *Testamentos do burro / burra*, monólogos recitados por un *testamenteiro*, ás veces con música, están documentados en Europa dende o século XIII (*Testamentum dominum Asini*), e temos noticias deles nos entroidos galegos de Laza, Celanova, Faxilde (Vilagarcía), A Mezquita (A Merca), Ganceiros e Grou (Lobios), Vilardevós e noutras moitas localidades incluíndo o norte de Portugal. En Galicia o *Testamento do burro* poñía o punto e final ó entroido, e nalgúns lugares facíase tamén o *Enterro do burro*, un boneco de palla con forma animal ou humana (un *lardeiro*).

En Vilagarcía, a principios do século XX, as letras dos testamentos vendíanse ao público en follas impresas, e conservamos algúns textos como este de Faxilde (c. 1969):

*Atentos señores
a este papel roto.
Que morreu a burra
de Juan O Piloto.*

*E Juan O Piloto
choraba por ela.
Adiós miña burra,
miña burra vella.*

*E quen a enterrou:
foi o sacristán,
co sacho no cu,
coa vela na man...*

Taboada Chivite publicou os versos de inicio doutro testamento de Vixa de Abaixo (Grou, Lobios), no que se pasaba revista rapidamente aos feitos máis destacados do ano, e a burra deixaba con sorna ás súas pernas aos coxos, as orellas aos xordos, o pelo aos calvos, etcétera.⁶⁰

*Eiquí, na Vixa de Abaixo,
fixádevos o que pasou;
unha burra moribunda
que, antes de morrer, testou...*

O testamento do burro máis coñecido na actualidade é o de Laza, que se segue recitando anualmente e do que conservamos numerosos textos que, partindo dunha estrutura común, introducen cada ano variacións con referencias aos sucesos de actualidade na vila. Os versos que a continuación ofrezco son os do comezo dun testamento dos anos 80, publicado por Xerardo Dasairas Valsa en 1990⁶¹:

60 TABOADA CHIVITE (1972), p. 59.

61 DASAIRAS VALSA (1990), pp. 97 ss.

Non me toques as chocas
estai quietos peliqueiros
aconchegai vos veciños
que fala o testamenteiro.
Seica no ano pasado
houbo protestas da xente
pois a burro regalado...
non hai que mirarlle o dente.
¿É que vos medrou a lingua
ou criticades por vicio?
pois de seguir esto así
pouco me dura o oficio.
Xa me avisaron algúns:
“Non andes de pita choca,
que o que se mete a falar
xa sabe o que lle toca:
Sementes ou non sementes
conta con herbas na horta”.
Que nunca me falten burros
pra botar o testamento,
hasta agora non hai queixa,
pois coma xa estades vendo
inda non reparto un
e xa está outro morrendo...

2.4.5 Testamentos e matanzas do porco

O máis antigo dos testamentos de animais do que temos noticia en occidente é o testamento do porco, que para Mijail Bajtin sería a fonte dos testamentos do burro e dos restantes testamentos de animais posteriores⁶². San Xerónimo infórmanos de que a mediados do século IV nas escolas do mundo romano os rapaces cantaban o *Testamentum Porcelli* no medio de grandes risas, e conservamos en versións medievais prosificadas o texto latino en que o porco Marcos Roñón Corocota dita as súas últimas vontades nas que doa os seus ben aos seus pais e a súa irmá, e as partes do seu corpo a diferentes herdeiros seguindo a estrutura formal dun testamento notarial. Todo o texto é unha parodia, con partes dialogadas e diferentes elementos humorísticos con xogos de palabras formais e conceptuais que reforzan a comicidade⁶³.

62 BAJTIN (1987), p. 289.

63 Cf. GARCÍA SÁNCHEZ (2014). A tradución do texto latino ao galego podería ser a seguinte:

1. Comeza o testamento do bacoriño:
2. Marcos Roñón Corocota, bacoriño, fixen testamento. Porque non podía escribilo da miña man, diteino para que o escribiran.
3. O cocineiro Chef dixo: “*ven aquí, destrutor da casa, levantacháns, porquín fuxitivo, porque hoxe levo a túa vida*”.
4. O porco Corocota dixo: “*si algo fixen, se en algo faltei, se rompín algúns vasiños coas miñas patas, por favor, cocineiro, déixame vivir, atende a miña súplica*”.
5. O cocineiro Chef dixo: “*Vai, rapaz, tráeme un coitelo da cocina para sangrar este porco*”.
6. O porco é agarrado polos criados e levado o décimo sexto día das Calendas Lucerninas, cando abundan os repolos, sendo cónsules Enfornado e Pementado. E cando viu que ía morrer, solicitou un aprazamento dunha hora e pediu ao cocineiro que lle deixase facer testamento. Chamou aos seus parentes á súa presenza para deixarlles algo dos seus pensos, e dixo:
7. “*Doulle a meu pai Porco Touciñento, 30 modios de landra, e a miña nai, Xabarina Vella, dou 40 modios de trigo de Laconia, á miña irmá Quirina, na voda de quen non puideron estar presente, estou disposto a darlle 30 modios de cebada. E das miñas vísceras*

Testamentos del cerdo séguense lendo nalgúns localidades da Península e de América [Zuheros (Córdoba), Abrantes (Portugal)⁶⁴, Antioquía (Colombia)...]. Existiron tamén en Cataluña e en Francia, e en moitas zonas de España chámasele “*testamento del cerdo*” ao despezamento final do animal para facer os embutidos, xa que era habitual que os testamentos se leran na festa da matanza, como aínda se fai en Zuheros.

En Galicia, a pesar da importancia do porco na gastronomía do entroido, na economía campesiña e no imaxinario popular, non teño noticias da existencia de testamentos do porco, pero Antonio Fraguas documentou a representación nos anos trinta dunha *Farsa da matanza do porco* no Entroido de Loxo (Touro, A Coruña), na que o animal, feito de palla e con rodas para levalo ao matadoiro, tiña un petardo dentro do bandullo que estoupaba no intre de chamuscalo, esnaquizándoo e provocando a ira de Antonia, a muller do matachín Goros, que a emprendía a paus co seu marido.

Goros, o porco morreo
en trescentos mil anacos,
agora no teu lombo vou romper
este meu mallo dos carros⁶⁵.

darei aos zapateiros as crinas, aos rifóns a cachola, aos xordos as orellas, aos picapleitos e charlatáns a lingua, e aos chouriceiros as tripas. As carnicerías as pernas, as mulleres os lombos, os nenos a vexiga, as rapazas o rabo, os efeminados os músculos, os corredores e cazadores os talóns, os ladróns as uñas. E ó innomeable cocineiro, déixolle en manda o cullerón e o morteiro que levei de Theveste ata Tergeste, cunha corda atada ao pescozo”.

8. *E quero que me fagan un monumento, e nel escrito con letras de ouro:*
«Marcos Roñón Corocota, o bacoriño, viviu 999 anos e medio, e se vivise a metade doutro tería cumprido mil anos»
9. “*A quen me quere ou aos testamenteiros da miña vida, rógovos que vos comportedes ben co meu corpo; que o sazonedes ben con bos condimentos de nogueira, pementa e mel, para que o meu nome sexa sempre lembrado. Os meus propietarios e os meus curmáns que estiveches no meu testamento, mandade que o asinen”.*
10. Touciño asinou. Albondeguiña asinou. Cominos asinou. Longaínza asinou. Roxón asinou. Porco a Celsiniana asinou. Asado de voda asinou.
11. Remata felizmente o testamento do bacoriño, o décimo sexto día das Calendas Lucerninas [17 de decembro, primeiro día das festas Saturnais], sendo cónsules Enfornado e Pementado.

64 O texto do *Testamento* de Abrantes (Santarém), e o doutras moitas localidades portuguesas, é o seguinte:

Deixo...
– o focinho ao camponês para procurar as trufas;
– os dentes ao fabricante de papel para cortar as folbas;
– as cerdas ao sapateiro para fazer os atacadores;
– os pelos ao pintor para os pincéis;
– a bexiga às crianças para jogarem à bola;
– a pele ao moleiro para os sacos;
– o toucinho ao químico para a cola e o sabão;
– o sebo para as velas de alumiar;
– a banha ao tecelão para amolecer o cânhamo;
– os ossos ao jogador para esculpir os seus dados;
– o fel ao viajante para tirar os espinhos dos pés;
– as unhas ao hortelão para adubar a terra;
– a carne aos comilões.

65 Cf. FRAGUAS FRAGUAS (1951). En Viveiro (Lugo) aínda se fai o *desfile do porco* cun porco vivo, antigamente tirado por un burro, que é paseado polas rúas e sorteado entre os veciños o domingo de entroido, en Lugo o porco de Santo Antón foi un dos protagonistas do entroido, e en Santiago é habitual que o Meco sexa un personaxe de actualidade pero con cachola de porco. Na actualidade faise tamén un *Enterro do porco* no entroido de Mos (Pontevedra), pero é unha iniciativa recente, sen tradición na zona.

2.4.6 Outros testamentos de animais

Derivacións dos testamentos do porco e do burro son, probablemente, os testamentos do galo (cf. *supra*, cap. 2.4.2) e os doutros animais como a raposa, o gato, a pulga, etc. Dalgúns deles temos exemplos en Galicia pero de ningún, agás do testamento do galo, temos probas de que se lesen no Entroido.

Os *Testamentos de la zorra* foron moi populares en España e en Europa, pero non teño noticias da súa existencia en Galicia. No caso dos *Testamentos do gato*, non se len actualmente nos entroidos galegos, pero conservamos algúns textos do século XIX, e noutros tempos formaron parte das representacións. O texto de Vilancosta (Berres, A Estrada), publicado por Marcial Valladares en 1884⁶⁶, é unha versión en galego duns versos moi populares na Península, convertidos en canción infantil. Porén, aínda que Valladares o titulou *Testamento d'o gato*, en realidade non o é e, como xa sinalou Taboada Chivite, pouco ou nada ten que ver cos testamentos de animais típicos do Entroido⁶⁷. Distinto é o caso do texto de Alongos (Toén), publicado en 1886 por Valentín Lamas Carvajal⁶⁸. Neste caso trátase dun verdadeiro testamento burlesco que formaba parte dun *Entremés do gato* máis extenso. No testamento, o gato Pantarrufas Elecis, *raza d'Angola*, testa “*a nome d'unha centella que os parta á favor d'os cinco xudios d'a Petada e mais d'outros compañeiros que son tan bós com'eles, que lembrarei cando me cadre*”.

Relacionado cos testamentos de animais, aínda que non se presente como tal, está o *Reparto do Boi* ou *Reparto do Touro* do Entroido de Manzaneda, no que as diferentes partes do animal son adxudicadas a veciños concretos con intención burlesca e satírica, e xa mencionei que os cornos ninguén os quere. Outro testamento burlesco de animal do cal conservamos o texto en Galicia é o *Testamento da pulga*, documentado en Beade (Ourense) nun manuscrito de 1879. Non hai probas da súa asociación co Entroido, pero é evidente o seu parentesco cos testamentos de animais carnavalescos:

“*Mirai, meus fillos, a carne de peito é saborosa, pero perigrosa,
a do cú é algo dura, pero máis segura;
a da espalda é algo máis esposta que a da falda,
e a de entrepernas polo día é segura e ten partes tiernas...*”⁶⁹.

2.5. Xuízos, testamentos, sermóns e queimas ou enterros de Mecos, Entroidos, Lardeiros, Momos, etc.

Na categoría dos espectáculos parateatrais carnavalescos hai que incluír tamén ós xuízos, queimas, funerais e enterros, enormemente estendidos por terras galegas, de *Mecos*, *Antroidos*, *Momos*, *Felos*, *Lardeiros* e outros personaxes que simbolizan o *Entroido*, como a *Micaela* de Buño, o *Ravachol* de Pontevedra, o *Felipiño* de Boiro, Ribeira e Pobra, etcétera. As noticias que temos destes espectáculos, o mesmo que as referidas aos recentes, e hoxe máis populares, *Enterros da sardiña*, non se remontan máis aló do século XIX, pero é probable que sexan supervivencias, ou rebotes, de prácticas anteriores e, en calquera caso, proban que o instinto de dramatización

66 Cf. VALLADARES (1884).

67 Cf. TABOADA CHIVITE (1953), p. 435.

68 LAMAS CARVAJAL (1886).

69 Cf. TABOADA CHIVITE (1972), p. 59. No mesmo manuscrito de Beade, que o veciño Juan Naya mostrou a Taboada Chivite, había un *Testamento do carpinteiro*, tamén burlesco e pode que relacionado co Entroido.

popular e a capacidade de imaxinación anteriores á era da televisión foron iguais en Galicia do que no resto de Europa.

O espectáculo-tipo consiste na confección dun boneco que preside o Entroido dende un lugar privilexiado da vila, ou dende un carro ou montura que o pasea polas rúas. Este monicaco, que pode adoptar variadas formas, ten unha personalidade dual, xa que é a un tempo acusado de todos os males da comunidade pero tamén chorado tras a súa morte como encarnación dos valores da inversión, da risa e da tolemia que desaparecen co seu enterro.

Cando remata o Entroido, na noite do martes ou no mércores de cinza, o *Meco* é queimado e/ou enterrado nunha parodia de liturxia fúnebre na que non faltan ostensibles xestos de dor, panexíricos do defunto, burlescos testamentos e pregarías nas que se aluden aos problemas políticos e veciñais do ano. Todo moi similar ao que sucede noutras partes da Península e do resto de Europa, onde existe documentación dende o século XIV, aínda que algúns investigadores remontan ata Grecia e Roma a orixe destes espectáculos. En xeral, os antropólogos considéranos, seguindo a J. G. Frazer, unha supervivencia de antigos rituais agrarios de morte e resurrección⁷⁰.

Hai noticias de paseos, testamentos e queimas de Mecos en moitísimas localidades galegas. O máis famoso é probablemente o *Meco* do Grove (Pontevedra), pola lenda popular transmitida polo Padre Sarmiento, pero hai, ou houbo, outros moitos que podemos considerar tradicionais como os de Allariz, Orga (Celanova), Nogueira de Ramuín (o *Meco Chincheiro*), Bentraces, Sobrado, Untes, Val de Francos (Castro de Rei), A Xironda (Cualedro), As Teixugueiras (Cartelle), etcétera. Os dous últimos citados son itifálicos: o das Teixugueiras faise de madeira e desprázase nun carro, e o da Xironda é de palla, de máis de 5 metros de altura, e permanece durante o Entroido na Praza da Picota custodiado polas *Mázcaras* (tipo peliqueiros) ata a noite do martes, cando o deitan no chan e fan a queima, comezando o lume polo seu prominente pene⁷¹.

Nalgunhas localidades, antes da queima faise un xuízo do Entroido-Meco e lese o seu testamento, ás veces de maneira teatralizada como en Val de Francos (Castro de Rei) ou no desaparecido Entroido de Casa de Naia (Antas de Ulla), no que se facía, cada dous ou catro anos, no domingo de entroido a denominada por A. Fraguas *Farsa de Casa de Naia*, con representacións de oficios, *madamitas* e cabezudos nun ambiente de feira⁷². Vicente Risco foi da opinión de que orixinalmente quizais todos os testamentos de entroido foran de Mecos, e que logo se substituíron polos de diferentes animais.

Conservamos textos de xuízos e testamentos dende mediados do século XIX, algúns deles plenamente teatrais como a *Acusación al Antroido* de Mondoñedo (1857-58), conservada nun manuscrito do Arquivo Histórico Nacional e dada a coñecer por Clodio González Pérez⁷³. Interviñan na obra dez personaxes (fiscal, xuíz, avogado, testemuñas, alguacís..., algúns deles sen falar), e nela ao *Antroido* chamáselle *estafermo* e *gigante*, de maneira que quizais fose un xigantón procesional ou un boneco de palla de gran tamaño como o do *Entroido* da Xironda⁷⁴.

70 Cf. FRAZER (1951), cap. XLIV.1 *La cremación de efigies en las hogueras*, pp. 730-732 [1ª ed. inglesa, 1890]. Para Galicia, cf. TABOADA CHIVITE (1974).

71 Cf. RAMÓN Y FERNÁNDEZ OXEA (1935), e GARCÍA SANTOS & SENÉN LÓPEZ GÓMEZ (2019), pp. 40-41 e 120-121.

72 Sobre o entroido de Casa de Naia, cf. FRAGUAS FRAGUAS (1956); GATO SOENGAS (1992), e COUCHEIRO GONZÁLEZ (2021).

73 AHN, Códice L. 1053, fols. 277-292. Cf. GONZÁLEZ PÉREZ (2010).

74 O texto descríbese “*en este trage tan feo / con esa cara sebera / con esos brazos sin hueso / con esos sucios adornos...*”, e di que movía a cabeza para asentir cando o fiscal o interrogaba.

En Betanzos o *Antroido* resultaba condenado e morría *afusilado*, non sen facer testamento e clamar, como o seu avogado, pola inxustiza da sentenza, pois:

*Sólo su afán es la risa,
a todos da diversión
y el no se mete con nadie,
sino le dan ocasión.
Una vez que solo al año
su nombre se le festeja,
porque es el que hoy se celebra
¿no se ha de usar de indulgencia?
Merecida pues la tiene
por la diversión que causa,
y en prueba de que la aguarda,
aquí a todos les abraza.*

En relación con estas execucións carnavalescas de Mecos hai que poñer outros festexos similares como as *Queimas da Pascua* da Meda e doutras parroquias das comarcas lucenses de Castroverde, Pol e Baleira. Na Meda (Castroverde) facíase a *Farsa Dulcinea*, representación popular en castelán, viva ata a década de 1960, que escenificaba o xuízo, testamento e execución na fogueira dun personaxe feminino, Dulcinea, criada de vida disipada que era condenada a morte e queimada tras un proceso no que interviñan avogados, fiscais e testemuñas a favor e en contra da acusada, á cal se lle permitía facer testamento⁷⁵. Semellante era a *Farsa de Blanca Flor* de Silva (Pol, c. 1945), na que a Pascua estaba representada por unha boneca de palla, Blanca Flor, acusada de adulterio e defendida, cousa insólita, por unha avogada chamada Rosa Campoamor, arremedo, sen dúbida, da deputada santanderina Clara Campoamor, defensora en 1931 do proxecto de lei do voto feminino en España⁷⁶.

Temos tamén textos e noticias de testamentos e sermóns burlescos do Entroido, a maioría monólogos recitados por un veciño que fai o papel de *frade* ou *pradicator*, pero nalgúns casos dialogados como o de Castroverde, documentado dende 1928. Xa mencionei algúns como os de Cobres, e cómpre recordar tamén o *Sermón do Santo Entroido* de Cotobade⁷⁷.

2.6. Batallas grupais

Dende a Idade Media temos documentadas en Europa batallas no Entroido con auga, ovos, fariña, fabas, amendoas, laranxas... tanto nos entroidos rurais como nas cidades⁷⁸, e dende principios do século XX tamén de *Batallas de Flores*. Estas últimas foron introducidas polos alcaldes coa intención de *refinar* as loitas (A Coruña, 1916), pero responden a unha antiga

75 FRAGUAS FRAGUAS (1953).

76 Cf. GÓMEZ VILAVELLA (1952) e (1992). A boneca Blanca Flor chegaba ao xuízo nun carriño tirado por dúas cabras e tiña no corpo un artefacto pirotécnico que estoupaba cando a queimaban.

77 FRAGUAS FRAGUAS (1930).

78 En Pontevedra están documentadas batallas de ovos no entroido, repetidamente prohibidas polas autoridades pero que non desapareceron ata finais do século XIX (ca. 1878), cando a suba do prezo dos ovos as fixo prohibitivas. Tamén existiron lanzamentos de laranxas, pero polas noticias que temos parece que eran pantomimas de cortexo nas que as mozas lles tiraban as froitas dende as xanelas ou balcóns aos mozos que lles gustaban, tanto no entroido como noutras festas, e con elas os mozos rifaban entre eles.

tradición cortesá con raíces medievais. As batallas con comestibles están documentadas no teatro de entroido castelán dende o século XV (*Égloga de Antruejo* de Juan del Encina, ca. 1495), e existiron noutros lugares de Europa, algunhas aínda vivas como a *Narangina* italiana de Ivrea (Turín).

2.6.1 Fareladas

Na actualidade quedan en Galicia, como supervivencia desas loitas grupais de Entroido, as *Fareladas* de Verín, Xinzo da Limia e Viana do Bolo. Son loitas con farelos (fariña) que modernamente se fan no luns ou no domingo *fareleiro*, cos participantes vestidos con monos ou roupa vella e protexidos con máscaras, incluso de pintor ou de submarinista, para evitar que os farelos entren nos ollos e nas vías respiratorias. O costume da fariña é relativamente recente, xa que antes en moitos sitios se botaban uns a outros cinza (domingo *borralleiro*), ferruxe ou serraduras sucias. Orixinalmente parece que eran loitas de sexos, sendo os homes os que acosaban as mulleres para emporcalas, costume tamén documentada en Portugal e no Brasil.

2.6.2 Chichotes

Noutros tempos existiron tamén en Galicia batallas con auga sucia que os contendentes —en xeral rapaces— guindaban con *chichotes* (tamén chamados *cichois*, *cichotes*, *cichóns*, *chirichóns*, *chicróns* ou *chicotes*), xiringas artesanais de cana ou de sabugueiro que temos documentadas nos entroidos de Cotobade, Teixeira e Meiraos (Folgozo do Courel), Sabadelle (Pereiro de Aguiar), Maceda, Armariz (Nogueira de Ramuín) e noutras moitas localidades incluíndo cidades como Pontevedra e A Coruña⁷⁹. Normalmente, as loitas facíanse no *domingo corredoiro*, tamén chamado *domingo de chichotes* ou *de rapaces*, e existiron noutras zonas de Europa e de América Latina (as xiringas denominábanse *bisnagas* en Portugal e no Brasil). Témolos ilustradas dende finais do século XV nas miniaturas dos *Schembartbuche* dos carnavais alemáns de Nuremberg, e abundan no século XIX en gravados que reproducen as festas dos *entrudos* portugueses e brasileiros⁸⁰.

2.6.3 Batallas de Mouros e Cristiáns

As *Festas de Mouros e Cristiáns* están moi estendidas por toda a Península. As máis famosas atópanse na zona levantina e andaluza, pero aínda se fan en Galicia en sete localidades e hai noticias da súa existencia en vinte e oito máis, na actualidade desaparecidas. Foron abundantes ata hai poucos anos, especialmente no sur do país (hainas tamén no norte de Portugal), e sobreviven, representadas anual ou esporadicamente, en Laza, A Franqueira, A Saínza, Trez, Retorta, Mouruás e Mouriscados. Ademais, grazas ao traballo etnográfico de Vicente Risco, Xesús Taboada Chivite, X. M. González Reboredo e outros, temos noticias e descrições de outras moitas, hoxe desaparecidas (Bentraces, Larouco, Redemuíños, Vilanova de Arousa, etcetera)⁸¹.

As *Batallas*, *Guerras*, *Ataques* ou *Disputas* eran e son auténticas representacións teatrais,

79 Cf. RISCO (1957), p. 233, e CASAL y LOIS (2008), pp. 100-101 e nota 82. En A Coruña as menciona en 1823 o madrileño José María Segovia no seu *Diario* (cf. LÓPEZ VALLO (2004), p. 287).

80 No Brasil as *bisnagas* foron extraordinariamente populares no século XIX nos carnavais de Rio de Janeiro, nos que se converteron en símbolo das festas, e as loitas con bisnagas foron reproducidas en numerosos gravados publicados na prensa da época.

81 Recentemente, Xosé Manuel González Reboredo catalogou vinte e catro casos na obra máis completa que se fixo sobre estas festas (cf. GONZÁLEZ REBOREDO (2019)). Eu atopei noticias documentais ou bibliográficas de once casos máis (cf. a miña base de datos en internet: <<https://bit.ly/3MIQKD4>>).

con textos dialogados, vestiario máis ou menos adecuado e unha escenografía que inclúe castelos dos mouros e canóns pirotécnicos, barcos (en Pontevedra), carrozas en forma de naves (Bentraces), cabalos, etc. Temos noticias de *Danzas de Mouros e Cristiáns* dende o século XVI (Santiago, Betanzos), danzas que continuaron no XVII (Vigo, Vilagarcía, Vilanova, Ribadeo), parece que nesa época sen diálogos, cuxa existencia non está documentada ata o século XVIII (Pontevedra, A Coruña, Lugo...). Os textos que conservamos, en galego e en castelán, son dos séculos XIX e XX, e non hai probas documentais da existencia das representacións actuais ata mediados do século XIX (A Saínza e A Franqueira), aínda que poderían ser anteriores e revitalizadas pola influencia das guerras de África que España mantivo en Marrocos⁸².

Hoxe en día as representacións fanse nas festas patronais, en varios casos nas de Santiago e en localidades do *Camiño*. Son tamén frecuentes nos textos as alusións ao Apóstolo, á lendaria *Batalla de Clavijo* e ao *Tributo das cen doncelas*, e a presenza de historias e personaxes do *Ciclo carolinxi* medieval (Carlomagno, Roldán, Oliveros, Reinaldos, Balán, Fierabrás, Ferragut...). Esta temática inseriuse no contexto xacobeo dende épocas temperás (século XI), en relación coas lendas hispano-francesas sobre a expedición militar de Carlomagno en España contra os musulmáns e do descubrimento do *Camiño de Santiago*. Un claro precedente literario medieval para as loitas de Mouros e Cristiáns galegas atópase no denominado Pseudo-Turpín (= *Historia Turpini*), relato do século XII recolleito no Libro IV do *Códice Calixtino* da catedral de Santiago, no que se inclúen dous *Diálogos* en latín Mouro-Cristián que son evidentes precedentes cultos das disputas actuais: o *Diálogo de Carlomagno e Aigolando* antes dunha batalla, que termina coa conversión e bautismo dos mouros, e a famosa *Disputa de Roldán e Ferragut*, seguida de combate singular entrambos e vitoria do cristián, xusta da que temos abundantes referencias na literatura e numerosas representacións plásticas na arte románica. Esta *Materia de Roncesvalles* seguiu sendo popular na Idade Moderna (*romanceiro*, *Historia de Carlo Magno e dos Doce Pares de Francia...*), e popularizouse aínda máis no século XVIII coas secuelas da *Historia de Carlo Magno* e os pregos de cordel que as transmitiron, moi apreciados entre os lectores das clases populares galegas.

Sabemos que nalgúns lugares as representacións se facían tanto nas festas patronais coma no Entroido [en Bentraces (Barbadás), por exemplo]. Temos noticias doutras localidades nas que tamén se fixeron no Entroido: Lalín, Larouco, Santa Tegra de Abeleda (Castro Caldelas) e Nerga (Cangas), e dalgunhas máis que probablemente tamén se facían no tempo do carnaval [A Armada (Cartelle), Magros (Beariz), e A Rúa].

En Larouco (Ourense), o combate fíxose ata os anos 30 e, segundo Taboada Chivite, representábase nas aforas da aldea con utilización de “*cañones de corcho y tizonas*”, rematando co triunfo dos cristiáns e coa rexouba estrondosa dos asistentes. No Entroido de Santa Tegra de Abeleda (Castro Caldelas), segundo testemuño dun informante maior da localidade recollido por Emilio Araúxo en 1990, na primeira metade do século XX facíanse representacións de Mouros e Cristiáns: “*na Abeleda o martes de carnaval, eu acordo que facían de mouros e cristiáns, vestidos o mouro de mouro e o cristián de cristián. De soldados. E entón formaban a batalla. Iso estaba moi ben*”, e sabemos tamén que no Entroido de Nerga (Cangas do Morrazo), a finais dos anos 50 facíase unha pantomima na que interviña o lendario heroe carolinxi Roldán,

82 Demetrio Brisset sinalou hai tempo que é probable que as guerras de África de finais do XIX e principios do XX revitalizasen as antigas representacións de Mouros e Cristiáns en España, e en Galicia González Reboredo atopou indicios disto mesmo en varios lugares. Especialmente claro é o de Mouruás (San Xoán de Río), onde un dos mouros da *Batalla de Muliabás*, variante popular do nome de Muley-el-Abbás, irmán do sultán de Marrocos durante a guerra hispano-marroquí de 1850-60, que tivo unha ampla difusión na prensa española da época e popularizou personaxes como este líder marroquí, derrotado polo xeneral Prim e asinante do *Tratado de Wad-Ras* que puxo fin á denominada *Primeira Guerra de África*.

sobriño e paladín do emperador Carlomagno⁸³. En Lalín (Pontevedra) facíanse unhas *Guerras do Entroido* chamadas *piñatas*, entre elas unha que Vicente Risco describiu así: “*Hai nelas un xeneral mouro e outro cristián, e con cada xeneral van os lanceiros e os oficios. Os lanceiros levan guerreiras vellas, bandas e puchos altos moi adornados. Diante vai o correo e pide paso e contéstanlle en verso rimbombante; botan o desafío con versos feitos por iles e deprendidos. E despois avanza o exército*”. Por último, cómpre lembrar que as disputas dos *Xenerais* do Entroido da Ulla, e o de Lalín era un deles, poderían ser transformacións de antigas loitas de Mouros e Cristiáns (cf. *supra* cap. 2.1.2).

2.7. Apropósitos no carnaval urbano

Na segunda metade do século XIX foron habituais nos teatros e nos salóns das sociedades culturais e recreativas das cidades e vilas galegas representacións de Entroido tituladas *Apropósitos*, ás veces en prosa e outras en verso ou mixtas, case sempre con partes cantadas e música de pezas coñecidas, maioritariamente *Zarzuelas* e *Revistas*, ou con partituras compostas para a ocasión⁸⁴. Sempre de carácter cómico e burlesco, moitas veces en forma de testamento, e con frecuentes alusións aos sucesos políticos e veciñais do ano, representacións de carnaval nos teatros galegos documentadas con ese título hainas dende 1863 na Coruña⁸⁵, Betanzos, Ferrol, Lugo, Santiago, Vigo, Pontevedra e outras vilas menores como Ribadeo, Tui, Viveiro, Vilagarcía ou Pontearreas. É interesante anotar a práctica ausencia de noticias procedentes da provincia de Ourense na que, pola contra, se concentra a maioría das noticias sobre representacións teatrais de entroido de carácter popular.

83 Sobre o asunto, Xosé María Álvarez Blázquez dixo o seguinte: “*Un día non lonxano nós mesmos fumos gratamente solprendidos, ao asistir nunha xeira gozosa no Antroido de Nerga (Península do Morrazo), a certa pantomima na que un persoa brandía unha longa espada de madeira, en cuia folla leíase: ‘Espada de Roldán’*”. Cf. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ (1964/2008), p. 28.

84 Sobre os apropósitos galegos véxanse, entre outros: LABARTA POSE (1900); ESTRADA CATOIRA (1926); ESTRADA CATOIRA (1930); BREY & SALAÚN (1989); BREY & SALAÚN (1995); CUNS LOUSA (1999); DAVIÑA SÁINZ (2005), e SANTIAGO MONTERO (2017).

85 Dende 1851, polo menos, recitábase no entroido da Coruña un testamento ou sermón burlesco a cargo dun membro do *Circo de Artesáns*, e en 1859 conservamos impreso o primeiro texto, co título: *Discurso burlesco / compuesto por Cuatro Amigos del dios Momo; y recitado en el Teatro Principal ... por el socio del Circo de Artesanos Antonio Díaz Marey*, Imprenta de *El Diario*, a cargo de C. Míguez, A Coruña, 1859; obra en prosa e en verso, combinando castelán e galego, que ten como tema a burla das mulleres pola súa suposta veleidade no amor e pola súa tendencia ao malgasto, rematando cuns versos galegos de despedida ao Entroido:

*Vaite con Dios antroidiño
non cho pensaba de ti
que nos tratases así
téndoches tanto cariño.
Vaite c'un demo ou cun ceo,
que pardiola non hay queixa,
para enredar á madeixa
fuches ti como ninguen.
Deixas á os polos é galos
as galiñas á as polas,
á elas feitas unas tolas
eles uns escomulgados”.*

Estes testamentos son os antecedentes dos apropósitos carnavalescos, documentados con ese nome dende 1863, cando se fixo na Coruña “*Apropósito dramático, testamento y discurso*”. Antonio de la Iglesia describe así os festexos teatrais do entroido coruñés de 1863: “*El espectáculo empezó por la representación del Apropósito, en verso y en un acto, cuyo argumento tenía por objeto, que el Carnaval que se hallaba postrado en cama, efecto de sus excesos, se preparase para dar su disposición testamentaria. El gran secretario lamenta la desgracia y en un bien escrito diálogo con los médicos, acuerda, que el paciente haga su testamento (...) Luego el hermanuco mayor pronunció un discurso salpicado de oportunos chistes, y los aplausos se sucedieron sin interrupción. Recitado fue con sin igual gracia, lo que revela las felices dotes que el aficionado autor reúne para el difícil arte de la declamación*” (cf. IGLESIA GONZÁLEZ (1863), pp. 39). O Apropósito representado foi o seguinte: *Final del carnaval: apropósito sin pretensiones para representarse en la noche del Miércoles de Ceniza de 1863*, Est. Tip. de Puga, A Coruña, 1863.

Foi na Coruña onde naceron e gozaron de maior popularidade, e tamén onde se conservaron máis textos, xa que anualmente o *Circo de Artesáns* convocaba un concurso e patrocinaba a representación e a impresión da peza gañadora. Ademais, outras sociedades e empresarios teatrais facían tamén os seus apropósitos, chegando a representarse cinco ou seis distintos nun só Entroido. En Galicia cataloguei 242 representacións entre 1863 e 1936, data en que desapareceron pola guerra e polas prohibicións franquistas⁸⁶. Así e todo, en 1949 o alcalde coruñés Alfonso Molina encargoulle a Antonio *Nito*, que xa fixera moitos apropósitos dende 1928, renovar o costume, aínda que con textos censurados, e os apropósitos resucitaron na Coruña. *Sálvese quien pueda* foi o primeiro desta segunda etapa, e *Nito* seguiu facendo ata 1966 (*Mantenga limpios los ferretes* foi o derradeiro da súa autoría). En 1984 recuperou a tradición o seu neto Antón de Santiago Montero cunha peza sobre a controversia da capitalidade de Galicia (*Foi medida desmedida, decisión descomunal, xa o comentan os ingleses, trasladada-la capital*), e as representacións continuaron, con algunhas parénteses, ata o século XXI (2011, parodia sobre a fusión das Caixas de Aforros galegas: *En-Caixa ou non encaixa?*).

Houbo nas vilas e cidades galegas auténticos especialistas neste tipo de pezas, como Daniel Álvarez Romero, A. Santiago Álvarez *Nito* e o xornalista Eduardo Serrano na Coruña; Aureliano José Pereira en Pontevedra; Wenceslao Veiga Gadea en Ferrol ou Antonio Fernández Arreo en Vigo, entre outros moitos⁸⁷. Ademais, os libretos de non poucos dos apropósitos que coñecemos foron obra de autores de certo prestixio na cultura galega de finais do século XIX e principios do XX, como un dos fundadores da *Real Academia Gallega* en 1906, Manuel Amor Meilán, o lingüista e literato Eladio Rodríguez González, Alfredo de Lafuente, Eduardo Brañas, Amador Fernández Diéguez, Pablo **Pérez** Costanti, Adolfo Torrado Estrada, etcétera.

Xa mencionei que a música destas pezas de teatro de entroido estaba en moitos casos composta de melodías coñecidas de zarzuelas, tangos e revistas madrileñas, pero hai tamén partituras compostas expresamente para os apropósitos por músicos profesionais, algunhas de notable calidade e obra de músicos de prestixio en Galicia como Isidro Puga Otero, Constante Suárez *Chané*, Prudencio Piñeiro, Juan Serrano Marqués ou Julio Cristóbal Rodríguez⁸⁸. Houbo tamén auténticos especialistas neste tipo de pezas, como Benito Vilumbrales, director da Banda de Música do Hospicio de Ferrol e autor de dez partituras para os apropósitos da cidade entre 1883 e 1911.

86 117 desas representacións tiveron lugar na Coruña, 44 en Ferrol, 19 en Betanzos, 17 en Pontevedra, 11 en Santiago, 10 en Vilagarcía, 7 en Vigo, 8 en Lugo, 3 en Tui, e 1 en Bueu, Fene, O Seixo (Mugardos), Cangas, Pontearreas, Ribadavia, Sada e Viveiro. Cf. a miña base de datos: <<https://bit.ly/3rMXtg7>>.

87 Ramón Deltell, Joaquín Arévalo Rodríguez, Federico Dopico e Manuel Masdías Sánchez en Ferrol; Fernando Fiaño Miravles, Francisco Otero Beade, Claudino Pita Pandelo, José Alguero Penedo e Julio Sónora en Betanzos; Hipólito León Martínez en Tui; Joaquín Gauche Hermoso, Daniel Álvarez Romero, Julio Rodríguez Yordi, Adolfo Torrado Estrada, Antonio Carricarte e Tomás Ares Pena (*Xan das Bolas*) na Coruña; Manuel Rey Pose en Vilagarcía; Andrés Muruais, Enrique Labarta, Aureliano José Pereira e Javier Valcarce Ocampo en Pontevedra...etcétera.

88 *Chané* chegaría a ser un reputado autor en Galicia e son súas pezas tan famosas como *Unha noite na eira do trigo*, *Un adios a Mariquiña*, e *Os teus ollos*. Prudencio Piñeiro foi un recoñecido músico, compositor e profesor de música que viviu en Vigo ata 1910 e logo en outras localidades galegas e portuguesas. Entre as súas obras destacan *Que ten o mozo?*, e *Como chove miudiño*, con letra de Rosalía de Castro. Julio Cristóbal Rodríguez puxo música en A Coruña a varios apropósitos e foi autor tamén da partitura da zarzuela galega *Carmeliña* (1906), con libreto de Lorenzo García Huerta e Tomás Longueira Díaz. Juan Serrano Marqués dirixiu boa parte dos orfeóns e bandas de música de Galicia, púxolle música a tres apropósitos pontevedreses entre 1906 e 1912 e tamén a varias zarzuelas, entre elas a titulada *Una fiesta en Galicia* que foi estreada en 1905 en Madrid no Teatro de la Zarzuela.

2.7.1. Apropósitos en galego

Os textos dos apropósitos son en castelán na maioría das pezas conservadas, pero xa nos testamentos do entroido coruñés da década de 1850 aparecía o galego, e posteriormente fixéronse moitas pezas bilingües, a maioría cun uso diglósico do galego, que só o falan os personaxes populares como labregos, peixeiras, etcétera. A lingua empregada está, ademais, frecuentemente acastrapada, e esaxera ata o esperpento algúns trazos fonéticos (como a gheada), supostamente con intención cómica e para provocar a risa nun público urbano castelanfalante. Este é o caso, por exemplo, dos apropósitos de Wenceslao Veiga Gadea en Ferrol (*Tío Xan dos Bardales*, de 1884, e *El Ministro en Ferrol* de 1904). Non obstante, hai pezas en que o galego utilizado non é un *patois* ridiculizador, como na coruñesa titulada *La última voluntad del Carnaval* (1876), na que un personaxe popular, Roque Badua, solicita a herdanza do *Entroido* para o pobo coruñés fronte aos señoritos:

¡Soséguese suas mercedes
Q' a herencia pra todos dá,
E xa q' hay tanto molete
N' hay que facer como os cas!
Sé asi berran os señores,
¿Para nós que queda xá? [...]
Acougen, ou xuro a moca
Q' hay xuicio catalan,
Non remexei o catarro,
Q' o Albacea, cumprirá
A veluntá do defunto.
Tempo, ó tempo je nada mais! [...]
¡A modo oh!... n' hay que ladrar!
Ou malos demos me léven
Se non fuxis hastra Cais!
Eu son do Señor Antroido
Un hardeiro! Lacazás!
Quen vos dixo ós señoritos
Q' eu non son fillo d' Adan,
E que non teño servicios
Como o millor q' alegar?

Outro caso é o do *Apropósito del Carnaval de 1885* na Coruña, obra de Daniel Álvarez Romero, no que o personaxe *Petoscheos* fala un galego correcto e fai unha acendida denuncia da situación económica e política de Galicia:

*Pra terra de escravos, parez que Galicia
no mundo tan soilo por sorte naceu;
que n' hay outro eido mais engoumeado
qu'ó chan dond'o verce de nos se meceu.
Eiqui, meus señores, non vimos ainda
de qu'os gobernantes nos dén proteucion
prométennos moito, pro nada nos cumpren
en pago da nosa leyal sumision.*

*De cote as gabelas aumentan, deixando
sobrados é hórreos limpiños de gran,
y- os probes gallegos en van agarimos
agardan d'aqueles que probes os fan*⁸⁹.

Probablemente sexan Eladio Rodríguez e Alfredo de la Fuente os autores que utilizaron o galego nos seus apropósitos con máis naturalidade, e tamén con intención reivindicativa da lingua. É certo que o galego dos seus personaxes non está exento de castelanismos, e en ocasións achégase ao castrapo, pero en conxunto a lingua é correcta, aínda que popular ou enxebre. Destaca nas súas obras o personaxe de *El gachó del cisne* Xan Peisano⁹⁰, Labrador retranqueiro que, farto de cregos e de impostos, ameaza con esquecer a tónica mansedume galega e reivindica, con atrevemento e esaxeración carnavalescos, o uso da lingua galega na igrexa e na escola, a música e os costumes do país, e incluso a autonomía para Galicia:

*Eu chámome Xan Peisano;
nacin aquí n'esta térra;
crieime mal como puden
n'o curruncho d'unha aldea;
vivin sempre entre rebaños
de bois é vacas marelas,
é non conseguin ser máis
d'o que son. Na nosa terra
todos van sempre pr'arriba:
Xan Peisano nunca medra,
pois anque pide xusticia
nunca lla dan nin lla prestan [...].*

*E miren vostés, o día
qu'este Xan Peisano queira,
arma unha de Dios es Cristo
é haill'aquí á mar é morena [...].*

*Mais por eso Xan Peisano
vai sempre adonde lle peta.
Vestido xa por costume
con cirolas é monteira,
solo ven á pedir hoxe
a autonomía gallega [...].*

89 Cf. ÁLVAREZ ROMERO (1885), p. 23.

90 Cf. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ & DE LA FUENTE (1898). Tamén *Nito* utilizou nos anos 30 o galego nos ferretes dos seus apropósitos coruñeses, e o seu neto Antón Santiago Montero recuperouno nos anos 80. O seguinte ferrete é de *Nito* en *¡Anda la Orga!* de 1932:

*A Fandiño, o noso alcalde,
pásalle unha cousa cuca:
falando tartamudea
e lendo se trabuca.*

*Eu en nome d'os gallegos
que naceron n'esta térra
pido qu'en toda Galicia
non haxa mais que monteiras,
é cirolas é polainas;
pido qu'aquí solo sean
gallegos, os empregados;
pido que na nosa térra
non manden min'eos de fora;
pido que desaparezan
as novidades que veñen
de Madri: son extranxeiras;
pido que se substituyan
as levitas por chaquetas,
porq'os que gastan levita
traíannos sempre á baqueta;
pido qu' a misa dos cregos
sea unha misa gallega;
pido que canto pagamos
por consumos é gabelas,
se reparta aquí en Galicia
pois hoxe todo nos levan;
pido que os nenos d'a escola
ll' enseñen a nosa lengoa;
pido que seipan os maestros
falar a fala gallega;
pido que non haxa bandas
de múseca nin orquestas,
é que tan solo haxa gaitas
pra bailes, ruadas é festas;
pido qu'os nomes d'os pobos,
d'as calles e d'as aldeas
non estén en castellano.
¿Por qué ha de ser «Rúa nueva,»
poño por caso, á Rúa nova?
¿Por qué decir «Alameda»
cando e moito mais bonito
chamarlle calle d'as Bestas?

Bibliografía citada:

- ALFEIRÁN, Xosé, *Choqueiros : Breve crónica histórica do carnaval coruñés*, Concello da Coruña, A Coruña, 2018.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario & XOVE FERREIRO, Xosé, “Un testamento do galo de 1786”, en: Amado Rodríguez, Teresa (et ali., ed.): *Iucundi acti labores. Estudos en homenaxe a Dulce Estefanía*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, 2004, pp. 501-525.
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María, *Cantares e romances vellos prosificados. Discurso de ingreso na Real Academia Galega* (28/11/1964), RAG, Santiago de Compostela, 2008.
- ÁLVAREZ ROMERO, Daniel, *Apropósito del carnaval de 1885: escrito en verso por Daniel Alvarez*, Establecimiento tipográfico de J. Puga, A Coruña, 1885.
- AMADO ROLÁN, Nieves, “O Entroido galego na Idade Media. Referencias documentais”, en: *Ágora do Orcellón*, Instituto de Estudos Carballiñeses, nº 25 (2013), pp. 61-76.
- ARAÚXO, Emilio, *No retrato dos alustros (O entroido na ribeira de Caldelas e máis arriba)*, Toxosoutos, Noia, 2018.
- ARCA CALDAS, Olimpio, *O Entroido no Ulla: medio século dos xenerais estradenses*, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Pontevedra, 1995.
- ARCA CALDAS, Olimpio, “Os carnavais na Estrada”, en: *Tabeirós Terra: Xornal Cultural da Estrada*, nº 6 (1999), pp. 11-14.
- BAJTIN, Mijail, *La cultura popular en la Edad Media y el Renacimiento. El contexto de François Rabelais*, Alianza Editorial, Madrid, 1987.
- BALDOMIR CABANAS, Xohán Xabier, “Unha aproximación ao Sainete ou Entremés de Bora”, en: *IX Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Galiza nos contextos globais: perspectivas para o século XXI* [Comunicación], Santiago de Compostela, (14/07/2009).
- BANDE RODRÍGUEZ, Enrique, “O Entroido nun pobo de Ourense: na parroquia de Sande”, en: *Grial*, 76 (1982), pp. 221-226.
- BASALO BEMBIBRE, Pedro, “Entre brindes e cobres”, en: *Entroido en Galicia : Onde ir, que ver*, O Sil, O Barco de Valdeorras, 2017, p. 68.
- BAUSINGER, Hermann, *Folk Culture in a World of Technology*, Indiana University Press (col. Folklore Studies in Translation), Bloomington & Indianapolis, 1990.
- BENAVENTE JAREÑO, Pedro & FERRO RUIBAL, Xesús, *O Libro da Vaca : Monografía etnolingüística do gando vacún*, Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela, 2010.
- BLANCO PRADO, Xosé Manuel & PERNAS BERMÚDEZ, Carme, “O Entroido ribeirao. Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo)”, en: *CROA: boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*, nº 22 (2012), pp. 78-105.
- BLANCO PRADO, Xosé Manuel & GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel, “O entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo. O Volante, o Peliqueiro e o Oso”, en: *Tempos de festa en Galicia* [coordinación, Benxamín Vázquez González], Afundación, A Coruña, 2006, vol. 1, pp. 127 -138.
- BOUZA-BREY TRILLO, Fermín, “Teatro de Carnaval en Galicia”, en: *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, tomo V, nº 3 (1949), pp. 435-57.
- BREY, Gérard & SALAÛN, Serge, “Los avatares de una fiesta popular: el Carnaval de La Coruña en el siglo XIX”, en: *Historia Social*, Fundación Instituto de Historia Social, nº 5 (1989) , pp. 25-35.
- BREY, Gérard & SALAÛN, Serge, “L'embourgeoisement du Carnaval urbain espagnol au XIXe siècle : le cas de La Corogne”, en: *Ville réelle, ville rêvée. Les Cahiers du CREHU* nº4, Presses Univ. Franche-Comté, 1995, pp. 123-128.
- CARO BAROJA, Julio, *El Carnaval (Análisis histórico-cultural)*, Taurus, Madrid, 1965.
- CASAL y LOIS, José, *Costumbres populares : apuntes acerca de juegos, diversiones, pasatiempos, entretenimientos y juguetes de mujeres y hombres, juveniles y de muchachos* [edición, estudio y notas de Xosé Fuentes Alende], Consello da Cultura Galega-Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2008.
- COCHO de JUAN, Federico, *O Carnaval en Galicia*, Xerais, Col. Universitaria, Vigo, 1990.
- COCHO de JUAN, Federico, “O entroido na montaña oriental ourensá”, en: *Tempos de festa en Galicia* [coordinación, Benxamín Vázquez González], Afundación, A Coruña, 2006, vol. 1, pp. 139-147.
- CORDERO CARRETE, Felipe Ramón, “Don Andrés de Losada y Sotomayor. Alguacil Mayor de la Ciudad y Arzobispado de Santiago (1707-1790)”, en: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. VI (1946), pp. 249-278.
- COUCHEIRO GONZÁLEZ, Patricia, “O entroido en Casa de Naia e San Xusto”, en: *Cairón. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns*, Deputación provincial de Lugo, Monterroso, nº 5 (2021).
- CUNS LOUSA, Xulio, “A propósito do Apropósito”, en: *Anuario brigantino*, nº 22 (1999), pp. 463-484.
- DASAIRAS VALSA, Xerardo, *O entroido en terras de Monterrei*, Edicións do Cumio, Vilaboa (Pontevedra), 1990.
- DAVIÑA SÁINZ, Santiago, “Los Apropósitos”, en: *Cuadernos de noticias históricas*, Asociación Cultural de Estudos históricos de Galicia, A Coruña, nº 14 (2005) s. p.
- DURO PEÑA, Emilio, *La música en la Catedral de Orense*, Caixa Ourense, Ourense, 1996.
- ESTRADA CATOIRA, Félix, “A propósito de los apropiósitos”, en: *La Voz de Galicia* (17/02/1926), p. 1.
- ESTRADA CATOIRA, Félix, *Contribución a la historia de La Coruña: la Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos en sus ochenta y tres años de vida y actuación*, Tip. El Ideal Gallego, A Coruña, (s.d.) 1930.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco, “Os traballos e os días en tres aldeas galegas”, en: *Grial*, vol. 19, nº 71 (1981), pp. 21-37.
- FIDALGO COLMEIRO, Carme (coord.), *O Alto dos Xenerais : Os Entroidos da Ulla : Vila de Cruces, Silleda, A Estrada, Vedra, Padrón*, Xunta de Galicia, Silleda, 2008.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, Xosé Antón, “Achega etnográfica á celebración do entroido en Vilariño de Conso”, en: *VV.AA., III Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego. O Ciclo do Entroido, de práctica social comunitaria a obxecto de estudo etnolóxico*, Deputación provincial-Centro de cultura popular Xaquín Lorenzo, Ourense, 2010, pp. 37-44.
- FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, “O entroido nas terras do Sul de Cotobade”, en: *Nós : boletín mensual da cultura galega*, nº 77 (1930), pp. 84-94.
- FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, “Máscaras y sermones de carnaval en Cotobad”, en: *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, II (1946), pp. 435-457.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, “Farsas de carnaval en Touro (Coruña”, en: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, VI, 20 (1951), pp. 431-41.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, “Notas sobre el fuego en Galicia. La farsa *Dulcinea* o la quema de la Pascua”, en: *Zephyrus*, vol. IV, nº 26 (1953), pp. 401-415.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, “La Farsa de Casadenaya (Antas de Ulla)”, en: *Boletín de la Real Academia Gallega*, vol. 27, nº 309-320 (1956), pp. 162-166.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, “Aportación al estudio del teatro popular en Galicia: la farsa de Ribadulla”, en: *Actas do 1º Congreso de Etnografía e folclore : promovido pela Câmara Municipal de Braga (de 22 a 25 de Junho de 1956)*, Junta da Acção Social, Lisboa, 1963, vol. II, pp. 233-239.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, “Corrida do Galo”, en: *Gran Enciclopedia Gallega*, Silverio Cañada, Gijón-Santiago, 1974, vol. 7, pp. 176-181.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, “Literatura popular en torno al casamiento, embarazo y parto”, en: *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, nº 32 (1976), pp. 185-196.

FRAZER, James George, *La Rama Dorada : Magia y Religión*, F. C. E., México - Buenos Aires, 1951.

GÁNDARA y ULLOA, Frai Felipe de, *Nobiliario, armas y triunfos de Galicia: hechos heroicos de sus hijos y elogios de su nobleza y de la mayor de España y Europa*, Julián de Paredes, Madrid, 1677.

GARCÍA DE DIEGO, Pilar, “El testamento en la tradición popular : Testamentos de víctimas”, en: *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, Madrid, IX (1953), pp. 601-666.

GARCÍA SÁNCHEZ, Jairo Javier, “El *Testamentum Porcelli*, una fuente de latín vulgar siempre sugerente”, en: *Romanística UM*, Universidade de Coimbra, Coimbra, 2014, pp. 53-70.

GARCÍA SANTOS, Alfonso & SENÉN LÓPEZ GÓMEZ, Felipe, *Antroidos e máscaras na Galiza rural*, Sermos Galiza, Santiago de Compostela, 2019.

GATO SOENGAS, Antonio, *O entroido de Casa de Naia*, Deputación provincial, Lugo, 1992.

GÓMEZ VILABELLA, Xosé M^a, “Folklore gallego : Quema de Pascua”, en: *El Progreso*, Lugo, nº 13932 (18/05/1952), p. 7.

GÓMEZ VILABELLA, Xosé M^a, *Historias intra da bisbarra. Castroverde, Pol e Baleira*, Deputación Provincial, Lugo, 1992.

GONZÁLEZ MONTAÑÉS, Julio I., “Teatro de Entroido en Galicia”, Base de datos en liña: <<http://teatroengalicia.es/bases/teatrodeentroido/>>.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio, “Unha *acusación* ou testamento do entroido de Mondoñedo de mediados do século XIX”, en: *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, nº 5 (2010), pp. 23-42.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel & MARIÑO FERRO, Xesús, *Entroido en Galicia*, Deputación Provincial, A Coruña, 1987.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel & MARIÑO FERRO, Xesús, “Aportación al Estudio de la fiesta de Carnaval en Tierras de *A Ulla*”, en: *Gallaecia*, nº 9-10 (1987B), pp. 161-194.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel & GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio, *Sociedade e tecnoloxía tradicionais do val de Ancares*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1996.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel, “Festas do ciclo anual”, en: *Galicia. Antropoloxía.*

Vol. XXVII: Religión. Creencias. Fiestas (RODRÍGUEZ IGLESIAS, Francisco & PÉREZ NEGREIRA, M^a del Mar, eds.), Ediciones Hércules, A Coruña, 1997, pp. 262-352.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel, *Festas con representacións de mouros e cristiáns en Galicia e terras do noroeste veciñas*, Edicións Fervenza, Silleda, 2019.

HARRIS, Max, “Carnival in Galicia: Scattered Ants, Whipped Backs, and Hammered Plowshares”, en: *The Drama Review*, vol. 44, nº 3 (2000), pp. 154-170.

IGLESIA GONZÁLEZ, Antonio de la, “Carnaval de La Coruña en 1863. Crónica del Carnaval-Coruña 1863”, en: *Galicia: Revista Universal de este Reino*, año 4, nº 5 (1863), pp. 33-39.

KOOPMANS, Jelle, “Public ou publics? Farces et sotties en France à la fin du Moyen Âge”, en: *XI Colloquium, Société Internationale pour l'Étude du Théâtre Médiéval, Elx, 9-14 de agosto de 2004*, Universidad de Valencia, 2004.

LABARTA POSE, Enrique, *El carnaval de 1900 en Pontevedra*, Tip. La Oliva, Pontevedra, 1900.

LAMAS CARVAJAL, Valentín, “O testamento d'o gato”, en: *O Tio Marcos d'a Portela : parrafeos c'o pobo gallego*, nº 118 (07/03/1886), pp. 5-6.

LÓPEZ-CUEVILLAS, Florentino, “El entroido en Mugares”, en: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, IPSEG-CSIC, vol. XII (1957), pp. 233-237.

LÓPEZ VALLO, F. Javier, “El diario nº 2 de José María Segovia: La Coruña vista por un ilustrado tardío durante el Trienio Liberal”, en: *Nalgures*, Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia, nº 1 (2004), pp. 175-290.

MARIÑO PAZ, Ramón & SUÁREZ VÁZQUEZ, Damián, “Antonio Benito Fandiño e o *Entremesño do Antroido pr'os rapaces* (1813)”, en: *Revista Galega de Filoloxía. Monografía 13: Estudos sobre gramática e sociolingüística galego-portuguesas* [Xosé Manuel Sánchez Rei (ed.)], Universidade da Coruña, A Coruña, 2021, pp. 191-204.

NODAR MANSO, Francisco, *Teatro menor galaico-portugués (siglo XIII): reconstrucción contextual y teoría del discurso*, Ediciones Críticas, nº 25 Reichenberger-Universidade da Coruña, Kassel-A Coruña, 1990.

NÚÑEZ-VARELA y LENDOIRO, José Raimundo & RIBADULLA PORTA, José Enrique, *Historia documentada de Betanzos de los Caballeros*, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 1984 (2 vols.).

PÉREZ MANDADO, Juan David, *Programa de los actos de útil pasatiempo que tendrán lugar durante los tres días del Carnaval de 1879: los cuales tienen por argumento el descubrimiento del nuevo mundo por Cristóbal Colón*, Imprenta de Ricardo Pita, Ferrol, 1879.

PÉREZ MÍNGUEZ, Fidel, “El Carnaval en Pontevedra”, en: *Nuevo Mundo*, Madrid, nº 323 (14/03/1900), s.p. (2 pp.)

PINHEIRO CARDOSO MARQUES TEIXEIRA, Armelinda, *Testamentos Carnavalescos: Tradição Discursiva Satírica* [Tese de Doutoramento], Universidade de Évora, 2017.

POTEL PARDAL, Francisco, *Costumes d'a terraña*, Imp. y Enc. del Seminario C. Central, Santiago de Compostela, 1911.

RAMÓN y FERNÁNDEZ OXEA, Xosé, “Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza : Folklore de Coaledro (Ourense)”, en: *Nós : boletín mensual da cultura galega*, tomo 12, nº 137-138 (1935), pp. 108-112.

RAMOS ESPINAL, Rosa Alicia, “La corrida del gallo: drama de carnaval”, en: *Cuadernos de*

- Estudios Gallegos*, XXIII (1982), pp. 569-88.
- RISCO, Vicente, “Notas sobre las fiestas de Carnaval en Galicia”, en: *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, vol. IV, nº 2 e 3 (1948), pp. 163-93 e 339-64.
- RISCO, Vicente, “Sobre la vida de los niños en la aldea gallega”, en: *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, vol. XIII, nº 3 (1957), pp. 227-253.
- RISCO, Vicente, “Etnografía: cultura espiritual”, en: Otero Pedrayo, Ramón (dir.): *Historia de Galiza*, Akal, Madrid, 1979, vol. I, pp. 255-762 [1ª ed., Nós, Buenos Aires, 1962].
- RODRÍGUEZ BARREIRO, Lisardo, *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia*, Andrés Martínez, A Coruña, 1890.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio & DE LA FUENTE, Alfredo, *La última broma y perdón que no lo volveremos a hacer más ó El Gachó del cisne. A propósito del Carnaval 1898. Pasillo cómico-lírico-fantástico en dos actos escritos en prosa y verso por los socios D. Eladio Rodríguez González y D. Alfredo de la Fuente*, Imp. Vicente Abad, A Coruña, 1898.
- RODRÍGUEZ PÉREZ, Xosé Ricardo, “O entroido en Maside”, en: *O ciclo do entroido: de práctica social comunitaria a obxecto de estudo etnolóxico: actas III Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego*, 2010, pp. 29-36.
- RODRÍGUEZ VILARIÑO de BARBEITO, Ricardo C., *Monforte, sus monumentos, leyendas y tradiciones*, Imprenta El Eco de Lemos, Monforte de Lemos, 1896.
- ROMERO MASIA, Ana Mª & POSE MESURA, Xosé Manuel, “Unha manifestación do entroido en Barizo : O Xogo das vacas”, en: *Boletín Auriense*, vol. 20-21 (1990-1991), pp. 397-412.
- ROSALES GONZÁLEZ, Xosé Anxo, “As Madamas e o sacrificio do galo”, en: *Actas das I Xornadas sobre o Entroido de Galiza*, SAGA, Pontevedra, 2013, pp. 27-50.
- ROSALES GONZÁLEZ, Xosé Anxo, *As Madamas e o sacrificio do galo : O Entruido do concello de Vila Boa do Morrazo*, Cadernos da Sociedade Antropolóxica Galega, nº 1, Pontevedra, 2014.
- RUBIO ÁRQUEZ, Marcial, “Testamentos poéticos burlescos : hacia la definición de un subgénero literario popular”, en: *La literatura popular impresa en España y en la América colonial : formas y temas, géneros, funciones, difusión, historia y teoría*. Pedro Manuel Cátedra García (dir.), María Sánchez Pérez (ed. lit.), Laura Puerto Moro (ed. lit.), Eva Belén Carro Carvajal (ed. lit.), Laura Mier Pérez (ed. lit.), Salamanca, 2006, pp. 241-251.
- RUDWIN, Maximilian Josef, *The Origin of the German Carnival Comedy*, Alfred A. Knopf, Nova York, 1920.
- SÁEZ GONZÁLEZ, Manuela, “Monforte festejaba antaño la Pascua con un folión”, en: *La Voz de Galicia*, edición Chantada-Sarria (22/04/2013), p. 1.
- SANTIAGO MONTERO, Antón de, *O propósito coruñés. Unha ollada desde dentro*, Concellería de Cultura, A Coruña, 2017.
- SIXIREI PAREDES, Carlos, *San Cristobo de Xavestre : Chequeo a unha comunidade rural*, Ediciós do Castro, Sada, 1982.
- TABOADA CHIVITE, Xesús, “Algunos aspectos del carnaval en Laza (Orense)”, en: *Zephyrus*, vol. IV, nº 26 (1953), pp. 429-437.
- TABOADA CHIVITE, Xesús, *Etnografía galega : Cultura espiritual*, Galaxia, Vigo, 1972.
- TABOADA CHIVITE, Jesús, “El Meco en el contexto mítico de la renovación cósmica y vegetativa”, en: *In Memoriam António Jorge Dias*, Instituto de Alta Cultura-Centro de Estudos de Antropología Cultural, Lisboa (3 vols.), 1974, vol. II, pp. 103-112.
- TENORIO CERERO, Nicolás, *La aldea gallega : estudio de derecho consuetudinario y economía popular*, Imprenta de Manuel Álvarez, Cádiz, 1914.
- VALENTINE, Kristin Bervig & VALENTINE, Eugene, “Theatre in the Streets: Carnaval in Spanish Galicia”, en: *Mediterranean Studies*, Penn State University Press, vol. 8 (1999), pp. 219-230.
- VALLADARES, Marcial (ed.), “Testamento d’o gato”, en: *Biblioteca de las tradiciones populares españolas* (Antonio Machado y Alvarez, dir.), Alejandro Guichot y Compañía Editores, Sevilla, 1884, vol. IV, pp. 84-85.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Benxamín (coord.), *Tempos de festa en Galicia. Tomo I: Entre os Reis e o mes de maio. Tomo II: Entre o Corpus e o mes de agosto*, Afundación, A Coruña, 2006-2008.
- VIAN HERRERO, Ana, “Una aportación hispánica al teatro carnavalesco medieval y renacentista: las *Églogas de Antruejo* de Juan del Encina”, en: *Atti del V Congreso Internazionale del Centroidi studi sul Teatro Medievale e Rinascimentale (Le Laudi drammatiche umbre delle origini)*, Amministrazione Provinciale, Viterbo, 1981, pp. 121-148.
- VICENTI REY, Alfredo, “A orillas del Ulla. Perfiles gallegos IV. La máscara”, en: *El Eco de Galicia*, La Habana, Año 1, nº 12 (01/06/1878), pp. 4-5, e nº 13 (08/06/1878), pp. 4-5.
- VV.AA., *Andando por Bergantiños nº 18. Parroquia de Cerqueda*, Instituto de Estudos Bergantiñáns-Concello de Malpica, 2017.
- VV.AA., *Caderno de Campo. Boletín informativo da Sociedade Antropolóxica Galega. Especial Entroido*, Sociedade Antropolóxica Galega, nº 11, 2019.
- VV.AA., *III Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego. O Ciclo do Entroido, de práctica social comunitaria a obxecto de estudo etnolóxico*, Deputación provincial-Centro de cultura popular Xaquín Lorenzo, Ourense, 2010.

Careto de Podence
(Macedo dos Cavaleiros – Portugal)
Reproducción de Xosé Manuel Seixas.



Entroido e ocultación: profundando no envés do ritual

(mesa redonda)

Moderada: Lois Pérez

Participan: Felipe Senén e Julio I González Montañés

Lois Pérez: Felipe Senén falou a primeira hora da mañá de acultura e ocultura e, en contraposición a isto, falou da mcdonalización do pensamento ou de ardebullización que, en definitiva, fan parte dese proceso de aculturación, de uniformización do pensamento e, por tanto, das nosas manifestacións culturais. Iso que definiu con bastante tino o filósofo coreano Han –Lois fai alusión a Byung Chul Han, autor, entre outros, do libro *A sociedade transparente*–, “a sociedade transparente”; transparente na medida en que tende á eliminación do ritual, do oculto e, por tanto, á imposibilidade de preservar a orixinalidade, o único intransferíbel e incomunicábel que temos nós, a carga de misterio que temos todas as persoas. E Julio, a continuación, hai uns minutos, falou do teatro e os seus elementos que tamén teñen o seu papel, e moi destacado, nas diversas manifestacións do Entroido, verdade?

Por tanto, entroido e teatro teñen elementos en común que apuntan á preservación do ritual, á cerimonia, en definitiva, a iso ao que apuntaba Otero Pedrayo nesa carta que glosou Felipe Senén, onde lle dicía que prescindise dos problemas económicos e apuntase aos problemas do espírito e profundase na cultura.

Citei estas cuestións para xustificar o título do faladoiro, “Entroido e ocultación: profundando no envés do ritual”. E a min paréceme unha boa cousa, xa que Felipe Senén laiou de que me demorei de máis no seu currículo, é probábel, por iso quería preguntarlle a Felipe sobre o que

deixou inconcluso: que papel xogan os sons na preservación dos nosos entroidos?

Felipe Senén: Moi boa pregunta e moi boa introdución, diría. E Xulio, de verdade que tes aí un proxecto museolóxico sobre o parateatro e o Entroido do que as institucións deberían tomar boa nota, dende logo unha publicación xa moi ben estruturada. Entón a pregunta está moi ben feita e diría aqueles versos de Gustavo Adolfo Bécquer: *“Del salón en el ángulo oscuro/ de su dueño tal vez olvidada/ silenciosa y cubierta de polvo veíase el arpa.”*

Estaba como Ulises e o seu arco. Faltaba Ulises, faltaba o artista. Hoxe vemos moitos artistas que están no mundo da política e vemos esa frase tan horribel que di: “a cultura non vende nin dá votos”. E quen fracasamos somos nós. A arpa está aí. Os que faltamos somos nós. O Entroido está aí. Faltan os bos xestores. Un bo xestor foi Isaac Díaz Pardo e case me vexo na obriga de dicir todo o que sei de Isaac... E algún día hai que contar todo iso. Así que os sons, como che dicía, son a salsa de moitas cousas; a percusión márcache un ritmo, revisas a historia dos Beatles, de Sinéad O’Connor, que eu falaba moito con Mercedes Peón... E ves por exemplo, os “ranchos” portugueses, no 15 de agosto, nas festas da Nosa Señora da Agonía, reúnen as tribos: os homes cos seus traxes de camponeses tocando os seus instrumentos de percusión; as mulleres tocando cos sachos, cos fouciños e as gadañas, as chaves da casa, reunidos alí na Alameda de Viana do Castelo, e ao final vence aquel que arrastra co seu ritmo a todos os demais. Aí hai unha base ancestral. A arte nunca morre. Os que morren son os artistas. E esa corda tan inmensa que é a relación con outros pobos hai que engarzala... Algúns dos nosos intelectuais deberan decatarse de que a verdadeira orixinalidade está na túa propia orixe. Estamos perdendo moitas cousas e caemos na “batucada”.

Fáltanos un pouco ese *charmé*... Laxeiro pintaba co que tiña cousas magníficas, non facía como Seoane que era moi coidadoso, ía a Alemaña a facer o estudo axeitado...

Toño Núñez pregunta sobre algúns temas de teatro, como se o desfile do San Froilán pode ser considerado teatro.

Julio: Ben, si, unha cousa é o que chamamos teatro hoxe e outra cousa é o que era o tempo, é dicir, dentro do que chamamos teatralidade... Eu considero que si é teatro.

O San Froilán foi unha das festas galegas onde o teatro está documentado desde o S. XVI. A festa do San Froilán sempre tiña representacións teatrais, moitas veces de compañías españolas que entraban en Galicia por esa festa, e a partir do S. XVIII hai noticias de representacións teatrais xa de veciños.

Felipe: Xulio, déchesme moito que pensar, o nome de carnaval vén de *carnevale*, que vén de *carne levare*.

Julio: A palabra entroido, a coresma...

Felipe: O anverso e o reverso...

Julio: Todo o pensamento medieval, todas as raíces profundas. O neolítico eu digo que non; é a igrexa a que fomenta iso. Díxeno ao principio, hai un texto ben interesante, referíndose a un reitor da Facultade de Teoloxía da Universidade de París que xa quixo prohibir a festa no século XV:

“Os nosos eminentes devanceiros permitiron esta festa, por que se nos vai prohibir agora? Non facemos o festexo en serio senón por pura broma, para divertirnos segundo a tradición, e por iso unha vez ao ano rendémonos á tolemia, que é a nosa segunda natureza, que semella innata en nós. Os bocois de viño estouparían se non lle sacásemos de vez en cando o tapón para airealo. Daquela, entregámonos ás bufonadas durante uns días para logo dedicarnos ao servizo de Deus con maior fervor.”

Esa é a aceptación eclesiástica do entroido. É certo que a Igrexa prohibiu ou quixo prohibir o Entroido en ocasións, pero non, o Entroido forma parte da liturxia cristiá. É dicir, é un ritual de inmersión que consolida a orde social, para o que de vez en cando hai que quitarlle os tapóns aos bocois de viño, que se non estoupan.

Felipe: Como rito de pasaxe, de iniciación.

Julio: Claro, claro.

Felipe: Tamén dixeches unha cousa que me deu moito que pensar: que non hai outro país que teña tanta riqueza no escarnio e no maldicir, que están tras os versos aí, que é o que recolle Rodrigues Lapa, que faltan os que dis ti, eses grandes creadores da música que recollan as cantigas de escarnio e maldicir, que logo na degradación cultural xeran:

Aí vai carallo, aí vai / Apaga a luz Marica Chús Chús

Que teñen un carácter tamén, aí hai unha gran fonte creativa, para recrear sobre ese tema, que non se tirou nunca do fío, non?

Julio: Algo tiraron por aí, eu de verdade penso que as cantigas de escarnio e maldicir son teatro, se collemos catro ou cinco e se colocan ordenadas, son un diálogo perfecto.

Felipe: Eu creo que todas as cantigas, incluso as de amigo.

Julio: Esas son teatro, non de entroido, pero non teñen o compoñente cómico, satírico, subversivo. Pero si, eu creo que a lírica galego-portuguesa foi posta nos libros como poemas escritos para ser lidos, e non.

Felipe: Responden a un gran momento de esplendor de Galicia, con Compostela e todo o que significa...

Julio: Si, si, pero as cantigas representábanse, non sairían nun libro como facemos hoxe nós, non, non, recitábanse en público, con diferentes cantantes e música. En representacións teatrais e dentro delas había cantigas de amor, efectivamente, e hai un subxénero que é o das cantigas de maldicir, e aí están para min as bases do entroido.

Toño Núñez: Non sei se coñeces que en Santo Xusto, en Palas de Rei, teñen a vaca e o burro e estas que teñen agora son de creación recente, pero veñen doutras anteriores. Tedes documentado isto?

Julio: Eu non me dou conta de Palas de Rei. Fixen unha vez unha base de datos, e teño catalogadas unha lista de lugares onde houbo vacas, bois,... , pero a de Palas de Rei, non me soa de nada. Teño que miralo iso, si.

Felipe: Eu oín falar, e quen é o listo a vaca ou o burro? Porque sempre hai un listo e sempre hai...

Toño: Creo que case só texto. Non cheguei a presenciar representación, só vin as figuras. En Murias de Rao (Navia de Suarna), despois de botaren toda a noite trouleando, de mañá cedo, os mozos e as mozas van espertar a xente para que non durma. Talvez traspasaron unha tradición típica do Entroido á festa patronal do lugar, o San Lourenzo, que celebran en agosto”

Felipe: Aquí Julio falou moito da dualidade, e vén a conto: que representa o listo e que representa o tolo. É unha dialéctica moi curiosa e un, o cristián, supón o mouro: sempre hai esa dialéctica, e insiste moito, que non era marxista nin moito menos, Vicente Risco nesa dualidade, ben e mal, caos-cosmos, moi presente.

Julio: Pero si que é certo que, na Idade Media, en realidade o mundo concíbese así, o ben e o mal existen por si mesmos, non son consecuencia das accións persoais, existen, o ben e o mal están aí, son dúas caras da mesma moeda. Inverter os roles tradicionais e pasalos a outros

e poñelos do revés non corrompe a orde social nin a orde relixiosa, forma parte da maneira de entender o mundo.

Felipe: Aí teño unha teoría, é o meu cabalo de batalla dende vello, nas miñas conferencias (viña de Filgueira. Eu preguntáballe ao final: “*Que lle parece o que dixen eu, Don Xosé?*” “*Se non è vero è ben trovato*”.

Iso tamén pasa nas miñas experiencias, coñeces as estelas funerarias galaico-romanas, que teñen 3 partes: unha que está pegada ao caos, que é a terra, e aí faise o home, vaste facendo un home, e logo a segunda parte representa unhas ascenses, unhas escenas de pelar, unhas escenas de vendima, que é en realidade o que é a vida, e unhas ascenses para facer o viño, vinicultura, viticultura, e logo todo triunfa na rosácea, no tríscele, nos símbolos solares, caos, ascenses, cosmos.

O Pórtico da Gloria é unha parte dun caos que é a cripta, que vas ascendendo, e danche un pobo de músicos vellos, que é o arco dos 24 anciáns, e logo arriba o cosmos. Caos, ascenses, cosmos.

E aí está a historia grega: “*Dame un pobo de músicos e non de gobernantes*”, que dicía Platón.

O que significa a música tense que poñer de acordo coa sabedoría do simbolismo, e no Entroido efectivamente, é un xogo, digamos, é un gran choque de contrarios, nos ritos de iniciación

Interveñen desde o público e falan da transformación do entroido, do que había antes e de como se fai agora, e quería relacionar, sobre todo relacionado co teatro, que en Xinzo sempre había uns personaxes, sempre estaba esperando a xente de alí que fixesen algo, eran como uns protagonistas do entroido.

Tamén había outros, que iso aínda se leva moito, dentro do mundo da parodia, que se disfrazan de cura, levántase pola mañá, déitase as 3 ou as 4 da mañá, sendo cura, é dicir, leva o seu papel ata o final.

Relata unha historia sobre a improvisación no entroido.

Julio: Ese é o verdadeiro teatro de entroido, efectivamente. E vaise perdendo polo que dicía Felipe.

Felipe: Improvisado de carácter político, de retrans, meténdose co cacique, co cura relixioso. Iso non se transcribía, cando había cousas en que se metían co cacique e o alcalde, pero iso pérdese co tempo. Os manifestos coruñeses estaban feitos, moitos deles, por Don Eladio Rodríguez González, o propio Murguía, pero claro, como se metían co alcalde, non figuraban, algunha vez cando non era conflitivos si o facían.

Julio: En todos os pobos adoita haber xente que ten esa especial habilidade, porque no Carnaval, no Entroido, é o momento.

Branca Villares: Eu quero facervos unha pregunta, supoño que coñeces as comitivas de Reis, que fan os cantos de Nadal. Hai uns anos eu colaborei tamén na recuperación do do Cebreiro. O certo é que non estaba perdida, porque quedaba aínda moita xente que recordaba a tradición.

Eran catro, un rei maior e tres menores, e había a comitiva, ía precedida polo Carantoña, que era unha especie de maragato, levaba careta de coello e unha manta por detrás. O Carantoña non falaba, era un pouco o que pedía licenza para o tema dos cantos, facía ruidos, pero non falaba. Logo estaba o Mochileiro... Eu sempre relacionei aquilo co Entroido, pero sen embargo era moi solemne, non o vexo.

Julio: Son de Entroido, eu coñezo os Ranchos de Reis, da zona do Baixo Miño, os mesmos

que fan o Entroido fan os Ranchos de Reis. Os cantos de Reis que hai en Navia de Suarna son das mascaradas de inverno. Empezan o día 1 do novo ano e esténdense ata o entroido.

Felipe: Pois mira, direiche que por aí, con iso que acabas de lembrar tocámosche a febra tamén, eh!, eu son moi dos magos: no país de Prisciliano representan a epifanía uns Reis que se xuntan coas lavadeiras, cos pastores guiados por unha estrela. Isaac Díaz Pardo morre un día de magos, Castelao morre un día de Magos, Valle-Inclán morre un día de magos, e hoxe que somos tan cretinos e anti-católicos e apostólicos, creamos un perverso que é o Apalpador que vén do monte... Por favor, recuperemos os *villancicos*, que tanto *porrompompón* nin tanta historia, e ademais coidado, que hai *villancicos* de *villanos* e hai panxoliñas de anxos, iso Filgueira estudouno moi ben.

Julio: Que eran dialogados, que se utilizaba vestuario adecuado, unha escenografía...

Felipe: Como as cantigas de escarnio e as de amor. Iso Filgueira estudouno moi ben e é unha pena que se está perdendo iso.

Cesáreo: Por preguntarlle á compañeira, o dos catro reis, podías explicar un pouco?

Branca: Pouco hai que explicar, era o rei maior e os outros tres eran reis menores, pero eran catro. Eu entendo que a lóxica está en que son cantos dialogados, entón o Cantar de Reis do Cebreiro, era un cantar moi ben colocado vocalmente e que é unha especie de mantra, que é moi longo e moi adornado e a partir da estrofa número quince ou número dezaioito e cando realmente comeza a sonar bonito porque é cando a xente comeza a regula a respiración, ben, é un cantar moi bonito, faise moi pesado igual para algunha xente pero é un cantar moi bonito.

E eu entendo, ben, Ana ti non sei se podes contar algo o respecto, que o de ser catro era máis ben polo das réplicas?

Ana: Probablemente

Julio: O de que fosen 3 reis magos non está escrito en ningún lado, a Biblia fala duns magos, non fala de que fosen reis. Chegaron de Oriente, o que pasa é que como levaban 3 regalos, ouro, incenso e mirra, houbo que supoñer que non ían uns sen regalo, entendedes?

De feito, na arte hai casos de catro reis, a portada da catedral de Tui, vai un día e mira alí, hai catro reis magos, e hai casos de 12 reis magos en paralelo aos doce apóstolos. É dicir, que o dos tres reis magos non está escrito en ningún lado.

Felipe: Nos presepios, de Perú, hai 4 reis magos, que é curioso iso dos presepios, como naceu o neno, que é unha cousa preciosísima, democrática, as lavadeiras, os vellos... Todos xuntos alí, e é moi especialmente noso, como o Vía Crucis.

Hai que lle dar sentido a toda esa historia respecto a iso, e hoxe, nunha sociedade tan democrática, onde se están perdendo tantas cousas de antes. Eu fun educado nun colexio maior de Ourense, nun Ourense que era *sui generis*, onde había unha taberna en que case departía docencia Risco, que era o *Volter*, pois no meu colexio obrigábanos no tempo de Nadal a cantar 3 *villancicos*, un en castelán, un en galego e outro a elixir en euskera ou en catalán, e eliximos os de euskera. E hoxe nin *villancicos*, que iso é unha cousa moi relixiosa. Pois xa ves que formación tivemos.

Branca: Só por pechar o tema, apetecíame comentar que lle teño pasado a Antonio Reigosa varias gravacións e composicións sobre un trovador que conservamos na montaña de Cervantes, e que estivo facendo romances dos burros cada vez que morre un no concello ou na comarca. É moi fermoso, porque a min cóntame a veciñanza de Cervantes que cando tiñan un burro moi enfermo, xa para morrer, prefería regalalo a quen pasase por alí para que non lles morrese na casa. Porque se che morría o burro na casa era sinal de que che ía facer un romance

satírico e era o momento de sacar as vergonzas todas da casa, porque nese romance saían mal parados todos os membros da familia, e entón, como non querían dar a escusa para ter ese momento de escarnio público, preferían desfacerse do burro se intuían que estaba malo. Alá son moi apreciadas as composicións tipo testamento do burro e séguese facendo. Queda moi pouca xente que as faga, pero aínda hai quen as fai, e non só no Entroido, senón de todo o ano.

Felipe: Pois hai que recollelo e hai que gravalo.

Branca: Si, estamos niso.

Felipe: E logo aí tes, iso emparenta moi ben coa historia do burro que no Grove estaba maliño, desfeito, ao que levaron á illa da Toxa. Ao cabo dun tempo o burro mellorara, rebozárase alí naquelas augas medicinais do mar, coas algas e todo, e ao mellorar o burro descubriron así as augas e o Balneario da Toxa.

Cesáreo: Estou vendo que si, efectivamente, que hai varias versións do conto do rei mago, chámase Artabán. Cando Xesús era neno recién nado ía polo camiño repartindo a toda a xente xoias. Hai varias versións, escritos, sobre Artabán...

Julio: Iso son os evanxeos apócrifos, porque de feito os nomes de Melchor, Gaspar e Baltasar tampouco están na Biblia. Na Biblia unicamente Mateo, nos seus Evanxeos, ten unha pequena mención a “*uns magos chegaron de Oriente ofrecendo...*”, os nomes e todo iso veñen despois.

Os Evanxeos Apócrifos que a Igrexa non consideraba, digamos, canónicos, que se lían e andaban por aí. Efectivamente, o dos cantos dos Reis Magos a min non me estraña, porque o hai na arte, igual que o do rei negro, que é unha cousa recentísima ou sexa recentísima, si, é un defecto de tradución, ademais.

Cesáreo: Ademais creo que é unha cousa que reivindicamos a xente de Irán, o mundo persa, que os Reis Magos ían de Persia, porque o outro eran un deserto, é dicir, a capacidade de elaborar cultura como o mundo persa non o tiña o outro.

Pero aquí hai unha cousa moi interesante, que este Rei Mago dedicábase a desentrañar os segredos do oráculo de Zoroastro, que é algo que hai en Irán, en Persia.

Branca: Confrontabades antes a figura dos Reis Magos co Apalpador, e eu quería preguntar unha cousa. Na maioría dos sitios, estes entroidos onde non hai personaxes como estes que non estades presentado, senón que simplemente un vai visitar a casa coa súa cuadrilla e pon un montón de mantas para non ser recoñecido, e o xogo ou o ritual consiste en entrar a petar á porta doutra casa e que a xente desa casa vaia identificando un por un a toda a xente da cuadrilla, esa maneira de amantarse, de poñerse corenta capas para que non te coñezan, non o vedes relacionado coa figura do Apalpador?

Felipe: Eu entendo que o Apalpador está moi na mitoloxía, como Mary Poppins. Os deseñadores dos países do occidente atlántico están moi na liña. Pero home recréase sobre eles como en Harry Potter. Por que Harry Potter en Edimburgo, en Escocia, e por que non en Galicia? Ese mundo case de Cunqueiro, que está aí, vaise recreando, vaise creando un mito, e eses mitos son necesarios porque está a poesía, está a creatividade.

O dos Reis, eu son moi dos magos, sexan os de Belén ou non o sexan, porque ademais dicía Risco: “*os magos foron guiados por unha estrela, que é a estrela que guiou a Moisés, o pobo que busca Israel, a terra prometida, a estrela de Moisés, a estrela dos Magos, a estrela precisamente dos peregrinos que van a Compostela*”. Nunha excursión das miñas quedei sorprendido por unha excursionista italiana que viña dicir o que acaba de indicar vostede en relación cos magos de Oriente, Occidente, ese nó de Moebius, que se une ao cabo e ao principio e sáche unha cosmogonía. Iso ten que ver co verso de T. S. Eliot “A viaxe dos magos”, que está en internet.

E vexo aquilo unha cousa feita nos anos 20, dun inadaptado, vinculado ao mundo británico, ao mundo celta, que vincula os magos que fan unha peregrinación, guiados a un lugar de nacemento, como os peregrinos van ao lugar do Norte, que é a tumba do Apóstolo Santiago... Os peregrinos guiados pola estrela a Occidente, os magos guiados a Oriente a un berce. Fai aí un xogo poético, xogando cunha vasta cultura, ese celtismo exprésase así no Modernismo.

Recuperemos as figuras dos magos, que son cousas bonitas, cantas cousas boas nos achegou a cristiandade, que llo pregunten a Ribeira Sacra, o viño e as castañas, e no Carballiño o negocio do polbo. Mesmo nunha misa, cando se bendí o viño e o pan, que di é produto da terra e do traballo do home, *chapeau*, señor cura: non sabe predicar, non sabe vender unha liturxia que non vale para nada, pero hai aí unha mensaxe case marxista, de bendicir o traballo simbolizado no pan e o viño.

Dicía Manuel María: “*a cultura dos países está nos viños*”. Manuel, home, non te pases...

Por iso se fai sacramento, home, e co viño vólvese ás terras. Que é o Ribeiro? Hai 5 ribeiros, o do Avia, o do Miño, o de Arnoia, o do Barbantiño e o Arenteiro, cos seus sabores e a súa historia detrás. Que Ribeiras Sacras? A do Miño, a do Sil, a do Bibeiro e a do Mao. Esa é forma de enriquecer tamén un país.

Ademais de mitoloxía que é bonito, ao final que é a vida, que é a morte? Iso é un misterio: que é a vida, que é a morte, a profundidade do cosmos... Os poetas están para alegrarnos un pouquiño a vida.

Miguel Losada: Afondando no tema do rei negro, por exemplo, Galicia está chea de países aínda por descubrir, hai unha cantiga, unha panxoliña, como lle queiramos chamar, nesa mesma composición onde aparece denominado Pedro O Chosco, Pedro O Fusco, e está relacionado co acto e o efecto de tisonar de negro as facianas dos rapaces durante o día de Reis, na terra onde eu me criei, as montañas de Ourense.

Nunha zona onde tamén había outra entroidada, outra representación, dun Xan Corcovas e dun Xan Barrigas, que cada vez que se atopaban matábanse, ás veces case literalmente, a paus. Un tiña unha enorme chepa e outro levaba un enorme bandullo recheo de palla.

E logo outra cousa, así un pouco telegráfica para Julio, catarse *vs.* Liturxia, e como na Modernidade a nova Igrexa xurdida do mundo de Trento, do mundo despois do cisma, tenta facer unha cousa que segue en vigor hoxe en día, e que segue o seu propio curso, como é esa municipalización, ou intento de xestión municipalizada, de todo este tipo de recursos ideolóxicos, como moi ben está apuntando, e insisto no de recursos, porque están aí para recorrer a eles, transformar e reutilizar unha e outra vez até a náusea. Como ese proceso apura o paso porque en todas esas referencias á intervención da xerarquía, fundamentalmente eclesiástica, vemos esa disputa, podemos chamarlle así xa que estamos neste contexto, entre os cóngos da catedral parisiense a mediados do SXV, pero despois do de Trento parece que hai un apurar o paso, intentar xestionar o que eles perciben como unha gran fonte de recursos para encarrear como teñen que ser as representacións, a ideoloxía, a cosmogonía, parece que dunha vez despois de 700 anos a xerarquía eclesiástica dixese: “*Ben, temos que botar a mao disto, aí hai un océano de posibilidades ao que non nos podemos enfrontar senón que temos que guiar, pero dunha maneira intelixente, como fixeron en todas partes*”. Finalmente, o que fixeron foi adaptar os contidos cristiáns o que fixese falta en cada momento, como o Entroido está un pouco dando conta dese proceso, non?

Público: Se o pensas un pouco o que está a comentar Xulio, é como un Twitter o que temos agora, é alter ego, ocultación e novas expresións. No Twitter estás oculto, exprésaste

desde a ocultación como che dá a gana, transgredes e incluso transformas. Son novas formas dos novos tempos, pero desde os anos 90 desde a globalización, desde a mcdonalización da cultura en xeral, van tomando novas formas. O ser humano precisa, precisa ocultar, precisa transgredir e precisa transformar. E a Igrexa, que dominou durante séculos, botou man deses recursos e agora os poderes fácticos teñen outros.

Felipe: Moi sabiamente e ata o noso tempo, que somos máis racionalistas, véxase o folclore, o teatro que montaron aí os conservadores que conservan, non coma nós, que é o Imperio Británico coa morte de Isabel II. Ela é unha representante, é unha teocracia, en definitiva. Entón, todo este mundo simbólico readaptárono ao seu interese económico máis que espiritual, e para algo estaba a Inquisición. Ese é un tema moi interesante,

E o que dicías logo ti: o anverso e o reverso do Entroido é a Dona Coresma, para vender logo bulas e toda a historia, non? Eu recordo que nos Entroidos no meu Carballiño había xornadas de adoración nocturna a partir das once da noite, saíamos e íamos bicarlle a man coa careta posta a don Evaristo.

Público: Quería puntualizar o que a compañeira falaba, pois cando morría o burro había o problema de que non se soubese. Entón, en Congostro, en Rairiz de Veiga, no ano 1989, hai case nada, dicíase así:

*“Cando chegou José, Jaime xa alí estaba,
Como imos facer co burro para que non se sepa nada,
Manuela chorando estaba e como facemos con il?
Repártmolo na familia ou levámolo para Samil
Para que nadie se enteirara botárono no tractor
E tapárono cunha lona para disimular mellor.
Deixa, muller, de chorar, non perdas o coñecemento,
Que se enteran os mozos e fánllos o testamento”*

Ben, logo acaba dicindo que xa se enteirou o Pepe Quico e xa se enteira todo o vecindario. Ou sexa que está todo moi relacionado no país, digamos.

Felipe: Logo hai unha cousa que non dixeran, o valor arqueolóxico que ten o Entroido. A min gústame moito que na Coruña saen iso que chaman os Choqueiros, que nin Choqueiros nin nada, porque é vestirse o home de muller, o soldado de xeneral, o mundo ao revés, non? Pero ti miras todo o que hai por aí, por exemplo eu vin nunha ocasión un que ía con todas as medallas da División Azul, que vale un mundo, coa cruz de ferro, coa cruz gamada, levaba alí todo o que había que levar. Sabedes que sacan os Xenerais do Ulla, que son auténticas pezas, de verdade que hai que ver iso... En Viana do Bolo, os Boteiros, todas esas camisas de cintas engurradas, que están feitas de mantos de Manila: aproveitan o corpo do mantón e logo vano bordando, e deixan ao mellor algo bordado no centro, que agora xa é o mercado chino, aí hai todo un tema inmenso, está todo por facer.

Toño Núñez: Mira, Felipe, isto non ten nada que ver co Entroido, pero é unha teima miña. Se, despois da globalización, as persoas seguirán creando ou esborrallarse todo... Que pensas ti?

Felipe: Preguntáronme onte tamén unha conferencia iso, pois eu creo na esperanza, home. Iso dicía Risco *“Hai que ter esperanza”*. Ti vas ao cemiterio, e ao ver alí, que che move

iso? É bonito ter esperanza e crer nalgo. E eu teño esperanza e optimismo en que volverán *“as oscuras golondrinas, vaia se volverán, mais aqueles refritos ultraístas fríos, os que nunca moveron unha lágrima, esos no volverán”*. Iso dicíao Unamuno.

E eu creo que a ética ten grande relación coa estética. Aí hai todo un mundo de creatividade inmenso para o ser humano, pero iso está dexenerando. Eu vexo este Halloween de agora, totalmente *gore*, unha cousa de coitelos, de gadañas... Nunca en Galiza se representou a morte así coa gadaña, a Santa Compañía, as mouras, dicíanche: *“Ten coidado, non vaías por aquí”*, dádoche recomendacións, pero agora estamos nunha agresividade totalmente terrible, na tradición galega, que é a tradición oriental, a morte vincúlase coa vida, hai certa crenza incluso na transmigración, a San Andrés de Teixido vai de morto quen non vai de vivo. Entón, hai que asumir isto, dialogalo máis... Esa universidade, por favor, o que estamos facendo aquí haino que facer na universidade.

Estamos no Halloween e os rapaces celebran nos colexios o Halloween, e no Entroido vístense de monos, e a petardear a festa. Están aprendendo a dinamitar a festa en moitos colexios, e hai que seguir predicando o humanismo, socializar uns cos outros, os homes coas mulleres, a igualdade que hai aí, e iso en todas as festas galegas está permanentemente.

Unha festa importante como é a festa dos Defuntos que levamos tan ben a México e trouxemos de alí, digo que hai grandes relacións con iso. Estando no castelo de San Antón, veume unha rapaza que quería cartos e púxome para vender un traxe do S. XVI dun cacique inca, feito con moedas incluso da época e españolas. O entroido é abrir o bo e coller a roupa que tes alí dos vellos, exotismo, os mantóns de Manila e os panos de Caxemira coas chocas, todas as máscaras levan ese pano dalgunha forma.

Lois Pérez: Ben, sempre hai un contraste na escola, é certo, pero tamén hai de todo. Quero romper tamén unha lanza por, en moitos lugares, nomeadamente incluso no rural, lugares nos que a priori no que as crianzas, o alumnado, estaría máis en contacto coa tradición, onde non se perdeu ese vínculo coa tradición, ao mellor xa está totalmente esgazado nas grandes cidades.

Sen embargo, tamén hai moitas docentes que están poñendo en contacto o alumnado cunha tradición que está nas súas casas e que moitas veces descoñecen, esa parte positiva existe tamén.

Felipe: A sementeira de Xinzo é increíble, hoxe non hai vello nin rapaz que non teña un traxe de pantalla e ver aqueles miles de xentes, iso é a catarse colectiva, iso é a forza da tradición. E esa é a forma de vencer, sen embargo non tanto en Xinzo, en Verín nos anos 90 non podías ir a Verín, era unha petardada terrible aquilo, moitos rapaces quedaron sen maos e sen dedos.

Lois: Dou fe porque en Verín vivín un ano e me impresionou todo aquilo que vin relacionado co entroido.

Público: Falabades antes das chocas e en Coruña e outros sitios, á xente que vai disfrazada chámanselle Choqueiros, non será que a raíz da palabra é porque había realmente unha figura nestes sitios que antes tamén levaba Chocas?

Felipe: Claro, home, os coruñeses procedenche todos de Palas de Rei, de Melide, do Carballiño, e levan as súas cousas, as súas tradicións de entroido, que eran os traxes de chocas, e logo queda degradado como tantas cousas de Galicia, e chámalle choqueiro á chafallada.

Julio: En Coruña, nas Mariñas, están documentados choqueiros que levaban chocas e que levaban as carautas de filloa, unha filloa cuns buratos. Choqueiros os desastrados, pero o nome é das chocas, si, si.

Felipe: Untarse, iso quizais foi o máis primitivo. Na festa dos magostos en Ourense facíanse as fogueiras e agora, claro, son churrascadas, e os magostos eran as castañas e o viño

novo horripilante aquel, e ao final da festa era todos enzoufándose e baixar cantando as cancións a Ourense. Iso formaba parte de todo, o tisanarse e o tatuarse debía ser moi primitivo.

Miguel Losada: O porco estaba como un pouco infrarrepresentado nos testamentos, pero pode darse o caso, como tamén sucede en que ás veces hai tamén unha inversión, porque estou pensando nun artigo moi interesante, paréceme que de Santos Junior, “A mata do porco-pisco”. O porco-pisco é un paxariño insignificante de tamaño, pero que nalgunha zona deste interior ourensán era a mata do porco-bispo, o que estabas vendo era tamén un paxariño, podería ser un paporrubio, ou podía ser aínda máis pequeno, un chinchín, e facíase o despezo metafórico, e no testamento estabas vendo un paxaro de 9 gramos, pero un porco... Esas alteridades que sempre están nas cousas que simulan ser.

Julio: Estráñame, porque no entroido galego, cando en Galicia o porco é un tótem, tanto na economía campesiña como na gastronomía, non temos, sen embargo, testamentos do porco cando os hai de burros, a milleiros. O testamento digamos literariamente, o texto máis antigo dun testamento, é o testamento Porcelli, en latín, e daí aparentemente deriva nos demais, porque a estrutura esta de: “*Eu vou morrer e deixo as miñas cousas...*”, xa existía desde o S. IV. No traballo que fixen para as actas das Xornadas, falei do testamento do porco latino, porque a min me pareceu precioso, gustoume moito. É unha pena, é estraño que en Galicia non se fagan testamentos do porco, ao mellor tes ti razón que hai aí unha variación.

Miguel Losada: É moi interesante, porque precisamente, ás veces, ese oco de valor, ese número cero digamos antropolóxico, ese baleiro, sen dúbida está indicando algunha cousa, e aplicado a animais, a tótems, o totemismo e a outro tipo de paradigma cultural, vézolo por exemplo en cousas tan arcaicas ou antigas como poidan ser os bisontes de Altamira, que podería ser un tema moi extenso.

Felipe: Santos Junior era un monstro sobre ese tema, e hai que volver a el. El estivo en África, e coñecía moi ben o mundo das máscaras. Hai coincidencias de Galicia con Europa e con África, a primavera, o cambio estacional, indubidablemente marca e os ritos de iniciación dos novos, o paso á adolescencia, e todo iso.

Miguel Losada: En Barxa, que é unha aldea portuguesa da zona de Bragança, ata non hai pouco, agora xa non teño claro se o seguen facendo ou non, porque cando lles chegou a modernidade esas cousas..., bañarse en sangue dunha vitela que mataban os rapaces, anos 90 do século pasado, penso que xa non está moi ben visto.

Pero imos ver, haberá pervivencia máis forte que bañarse no sangue dun bóvido sacrificado por unha fratría de rapazada, precisamente nun período invernal, iso está aí documentado, como moitas outras cousas arcaizantes que están aí metidas, e que merecerían unha análise máis detida do que se ten feito. A nosa historiografía padece moito precisamente deste tipo de investigacións.

Felipe: Pola parte que me toca, o entroido de Galicia nunca é singular, os entroidos porque o que está claro é esa gran rivalidade interparroquial, de entroidos diferentes, con cantigas diferentes, con traxes diferentes, con almanaques diferentes, dunha riqueza como outro país non ten.

Pantalla
(Xinzo de Limia – Ourense)
Reprodución de Xosé Manuel Seixas.



Os entroidos históricos da bacía do Támega: as súas máscaras tradicionais

Nieves Amado Rolán

Introducción. orixe e significado do entroido

O entroido celebra o renacemento da luz, o solsticio, cando os días comezan a medrar e a luz vence á escuridade do inverno. Simboliza a chegada da primavera e con ela o renacer da natureza, o comezo da sementeira e propiciar as boas colleitas. É unha celebración pegada á terra, ao ritmo das estacións, ao campesiñado, polo tanto é de orixe e celebración rural.

Está baseado nun ciclo cunha serie de rituais moi antigos para favorecer o tránsito do inverno á primavera, a fertilidade e fecundidade da terra e dos animais, a purificación, espantar os malos espíritos, propiciar os ritos “de paso” ou iniciación para os xoves, a cohesión social da comunidade... Estes rituais maniféstanse en distintos tipos de máscaras: fustigadoras, petitorias, demoníacas, zoomórficas... E noutros de crítica social, inversión de roles, irreverencias varias, parodias, grandes consumos e repartos de comida e bebida, ritos de lume, de ruído, de suciedade (borrallo, bulleiro, cinsa, farelos, feluxe, tiznes, fariña etc).

O Entroido galego era xa tradicional no século XIII, evidenciando nesas datas tan temperás, estar plenamente ritualizado e tolerado pola Igrexa. Así o reflecten unha serie de documentos eclesiásticos medievais, pertencentes aos mosteiros e catedrais galegas. Tamén reflecte a documentación, a evolución das distintas formas dos nomes que se lle daban a esta celebración anual, rural e campesiña, nas distintas bisbarras da xeografía galega, sendo o nome máis antigo o de *Introido*, documentado en Ramirás en 1268, e o máis común o de *Entroido*, pero tamén con outras formas semánticas para

os entroidos galaicos coma *Antroido, Intruido, Intrudio, Entruido, Entrudo...*

Polo tanto o Entroido, tal e como o coñecemos hoxe, anque con raíces noutros rituais pagáns (indoeuropeos, orientais, gregos, romanos, ou mesmo prehistóricos), conformouse ao longo da tardoantigüidade, posiblemente paralelo ao mesmo nacemento e estruturación litúrxica do Cristianismo no S. IV⁹¹.

O Entroido era rural e celebrábase en todo o territorio galego nesas datas, ata os períodos de prohibicións, o último o da Guerra Civil de 1936 e a postguerra, que acabaron coa celebración da maioría deles.

Os entroidos históricos da Bacía do Támea e adxacentes

O Entroido é unha celebración popular espallada por todas as aldeas ou alomenos concentrado nos centros parroquiais de toda Galicia. Presenta aspectos comúns en lugares moi distantes entre si, e tamén presenta particularidades locais distinguíndose uns dos outros con pequenas variantes.

Alomenos así se evidencia no territorio xeográfico da bacía do Támea, no sur da provincia de Ourense, aspectos comúns que irradian tamén cara os pobos limítrofes localizados nos nascentes dos ríos Limia e Arnoia, moi perto das fontes do Támea.

Que saibamos, os únicos entroidos do Támea que se celebraron sempre sen interrupcións, mesmo na Guerra Civil e na postguerra, foron os da vila de Laza e Castro de Laza. De aí lle vén a súa riqueza, autenticidade, complexidade, preservación e conservación do ciclo completo de máscaras e rituais.

Os demais entroidos da bisbarra estiveron perdidos durante anos, as súas máscaras e rituais están recuperándose recentemente, grazas á tradición oral dos entroidos vividos pola veciñanza local ao longo dos tempos e a algunhas materialidades conservadas, coma fotos e máscaras rituais ou parte delas.

Laza, Castro de Laza, Soutelo Verde, Vilameá, Toro, Camba, Trez, As Eiras, Matamá (concello de Laza); Portocamba, Campobeceros, Pepín, Vilar, Veiga de Nostre (concello de Castrelo do Val), Verín; Oímbra, San Cibrao, Espiño, Bousés, Videferre, Rabal (concello de Oímbra); Cualedro, A Xironda (concello de Cualedro); O Navallo, A Veiga do Seixo, Castrelos de Cima (concello do Riós); Vilardevós, Moialde, Terroso (concello de Vilardevós); son os entroidos propiamente históricos con máscaras propias do Támea. Habería que engadir



Figura 1. Área de dispersión dos entroidos históricos tamaganos

91 AMADO ROLÁN, Nieves: O Entroido Galego na Idade Media. Referencias documentais. Rev. Ágora do Orcellón, Nº 25. Instituto de Estudos Carballiñeses. O Carballiño (Ourense), 2013. Pp. 61-76

na Alta Limia, Rebordechao (concello de Vilar de Barrio); Sarreaus, Freixo, Freande e Lodoselo (concello de Sarreaus), que tamén teñen entroidos históricos coas mesmas máscaras, e coa mesma orixe común das tamaganas.

O ciclo do entroido Tamagano

O “TEMPO” ou ciclo do entroido, comeza nas terras de Laza, e en xeral no val do Támea o 1º día de xaneiro. Xusto despois das 12 badaladas, no primeiro minuto do ano novo, xa é *tempo de entroido*. Xa están permitidas as máscaras, os foliós, os disfraces, tirnarse, botar cinsa etc.

Antigamente pola noite botábase cinsa dende os corredores e berrábase continuamente “*Ai ven o entroido*”!!! Tamén era o momento, antigamente, no que se podían vestir os traxes das máscaras itinerantes, que percorrían grandes distancias, ás veces até castela.

Agora o que se fai é sair cos chocos polas noites coma entrenamiento para vestir logo o traxe co estilo ortodoxo que lle é propio.

Nalgúns lugares como Verín, os cigarróns xa saen o 17 de xaneiro, na romaría do Santo Antón de Ábedes.

Os peliqueiros da Alta Limia (Sarreaus) xa saían antigamente a partires do 25 de decembro, coma no norte de Portugal, onde a celebración comeza xusto despois do solsticio, o 26 de decembro, coa saída dos *caretos*.

O ciclo do Entroido nas terras de Laza:

- 1º de XANEIRO, comeza o tempo do Entroido
- DOMINGO CINSEIRO
- DOMINGO FARELEIRO
- XOVES DE COMPADRES
- DOMINGO CORREDOIRO
- XOVES DE COMADRES
- DOMINGO, LUNS E MARTES DE ENTROIDO
- DOMINGO DE PIÑATA, péchase o ciclo

Rituais e personaxes do entroido Tamagano

Nos entroidos da bisbarra do Támea, a estrutura e os rituais do entroido eran moi semellantes antigamente, anque actualmente quedaron reducidos en moitas aldeas, a un día de celebración ou a un rito puntual distintivo dese lugar.

Antes dos días grandes de entroido celébranse os *foliós*, calquera día pola noite, unha procesión polo pobo con *fachós* acesos, chocos, apeiros de labranza e tamboriles ou calquera outro instrumento que faga o máximo ruído.

Os xoves de compadres e comadres facíanse bonecos e bonecas con roupas roubadas, nun xogo de persecución e loita de sexos. Son os chamados *mecos e mecas, lardeiras e lardeiros, entroido e entroida* etc.

Son representacións e personificacións do entroido, que poden adoptar formas de homes gordos ou moi sexuados (entroido), e mulleres delgadas e secas (coaresma). Estes bonecos quedarán expostos nun lugar visible da praza, presidindo a celebración, e queimaranse o martes de entroido pola noite, cando remata o entroido.

Tamén era común en todas aldeas antes e durante os días de entroido enfeluxarse e tiznarse con cinsa, borrallo, farelos, fariña, betún, ovos...



Figura 2. Meco de entroido na Xironda (Fot. Andrés Diz)



Figura 3. Meco e Meca de Laza (fot. Nieves Amado)

Existen moitos rituais e personaxes comúns nos entroidos tamaganos, que eran ou son recurrentes en moitas aldeas. Ademais dos xa enumerados anteriores aos días gordos do entroido:

As vacas do entroido, *a morena*, e outros animais, coma *a mula*, *o cervo*, *o oso*, *o castrón meco*..., que encarnan máscaras zoomorfas: Rebordecho, Castro de Laza, Laza, Matamá, Toro, Retorta, Campobeceros, Rebordondo, o Navallo do Riós...

Consisten sempre nun ou varios homes debaixo dun pau, con cornos ou imitación da cabeza dunha vaca ou doutro animal, tapado cunha manta, que arremete contra todos, especialmente contra as mulleres para levantarlle as saias ou refregarse contra elas. Guiadas por *amos* que as dirixen contra as vítimas, en Laza vai acompañada dunha corte de toxos, covelleiros e cinseiros, onde tamén van os que lanzan as formigas.

As *madamas*, *madamitas* ou *señoritas*. Comúns en case tódalas aldeas.

Eran sobre todo comparsas de mozas vestidas com traxes "limpos", luxosos, brancos ou moi coloridos e elegantes. Cheos de froes e cintas de cores, con moita bisutería e chales



Figura 4. A Morena de Laza (fot. Ángel Martínez Bermejo)

bordados, con sombreiros ou tocados enfeitados con froes. Levaban cestiñas para a acción petitoria de viandas. Tamén ían polas rúas cantando e/ou tocando algún instrumento.

Para min, representan a primavera.

As farrapadas: batallas com trapos vellos enlamados con bulleiro. En Laza, Soutelo Verde e Tamicelas.

Os maragatos: contrapunto dos peliqueiros e cigarróns, con roupas vellas e/ou parodias do peliqueiro. Personaxe sucio e bruto, coa cara tapada, nun principio parodiaba aos comerciantes da maragatería que comerciaban nos camiños da bisbarra.



Fig. 5. Madamas antigas de Castro de Laza (arquivo Nieves Amado)



Fig. 6. Madamas antigas de Vilameá (arquivo Nieves Amado)



Fig. 7. Maragatos antigos de Soutelo Verde (arquivo Nieves Amado)



Fig. 8. Maragato dos anos 80 en Laza (foto: Angel Martínez Bermejo)

Composicións literarias chamadas de varias maneiras: *Testamentos*—onde calquera animal salvaxe ou doméstico é o protagonista—, *testamento do burro*, *sermóns*, *parodias*, *comedias*, *regueifas*, *ditos*... : co gallo da morte do animal, aprovéitase para relatar os feitos máis sobresaíntes, críticas e anécdotas que ocorreran durante ese ano na comunidade. Bótase—lese— normalmente o martes pola tarde, antes do enterro do entroido.

O lume como ritual de purificación e como expulsión do inverno: Enterros ou queimas do entroido, habíaos e hainos en case todos os pobos onde se facía e se fai entroido.

Fachós e Fachucos: Laza, Matamá, Oímbra, San Cibrao, Videferre... Atados de palla de centeo acesos para acompañar os *foliós* en Laza e as procesións de enterro do entroido en Oímbra e San Cibrao.



Fig. 9. Folión en Laza (arquivo Nieves Amado)



Fig. 10. Queima do entroido en Laza (foto: Nieves Amado)

Outros personaxes e rituais

Parranfós, *farrampós*, *farrucos*, *vellos e vellas*, *máscaras*, *vellos cinseiros*, *capuchóns*, *comparsas con burros*, *desfiles de carros do país enfeitados*, *corozas*, *oficios perdidos*, *faenas do campo*, *corridas do galo*, *enterro da sardiña*, *traxes de galeg@s*, *roubo de viandas*, *reparto de comida*, *comidas comunitarias*: Laza, Campobeceros, Pentes, Veiga do Seixo, Tintores, Vilela, Castrelo do Val, Nocado do Val, Gondulfes, Verín, Matamá, Soutelo Verde, Baldriz.

Os disfraces que máis abundaban nos entroidos históricos tamaganos, eran os que usaban roupas vellas, con careta ou sen ela, co que se atopaba nos faiados, combinadas de forma máis ou menos estrefalaria e/ou orixinal.

Os *farrampós* da Veiga do Seixo acompañaban á máscara ritual do vellarrón.

Os vellos cinseiros levaban un saco e lanzaban cinsa.



Fig. 11. Farrampón de Pentes-A Gudiña. (Foto: Dep. Ourense)



Fig. 12. Representación de oficios. Laza. (Foto: Antonio Muñoz Carrión)



Fig. 13. Comparsa de burros antiga, anterior á Guerra Civil, no entroido de Matamá (arquivo Nieves Amado)

Máscaras rituais de orixe común: peliqueiros, cigarróns, zarramanculleiros, máscaras e felos

Peliqueiros, Cigarróns, Zarramanculleiros, Máscaras ou Felos son variantes da mesma máscara ceremonial, ritual e tradicional, que presentan unha evolución distinta con variantes locais na vestimenta e no comportamento.

Todas estas personaxes que irradian do Val do Támega, terían unha orixe común, que se estendeu por influencia e imitación.

O traxe actual non vai máis atrás do século XVIII, inspirado en uniformes militares do XVIII ou principios do XIX.

TODAS SON MÁSCARAS DE INVERNO, SOLSTICIAIS.

Pero tivo que haber un antecedente para tan estendidas e prezadas máscaras antes desas datas. Eis aquí unha descrición de Parada da Serra (A Gudiña), que pode ser un tesouro oral para entender as máscaras antecedentes, moi primitivas, que se conservaron na serra até os anos 50 do S. XX:

...”Polo empardecer, coa trisca xa armada, escoitábase ao lonxe o ruído enxordecedor de chocallos e esquías, acompañados de aturros, unha barafunda infernal.

Estaban entrando no lugar un grupo de enmascarados, que eles bateaban co nome de piliqueiros. Viñan de pobos veciños, arriba da serra, éstos enmascarados vestidos con traxes feitos de peles curtidas de animais, anónima a cara, algúns tapábana con careta feita tamén de pel, outros de cartón e papeis; cinto com chocallos ou esquías, e na man unha especie de látigo para bater, un simple pau cunha correa na punta.



Fig. 14. Mapa de distribución de máscaras tradicionais na bisbarra do Támega (composición Nieves Amado)

*Non deixaban calle nin recanto por visitar, así ata chegar ao baile, correndo detrás de cativos e de xente maior que ían atopando. Os rapaces máis pequenos fuxían despavoridos ao ver estes personaxes que xeraban un medo terrible*⁹²

A estática e a dinámica das máscaras rituais-tradicionais

*...uns din que os peliqueiros naceron no Val de Laza, outros din que naceron en Monterrei...*⁹³

O nome de peliqueiro vén da pel/pelica que tapa a careta por detrás. Cigarrón é semellante a outras voces peninsulares coma zamarrón, zancarrón etc. Felos e mázcaras aluden á propia condición de enmascarados. Chocalleiros polos chocallos que levan e vellarrón alude á condición de persona maior.

Non son disfraces, son traxes cerimoniais que cumpren un ritual tradicional dentro dos seus entroidos.

A *estática* de todas estas máscaras sería o traxe en sí mesmo, as súas partes e todo o que rodea á súa confección: a nomenclatura dos elementos que o compoñen, a artesanía, os materiais e técnicas empregadas. É dicir, sería unha máscara parada, posando para unha foto, un maniquí ou un traxe exposto nun museo, ou as mesmas máscaras nun desfile fóra do seu lugar de orixe.



Fig. 15. Partes do traxe dun peliqueiro (composición Nieves Amado)



Fig. 16. Peliqueiros de Laza dos anos 30 (arquivo Nieves Amado)

Pero o máis significativo e importante dunha máscara é a súa personalidade, a transformación que se produce cando unha persona viste o traxe, é a *dinámica*, é dicir, o rol e ritual que teñen que desenrollar as máscaras durante a celebración, o código de comportamento non escrito, na dobre vertente espazo-temporal e na interacción cos veciños e asistentes.

Todas elas poden caracterizarse coma máscaras fustigadoras e petitorias, ademais de itinerantes, agás os felos de Maceda, que teñen un comportamento distinto baseado na

92 RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé. Entroidos rurais a so pé do Invernadeiro e da Serra Seca. Xornal O Sil, especial Entroido, páxs. 118-119, febreiro, 2016.

93 recollido en Campobecerras por Xosé Rodríguez Cruz

itinerancia, no carácter, na interacción moi cercana cos seus paisanos chea de travesuras. Neste aspecto son moi semellantes aos caretos do norte de Portugal.

Os peliqueiros pola contra son a máxima autoridade do entroido en Laza, Castro de Laza, Matamá..., son distantes, sempre por riba das demais máscaras e disfraces, intocables, son moi respectados e admirados, queridos e tamén escrupulosamente vixiados pola comunidade que os pode retirar das rúas se non cumpren o seu papel con dignidade, case coma figuras de chamáns ou semideuses.

Teñen o seu propio rol de comportamento que os obriga a acompañar e presidir os demais rituais das celebracións, introducir no entroido e saudar aos feligreses á saída da misa, visitar as casas dos veciños, desfacer o baile, correr tras dos que os insultan, lucir o traxe con dignidade, impoluto, e correr co estilo e postura adecuados...

As demais máscaras están nun punto intermedio, porque case todas foron recuperadas recentemente, e xa non existen as condicións sociais ou a memoria oral do código de comportamento que tiveron noutros tempos.

Os cigarrón de Verín e da zona de Oímbra eran máis petitorios, percorrían as casas pedindo viandas ou diñeiro, ben para pagar a festa, unha comida comunitaria ou o aluguer do traxe. Tamén pedían un imposto en viño na taberna, cando pescaban a algún veciño despois de correr tras del, o mesmo ca os de Rebordechao.



Fig. 17. Peliqueiros de Laza saudando aos veciños á saída da misa, ano 1981 (Fot. Angel Martínez Bermejo)




Fig. 18-19-20. caretas antigas: cigarrón de Espiño-Oímbra, recentemente restaurada, máscara de A Xironda-Cualedro, peliqueiro de Pepín-Castrelo do Val. (Fotos 18 e 20 Nieves Amado, fot. 19 cedida por Enrique Moreno)

Máscaras de transición

Existen dous lugares na bisbarra con máscaras tradicionais, que constitúen unha interesante mostra da influencia das máscaras veciñas.

Son lugares de inflexión, de conexión, de transición, de encontro, de influencia: en Rebordechao (Vilar de Barrio), entre felos de Maceda e peliqueiros de Laza; e no Riós os vellarróns, coa influencia dos cigarróns de Verín na *dinámica*, e os boteiros da bisbarra da Gudiña-Viana-Vilariño na *estática*.

Teñen influencias distintas nas dúas características que conforman unha máscara ritual: *a estática e a dinámica*, o traxe e o rol.

Peliqueiros de Castro de Laza + Felos de Castro de Escuadro(Maceda) = Peliqueiros de Rebordechao

Por un lado **os peliqueiros de Rebordechao conservan a dinámica dos peliqueiros de Laza**, con variantes no seu traxe, que os acercan no traxe, aos felos da bisbarra de Maceda.

Cigarróns de Verín/Oímbra + Boteiros da Gudiña/Viana/Vilariño = Vellarróns do Riós.

Pola contra, **os vellarróns do Riós teñen unha estática moi semellante aos boteiros, pero a dinámica é influencia dos cigarróns do Val do Támega**. Ámbolos dous localízanse moi perto xeográficamente das máscaras que os influenciaron.



Fig. 21. Influencias de peliqueiros de Rebordechao e vellarróns do Riós (composición Nieves Amado)

Rebordechao, na serra de San Mamede: os peliqueiros

De entre dous Castros lle ven a influencia, Castro d'arriba (de Escuadro, Maceda) e Castro d'abaixo (Laza), como lle chaman os rebordegos. Dous lugares equidistantes de Rebordechao, onde alugaban os traxes indistintamente, anque os veciños recoñecen que os de Castro d'abaixo eran máis caros e mellor confeccionados, máis finos.

Eles chamáronlle sempre peliqueiros, *piliqueiros* na fala, coma en Laza, e a costume ven de lonxe, da longa memoria oral, porque lembran que os seus avós e bisavós xa se vestían de peliqueiros. Ben é certo que vai para uns 10 anos que non se celebra o Entroido en Rebordechao, láianse os veciños, que agora que teñen traxes propios confeccionados na aldea, -que son coma os de Laza- non hai xente para vestilos, nen mozos para correr diante deles.

O Entroido de Rebordechao, ten a figura central do Peliqueiro coma máscara identitaria, con algúns elementos inseridos no traxe propios do Felo de Maceda, coma os colares, ou mesmamente traxes propios de felos pero con *zamarra* en troques de bastón.

Os peliqueiros de Rebordechao son máscaras fustigadoras e petitorias, conservaban o rol, a dinámica, dos peliqueiros do val do Támega. En Rebordechao podían saír o domingo corredoiro e despois os tres días de entroido. Ían de casa en casa para sacar aos veciños da cama e introducilos no entroido, tamén ían á saída da misa para saudalos co mesmo fin. Corrían tras dos mozos e cando os pescaban, levábanos á cantina para que pagasen unha rolda de viño. Tamén *sufaldreaban*, levantándolles as saias ás mulleres.

Antigamente din que pedían pesetas e co que xuntaban contribuían ás comidas comunitarias que se facían na aldea e asimesmo para pagar o aluguer do traxe.

Esperaban no fondo da aldea, ou mesmo ían a buscar aos veciños ao monte, aos que traballaban o martes de entroido, e aos que viñan dos pastos de inverno da Ermida, e traíannos á cantina, xunto coas caballerías e outros animais, para pagar unha rolda de viño. Non saían da aldea, porén había anos que os visitaban os Felos de Castro d'arriba, aos que @s nen@s lle tiñan moito medo, cando ouvían as chocas dos que viñan monte abaixo choutando pola Serra de San Mamede⁹⁴.

“Peliqueiro chocalleiro! mete os cartos no palleiro!. Peliqueiro chocallón! mete os cartos no bolsón!”



Fig. 22-23. Traxes antigos de peliqueiros e traxes alugados de felos de Castro de Escuadro en Rebordechao (Fot. cedidas por veciños de Rebordechao)

94 AMADO ROLÁN, Nieves: Os Peliqueiros e o Entroido de Rebordechao na Serra de San Mamede: o lugar de inflexión entre Felos e Peliqueiros. Monográfico “O Entroido en Galicia”, Xornal O Sil. O Barco de Valdeorras, febreiro-marzo de 2022. Pp. 70-71

Veiga do Seixo e Castrelo de cima no Concello do Riós: os vellarróns

O vellarrón do Riós era a máscara tradicional da Veiga do Seixo e Castrelo de Cima, que estivo perdida durante bastantes anos, desde os anos 50-60 ata o ano 2006 que comezou a recuperarse, com algúns cambios, pero xa coma máscara identificativa de todo o comcello.

O traxe recorda en parte ao boteiro de Viana, cunha diferenca, o látigo/farrampo/tralla que o converte en máscara fustigadora coma as demais do Támega. Tamén era petitoria e itinerante. Estas máscaras saían en grupo a pedir viandas e mesmo cartos pola aldea e os lugares veciños, para logo facer un xantar co recolectado, entre todos os mozos, o Domingo de Piñata. Nas súas andainas petitorias pola contorna, en ocasións pernoctaban no camiño, percorrendo os lugares de Pena do Souto, O Navallo, Castrelo de Abaixo, Covelas, As Vendas da Barreira, e mesmo San Lourenzo e Pentes, xa no concello da Gudiña. O vellarrón, facía soar as chocas do cinto e asemade ía zorregando co farrampo a cantos atopaba na rúa ao seu paso. A xente dicíalle: ¡Vello, vello, vellarrón, mete os cartos no bolsón!.

O grupo de enmascarados, ía acompañado pola madama, moza disfrazada ou engalanada com elegantes roupas, e tamén por un farrampón, mozo disfrazado con roupas vellas e a faciana tapada, este farrampón era o que se encargaba de recoller os aguinaldos de porta en porta⁹⁵. Leva camisa branca adornada com moitos metros de cinta de tela ben dobrada facendo coma un triángulo e amosando rosetóns no peito e nas costas. É un traxe almidonado que se completa cun pantalón ornamentado com máis cinta de cores en distintas partes; as polainas son de coiro negro e os zapatos escuros tamén. A máscara é unha especie de careta que en cartón pedra representa a unha persoa avellentada, de longo nariz e barbas de la de ovella cunhas grandesa orellas. Vai tocada cunha boina e por riba leva unha estrutura de aramio cuberta de papel de



Fig. 24-25. Traxes antigos e actual do vellarrón (fot: 24-cedida por J. Rodríguez Cruz, 25-concello do Riós)

95 RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé. Nos dominios do Vellarrón. Xornal O Sil, especial Entroido, 13 febreiro, 2020.

cor formando unha pantalla ou mitra. Na cadeira O Vellarrón leva chocas e na man, un látigo. Esta máscara saía aló polos anos cincuenta ou sesenta e foi quedando apartada. Co Vellarrón ían o Farrampón, home de mal aspecto do que todo o mundo quería estar lonxe, e a Madama. O Vellarrón facíase anos atrás todo de papel pero agora é de tela para que dure⁹⁶.

Polo tanto o Vellarrón ten o aspecto formal, *a estática*, semellante aos boteiros da Gudiña-Viana-Vilariño, pero o comportamento, *a dinámica*, coas tres características fustigadora-petitoria-itinerante, é propia das máscaras do val do Támega coma peliqueiros e cigarróns.

Bibliografía de referencia

- AMADO ROLÁN, Nieves: *Os Peliqueiros e o Entroido de Rebordechao na Serra de San Mamede: o lugar de inflexión entre Felos e Peliqueiros*. Monográfico “O Entroido en Galicia”, Xornal O Sil. O Barco de Valdeorras, febreiro-marzo de 2022. Pp. 70-71
- *A antiga careta comunitaria de Espiño, a súa recuperación*. Monográfico “O Entroido en Galicia”, Xornal O Sil. O Barco de Valdeorras, febreiro de 2020. Pp. 70-71.
 - *O Entroido Galego na Idade Media. Referencias documentais*. Rev. Ágora do Orcellón, Nº 25. Instituto de Estudios Carballiñeses. O Carballiño (Ourense), 2013. Pp. 61-76
 - *Os antigos traxes de peliqueiro de Laza. As Plantillas de caretas antigas atopadas en Nocedo do Val*. Rev. Auria. Nº 166. Ano XIV. Febreiro de 2011. Edic. La Región. Ourense. 22-25.
- AMADO ROLÁN, Nieves & BARREAL NOVO, Ramón. *Laza. Entroido*. Ed. Excma Deputación Provincial de Ourense. 1990
- BLANCO CONDE, Xesús. *Laza. O entroido enxebre*. Deputación Provincial de Ourense. 2000
- COCHO, F. *O Carnaval en Galicia*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1990
- COCHO, F. *O Entroido no val do Támega*. In *Tempos de Festa en Galicia T. I*. Coord. Benxamín Vázquez. Fundación Caixa Galicia. A Coruña. 2006. Pp. 159-168
- DASAIRAS, Xerardo. *O Entroido en Terras de Monterrei*. Edicións do Cumio. Pontevedra. 1990
- *Entroidos y máscaras del sureste orensano*. Narria: Estudios de artes y costumbres populares, Nº 79-80, 1997. pp. 25-32
- DIEGUEZ AÑEL, A. *Carnaval en Castro y Laza (Orense)*. Rev. De Folklore, nº 51, tomo 05a, pp. 88-92. Caja España, Fundación Joaquín Díaz. Madrid, 1985
- GARCÍA, Jesús Manuel. *Riós recupera o traxe e máscara de O Vellarrón com once exemplares*. La Voz de Galicia. 14 feb 2007
- RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé. *Entroidos rurais a so pé do Invernadeiro e da Serra Seca*. Xornal O Sil, especial Entroido, páxs. 118-119, febreiro, 2016.
- *Nos dominios do Vellarrón*. Xornal O Sil, especial Entroido, 13 febreiro, 2020.
- TABOADA CHIVITE, Xesús. *Ritos y creencias gallegas*. Santiago, 1980.
- *Folclore de Verín*. Ourense 1961.
 - *Algunos aspectos del carnaval en Laza*. Salamanca 1953.

96 GARCÍA, Jesús Manuel. Riós recupera o traxe e máscara de O Vellarrón com once exemplares. La Voz de Galicia. 14 feb 2007

Meco do entroido Ribeirao
(Santiago de Arriba, Chantada – Lugo)
Reproducción de Xosé Manuel Seixas.



Viaxe polo mundo da máscara

Mercedes Vázquez Saavedra

“Viaxe polo mundo da máscara” (Máscaras galegas e portuguesas), título dunha das miñas exposicións fotográficas das máscaras, xa que outra exposición paralela leva o título “Viaxe polo mundo da máscara ibérica”, que abrangue máscaras galegas e portuguesas, e de Zamora, León, Asturias, Cantabria, Extremadura, Castelá, e doutras comunidades. Pero nesta ocasión imonos deter nas máscaras galegas e as portuguesas, aínda que algunhas máscaras arraianas, zamoráns ou leonesas por veciñanza e extensión da raia e mesmo máscaras astures tamén poderían entrar.

As viaxes polo mundo das Máscaras son un mundo, e algunhas máscaradas son imprevisibles, polo que, -non é doado por cancelas ao campo-, acotar o espazo das máscaras é concretar os lugares, días e horas nas que saen, aldeas en xeral, ou mesmo vilas, son espazos nos que as máscaras actúan con liberdade, cada grupo ten identidade propia, e as máscaras saen cando lles peta, polo hai que quedar á espera. As máscaras saen en diferentes épocas do ano, non só no entroido, cumpre partir das máscaras que aparecen nas primeiras datas, e comezar a noite do 31 de outubro ao día de santos, e continuar en Sta. Luzia, e seguir a andaina nas festividades do Natal portugués, San Estevo, Fin de Ano, Aninovo e Reis, no chamado -CICLO DOS 12 DÍAS-. E seguir as pegadas das máscaras, no San Sebastian e chegar ao Entroido, cinzas e piñata. Máis hai outras máscaras que saen noutras celebracións cristianizadas como o caso das procesións do Corpus leonesas onde saen os birrias, ou mesmo no San Xoan, e máscaras galegas que saen polos Remedios. As MÁSCARAS son froito da EMOCIÓN, se as levan con SENTIMENTO. Viaxar na busca das máscaras, e ir tras os caretos, cigarróns, peliqueiros, felos, pantallas, zangarróns, guirrios, máscaras en xeral, é ir na busca das tradicións,

simbolismo e rituais.

Símbolismo

Nesta viaxe simbólica, imos atrás ás máscaras galegas e portuguesas, que tendo as mesmas características, contan con rasgos que as diferencian, aínda que ámbolos dous grupos de máscaras naceron da mesma nai. Moitas celebracións do Natal, teñen un carácter ritual e ceremonial, que leva á SATURNALIA romana, e outras máscaras teñen influencia do ciclo litúrxico cristián, sendo as máscaras do entroido, a época das “carnes tollendas”, e posterior abstinencia cuaresmal, da que falaba Risco.

As máscaras portuguesas, a maioría saen no solsticio do inverno, no chamado “Ciclo dos doce días”, de o Natal até Reis-, cultos e rituais pagáns cristianizados.

No CONCELLO DE VINHAIS en Trás-os-montes, na aldea de Cidões, o día 31 de outubro, despois da media noite, xa en Santos, saen a CABRA E O CANHOTO e máis O DEMO, celebración pagán. A xente baila arredor a fogueira, culto ao LUME e un DRUIDA bendice a QUEIMADA. A multitude está a espera da figura xigantestca: A CABRA, totém que queiman no lume, mentres O DEMO e Canhoto, van nun carro en procesión laica cos penados. Ritual que pecha a época da luz e abre a época escura, inicio das máscaradas de inverno de Tras-os-Montes. A partir desta data, os mozos das aldeas de Tras-Os Montes, comezan a apañar leña no monte para as fogueiras do Nadal.

Por Sta. Luzia, o día 13 de decembro, sae a Galdrapa de San Pedro da Silva, no CONCELLO DE MIRANDA DO DOURO, mulher pintada e traxeada de cores, home trasvestido na compañía dun Velho, que trata de cristianizar á muller cunha cruz de cortiça na mán. Agora saen o domingo próx. a Sta. Luzia.

Pero a chegada dos Caretos é o 25 do Natal e o 26 Santo Estevo, días principais, e algunhas máscaras saen o día 27 e 28. E, a noite de fin de ano teñen algún cortexo e A Encamisada, e saen máscaras en Aninovo e Reis. OS CARETOS, cumpren un ritual iniciático, no que celebran a MOCIDADE, os rapazes (só homes), son aceptados no grupo de caretos, percorren as aldeas ao són dos gaiteros na ronda petitoria ou alborada. Os caretos van cos Mordomos con sombreiros de fitas, e portan VARAS enfeitadas cheas de froitos e doces e marcan os pasos a seguir no ritual. Nalgúns lugares existe a figura do Rei nas festas do Natal, e noutros os CARETOS son os Rei, corren, metéense coas mozas-, beben e comen nos XANTARES CEREMONIAIS COMUNITARIOS, onde mordomos e caretos teñen un posto privilexiado.

No CONCELLO DE MOGADOURO, sae o día 25 de Natal O VELHO ou CHOCALHEIRO DE VALE DE PORCO e mordomo, coidando que non o recoñezan. A máscara é de madeira, cunha salamandra e unha serpe, fan petitorio e alborada.

OS VELHOS DE BRUÇO, saen o día 25 de Natal, catro personaxes, un casal de velhos e unha parella xove. O velho leva un gorro en pico e a vella máscara e pano á cabeza, e os xoves son máis a Sécia, unha mulher pintada e vestimenta de cores e un soldado.

CARETO DE VALVERDE, antigamente saía antes o Natal, deixou de saír e foi recuperado. Sae o día 25 de Nadal, o Careto e unha Velha.

O CONCELLO DE BRAGANÇA, leva a palma en números de mascaradas nas datas do Natal, Algúns rituais comezan a noite do 24 ao 25, pero os CARETOS saen o 25 e o 26 de decembro, no São Estevo, e algún aínda saen o día 27 e 28, festas solsticiais cristianizadas.

O día 25 de decembro saen os CARETOS de AVELEDA. Bragança, os mozos mandan eses días, teñen poder, mestúrase a celebración cristián coa pagán. Teñen un xantar comunitario,

van pola aldea ao son das gaitas. Visten os CARETOS con TRAXES de fitas de cores, e caratua de latón pintado, e corren o entroido, ao medio día marchan a xantar, fan COMEDIAS críticas sociais.

O día 25 tamén saen os caretos en PINELA. Bragança, festa recuperada, vesten traxes de colchas de tear, levan bonecos. È de salientar o CHAROLO, o ramo.

Pola súa banda, na veciña a aldea de VARGE, OS CARETOS saen o 25 e o 26, van polas rúas cos gaiteros, que non entran no lugar sagrado. Os caretos fan a ronda pola aldea, nas casas dan de todo, bebidas, froita, doces, etc, que os mordomos colgan nos ramos. O día 26, de decembro, celebran o San Estevo. Algúns caretos entran nas augas xelidas do río, fai pensar nun ritual iniciático, un culto de inmersión, pero eles din que demostran a valentía. Pero todo leva a pensar no Sol Invictus, e as SATURNAIS. Os CARETOS son iniciados nos saberes das máscaras, -até hai pouco eran só homes-, ser CARETO é un privilexio. Hoxe saen tamén mozas de caretos, por falla de mozos.

Cumpre achegarse até os CARETOS DE GRIJO. Bragança. As caratuas das máscaras de Grijó son de latón sen pintar, e teñen o nariz cortado. O día 26 de Natal, os caretos levan ao REI e o VISPO coas VARAS e puchos nun carro, que fai pensar no CURRUS NAVALIS, da Saturnalia dos romanos en honor a Saturno, deus da agricultura. O VISPO nos leva á FESTAS DOS LOUCOS, como na Idade Media, que nas catedrais facían procesións laicas cun *PAPA, curas, e máscaras*. Cal “triumfo de Baco”. Os caretos de Grijó entran nas casas, onde lles ofrecen de beber, doces etc. E o día 27, é o CONVITE, *mesa comunitaria* e o ramo de roscas de pão, O CHAROLO e a CORRIDA DA ROSCA, loita entres dous mozos, pola noite é a *Galhofa. baile ..*

Perto de Grijó atópase PARADA DE INFANÇÕES. Bragança, unha das celebracións que comeza máis cedo a festa do Nadal, e que ten máis días de celebración, xa que celebran o día 24 de Noite Boa, a Consoada, na que levan O CHAROLO, *ramo de roscas de pão á misa do galo*. Os mordomos volven a ter cada un seu charolo, os días 25, 26, 27 e 28. Aínda que o día principal de Parada é o 26, Santo Estevo, organizado polos Mordomos. Os Caretos son semellantes aos de Grijó. È de salientar a MESA de Sto. Estevo, onde xantan os mordomos e as autoridades, O CHAROLO, *ramo de roscas de pão*, e o BAILE DA ROSCA.

Ese mesmo día 26 saen máscaras na aldeia veciña de REBORDÃOS, Bragança, onde teñen un xantar comunitario, no que comen e beben mordomos e veciños, e os CARETAS, -que así chaman as máscaras-, que aparecen á saída da misa. O sr. cura bendice o PÃO, é os mordomos pasan os poderes aos mordomos novos.

Por outra banda no CONCELLO DE MOGADOURO, o día 26 de São Estevão sae o Chocalheiro de Bemposta, máscara chea de simboloxía que sae tamén no aninovo, máscara antiga a xuzgar a caratua con cornos, non entra na igrexa. O chocalheiro é moi considerado na aldea arraiana, antes fan as MANDAS, das que sae o home que vai ir no Nadal e Aninovo de Chocalheiro. A vestimenta é negra e vermella, igoal que a caratua con cornos e unha serpe, representación do DEMO, o chocalheiro é máxia pura, unha máscara ancestral con rituais.

Nestas datas do Natal, entre o día 26 e o 28 de decembro, ten lugar un DESFILE DE MÁSCARAS en Mogadouro, no que saen MÁSCARAS locais e outras convidadas.

CONCELLO DE VINHAIS. Ese mesmo día 25 e 26 de Natal, saen tamén os caretos no Sto. Estevão de Rebordelo, concello de Vinhais. O día 25 comeza a ronda, onde reciben donativos os mordomos. O REI e VASAIOS van ao son dos gaiteros, de noite celebran a ENCAMISADA. O día principal é o 26, Sto. Estevo, os rituais pagáns dan paso aos cristianizados, van á misa, pero despois a festa é laica. Polo serán é a ENTREGA DAS VARAS

e AS COROAS, aos novos mordomos e saen OS CARETOS, e fan a rondapola aldea. Pola noite é a ENCAMISADA, celebran a *Festa das Varas*.

Tamén en VINHAIS, o día de nadal, e o 26 sto Estevo celebran en Ousilhão. O día 25 é a alborada, saen catro mozos con chals e sombreiros cos gaiteiros e caretos, - que levan caratuas de madeira feitas por artesán da aldea, e traxes de colchas dos teares. A comitiva vai polas casa e pola noite fan a galhofa ou baile. O día 26, encordan o sacro co pagán, no Sto Estevo, con rituais, *O REI* e os criados ou vasaíos, visitan as casas, lles ofrecen viño e doces etc. E fan o traspaso de poderes ao *rei novo e aos mordomos novos* que van cos gaiteiros nun carro.

CONCELLO DE MIRANDELA. No 25 e o 26, Natal e Sto Estavo, saen días antes do Nadal, pero a festa comeza o 25, aínda que o día principal é o 26 sto Estevo. Fan unha fogueira, o ritual do lume, a Loita de Mouros contra os Opostos, o rei mouro e as mouriscas contra os cristiáns. No cortexo van moitos personaxes, e no Sto. Estevo, fan o roubo dos burros ou BURRICADA, a Gitanada e Mouriscada, máscaras, caretos, e *loita de mouros e cristiáns*, etc. Os caretos levan traxes floridos e caratuas de latón.

No mesmo Concello de Vinhais en TRAVANCA celebran o Sto. Estevo, o 27 de decembro. Pola tarde fan o petitorio cos gateiros polas casas, que lles ofrecen bebida e comida á comitiva e acompañantes, e reciben donativos nunha cesta. A media noite saen dous CARETOS con traxes de colchas de lá de cores e caratua negra, puchos de lá como os traxes, fan loitas, e a galhofa o baile.

No CONCELLO DE MIRANDA DO DOURO, en COSTANTIM, o día 27 de decembro, saen a O CAROCHO e a BIELHA, cos pauliteiros, que bailan unha antiga danza de palos. Van polas casas, lles ofrecen bebida e doces.

No CONCELLO DE BRAGANÇA, a finais de decembro sae un careto en RIO de ONOR, aldea dividida en dous, metade portuguesa e metade zamorán. A falla de xente xove na aldea da parte portuguesa, trucaron a data de Reis na que saían dous caretos, por un día de decembro, onde sae só un.

E, a noite da fin de ano fan un cortexo fúnebre, a MORTE DO ANO VELHO en Miranda do Douro. Varios homes de caratua branca levan un “morto” (boneco) até a praza, ás 12 h. da noite, queiman o ANO VELHO, e nace o ANO NOVO, outro boneco que colgan no MUSEO. Celebran a fin de ano na rúa, e diante da igrexa matriz, teñen simbólicos carros da leña.

Mentres a mesma noite do 31 de decembro, no CONCELLO DE VINHAIS, en VAL DE FONTES, celebran A ENCAMISADA, cortexo cos mordomos-reis e máscaras, alguna mulher vai coa cara tapada con rendas, van por casas e adegas onde lles ofrecen viño. Na alborada, pasan os poderes e VARAS aos novos mordomos- reis e voltan á fogueira.

Festas de aninovo portuguesas

No CONCELLO de MIRANDA DO DOURO, no aninovo, moi cedo en Vila Chá de Braciosa, saen tres máscaras: A VELHA, O MOZO E O PAULITEIRO. A vella é un mozo trasvestido de muller con sombreiro, e cara tiznada de negro, cun pao na man na compañía dun PAULITEIRO, bailan polas ruas ao son da música e fan o petitorio.

E no veciño CONCELLO DE MOGADOURO, en Tô, fan a fogueira, e sae O FARANDULO, coa cara tiznada e sombreiro longo, na compañía da Sécia, mozo trasvestido, e o Moço vestido de home. Poñen unha mesa con doces e licores, e convidan ás máscaras, veciños e forasteiros. O Farandulo marcha a xantar e non volve saír.

O día 1 de xaneiro volta a saír o CHOCALHEIRO DE BEMPOSTA, que xa saiu no Sto Estevo, máscara con cornos que vai co mordomo. O CHOCALHEIRO, queda fora da igrexa á espera da saída dos feligreses.

CONCELLO DE BRAGANÇA. En Salsas o día primeiro de ano, pode que apareza algún careto á solta, non é fixo. Hoxendía celebran a Festa por Reis cos Caretos, que levan traxes de colchas de cores, e caratuas de madeira, latón e cortiça. Os MORDOMOS, fan o petitorio PARA AS ALMAS, antes ou o día anterior a Reis. En Salsas teñen un DESFILE de MÁSCARAS que remata coa queima do BONECO-tótem. Os caretos, saltan arredor do lume e ao finalizar teñen una xantar comunitario.

Un caso singular en Bragança é Rebordainhos, sae un só CARETO, moi cedo, o día 6 de Reis, e percorre as ruas cunha mazá na mán, na que vai poñendo o diñero que lle dan nas casas, e logo xúntase co grupo dos cantores, que entoan os “*cantos das almas*, con voces profundas. CATRO CANTORES, guiados polo CARETO facendo o Petitorio: Piden esmola para os difuntos, son os “mordomos das Almas”.

BAÇAL. A fin de semán posterior a Reis, saen os *CARETOS de Baçal* despois do *XANTAR COMUNITARIO*. Os CARETOS fan os rituais e a da vestimenta, e cando poñen as caratuas sintense superiores, entran no bar, e van polas ruas, metéense coas mozas, suben ao campanario da igrexa, etc. Os caretos vesten traxes de fitas de cores e caratua de latón. Despois do petitorio, xúntanse na praza e recitan loas, críticas sociais.

Entrudo portugues, máscaras portuguesas que saen no entroido.

No Entroido de PONDENCE (MACEDO DE CAVALEIROS), saen os CARETOS os días do entroido, cumprindo o rituais, como a vestimenta, traxes de colchas de cores, e poñer as caratuas nas casas, tamén fan fan o petitorio. Teñen xantar comunitario. Os Caretos de Ponce teñen un entroido moi consolidado, son Patrimonio inmaterial da Humanidade da Unesco.

Entrudo de Lazarim, as caratuas das máscaras son de madeira feitas polos artesáns da aldea, levan traxes de fitas de cores e outros de materias diversos algúns son vexetais, ou feitos con folhas de millo, etc. O domingo fan un cortexo, con esceas do rural, pero os CARETOS, -hoxe mozos e mozas-, saen o martes do entroido, fan críticas sociais.

VILA BOA DE OUSILHÃO. Vinhais. Antigamente saían no Natal, como os de Ousilhão, pero os de Vila Boa, saen o martes do entroido, ao son dos gaiteiros, levan caretas de madeira feitas polos artesáns da zona e traxes de teas de cores feitas no tear, fan a ronda pola aldea, atacan á xente. Hoxe saen mozos e mozas. Teñen xantar comunitario e mordomos, con rituais antigos.

Entrudo de Ilhavo, distrito de Aveiro, no entroido saen OS CARDADORES, máscaras cun pico como o dun paxaro coroadado con fitas de cores tipo plumas, chal de cores portugués, pantalóns curtos brilantes, e saltan, corren e son irreverentes.

Entrudo da Praia de Mira, saen no entroido os Caretos de Mira. Lagoa de Mira. Os caretos levan saias, cornos e peles de animais, chocas, campañiñas, é a CAMPINA, armazón grande e colorido, que coroa a caratua. Ser careto de Mira é un honor, hai familias de caretos de diferentes xeneracións que sinten o orgullo de ser CARETO.

Entrudo de GOIS, Aldeas de Sixto, Coimbra. Máscaras recuperadas, as caratuas son de cortiça, saen polas aldeas a correr o entroido como antigamente facían na Serra de Lousa. CARATUAS de cortiza ou sobreira, son feitas por un artesán lonxevo de Gois.

Van a AIGRA NOVA, comen chanfaina e bailan á roda, ao son das concertinas.

CONCELLO DE MONTALEGRE:

Entruido de PITÔES DAS JUNIAS, máscaras que saen cando lles peta. Antigamente OS FARRAPÕES, vesten roupas vellas e cara tapada con rendas ou encaixe, e algún levan aventais, noutrora saían a altas horas da noite, os vellos/as contan que sempre houbo farrapões em Pitões, hoxe saen de día no entroido, de noite, depende.

Entruido de TOURÊM. Fan un CORTEXO que ten lugar o domingo do entroido, no que representan esceas do rural, como a MATANZA do PORCO, a BUSCA DOS GARDAS DUN ESTRAPERLISTA, ou MULHERES COLGANDO A ROUPA NO TENDAL, etc.

Entruido de VILAR DE PERDIZES. Este entroido conta cunha caratua de madeira dun CARETO, feita por un artesán da zona, que conserva o Padre Fontes, pero hoxe en día saen caretos e outras máscaras. O entroido de Vilar de Perdizes pódese encordar cos entroidos do rural da raia seca galega, de Oimbra ou Cualedro.

Entroido de Outeiro. Montalegre. Os Folhateiros-as son máscaras recentemente recuperadas, vesten con folhas de millo, elaboradas pola xende da aldea.

CONCELLO DE PONTE DA BARCA: Entroido do Pai Velho. Lindoso. Ten lugar un CORTEXO, representan diversas esceas, e levan ao Pai Velho nun carro enfeitado á espera das vacas, logo pasean ao Pai Velho ao son das concertinas, bailando e cantando.

CONCELLO DE MELGAÇO: Entroido de Castro Laboreiro. Os Farrangalheiras/os, a partir da tradición oral, as MULHERES do Castro, contaron como era o entroido antigamente, e o recuperaron, as mesmas Mulheres fixeron as vestimentas, saias vermellas e mantóns floridos e os garruchos, puchos cónicos de cartón decorado, con fitas de cores e cara cuberta con rendas. Saían no Entroido na vila de Castro, hoxe participan no Cortexo en Melgaço, e participan arredor da queima do Entroido.

CONCELLO DE VINHAIS: Os DIABOS de Vinhais, celebran a QUARTA FEIRA (cinzas), saen OS DIABOS en Vinhais OS DIABOS E A MORTE. Os *demos vermellos* van atrás as raparigas, e andan á solta. Nos últimos tempos, esta escea que se repite o SÁBADO DESPOIS DO ENTROIDO, onde en VINHAIS celebran un CORTEXO de demos; “1000 DEMOS A SOLTA”, onde moreas de xente vestida de demos, desfilan ao carón dun carro no que *os demos levan presas as raparigas*, mentres a MORTE, vai en procesión laica até chegar ao lugar da queima do ENTROIDO.

Máscaras portuguesas fora de época

CONCELLO DE VALONGO. Polo San Xoan ten lugar A BUGIADA, de Sobrado. CONCELLO DE VALONGO. Onde o 24 de xuño, saen os BUGIOS e os MOURISQUEIROS. O REIMOIRO ou Rei e o CHEFE DOS BUGIOS. Os mourisqueiros son mozos solteiros de Sobrado, e os Bugios son os cristianos. A danza dos Bugios é saltando, van unha morea de bugios. Os Mourisqueiros, é unha danza marcial.

Máscaras galegas

PRIMEIRO DE ANO. Algunhas máscaras galegas saen cedo, como os peliqueiros de Laza e Matamá (concello de Laza), que aparecen a primeiros de ano. Mentres en Verín os cigarróns saen polo San Antón. Pero as MÁSCARAS GALEGAS en xeral, saen a cachón no ENTROIDO, os máis longos son Laza, Verín, Xinzo, Maceda, Viana do Bolo, etc, máscaras que cumpren os rituais entroideiros: *folións, lume, fariña, formigas etc* algunhas máscaras semellan figuras de animais, e nos levan as Lupercais, NO ENTROIDO TODO ESTÁ PERMITIDO.

As máscaras galegas teñen identidade propia, e algunhas son *máscaras fustigadoras*, como apuntou Caro Baroja, a maioría levan lategos e van dando paos á veciñanza, tal é o caso dos Peliqueiros de Laza, Matamá e Castro de Laza, Cigarróns de Verín, Peliqueiros de Campobeceros, algúns mesmo na raia con Chaves (Portugal), es outros perto dela. E son de salientar as *festas dos fachucos* de OIMBRA, os fachos de SAN CIBRAO. En BOUSÉS, tamén fan fogueiras. E saen máscaras na veciñanza, en Cualedro, A Xironda, Vilardevós, Ríos e Campobeceros en Castrelo do Val.

LAZA é un dos entroidos de referencia. Ser PELIQUEIRO, vestir os traxes poñer as caratuas, e colgar as chocas é un grande honor. Antes do entroido saen os FOLIÓNS pola noite e o venres antes do Entroido teñen un Folión con fachos de palla, o domingo é o día dos PELIQUEIROS, con vestimenta branca e chaquetiña curta, máscaras de madeira con mitra pintada, por artesáns da zona. Os peliqueiros reciben aos veciños cando saen da misa. O luns do entroido é a Farrapada e saen os maragatos, e hai que quedar á espera da saída da MORENA (cabeza dunha vaca de madeira con cornos, que levan en procesión laica, botando formigas e fariña até a praza da Picota, onde ten lugar a FARIÑADA, e corren os peliqueiros. O martes, saen os Peliqueiros veteráns e pola tarde, leen o Testamento do burro.

Matamá, celebra folións antes do entroido, e o domingo e martes do entroido saen os PELIQUEIROS, e o luns sae a MORENA, cabeza de vaca de madeira con cornos cunha tea. Tamén saen as MADAMAS, grupo de Mulheres cubertas con colchas que van polas rúas de noite.

Perto de Laza, atópase Castro de Laza, con peliqueiros e DUAS MORENAS, que semellan cabezas de vacas con cornos, tapadas con teas, que loitan entre elas, e corren atrás da xente. Leen o testamento é visitan as aldeas veciñas de Soutelo Verde e Vilameá e Tamicelas con grande FARRAPADA, auga e farrapos.

No Concello de Verín, saen OS CIGARRÓNS, personaxes que se remontan ao S. XVI, outros contan que os cigarróns foi cousa da igrexa. Taboada Chivite, levou a orixe dos cigarróns á época medieval. Ser cigarrón é un honor, cando visten o traxe e poñen a caratua transformanse, vestir o traxe de Cigarrón é un ceremonial. Os cigarróns corren o entroido dando lategazos. Celebran os xoves de comadres e compadres. O domingo Corredoiro, saen moreas de CIGARRÓNS. En desfile.

CONCELLO DE CASTRELO DO VAL, tivo tradición de Peliqueiros. Na actualidade é de salientar, o entroido Campobeceros, onde saen os Peliqueiros, semellantes aos de Laza. Matamá, cos Parrafóns, que vesten con colchas, mantas ou roupa vella. Tamén sae A MORENA, vaca con cornos, e nos últimos tempos sae un cervo. Desfilan por Campobeceros e traen sempre algunha máscara foránea convidada.

Concello de RÍOS. En Ríos recuperaron os verrallóns, que noutrora saían en Castrelo de Cima. Antigamente Castrelo e Veiga do Seixo foron os entroidos de Ríos con máis sonda, candanseo con puchos diferentes, o de Castrelo era de papeis e o da Veiga de Seixo de mimbres. Agora os Verrallóns saen o sábado na capital do concello de Ríos, con vestimentas multicolor e puchos de fitas de cores. Castrelo de Cima celebra seu entroido.

Concello de VILARDEVÓS. Máscaras recuperadas hai uns anos “OS CHOCALLEIROS”. A máscara actual ten a caratua redonda, traxe branco con fitas de cores. Saen o sábado do entroido e desflan polas rúas, ao final fan a lectura do testamento.

Concello de Oimbra. Contan cos Entroidos de Oimbra e San Cibrao e Bousés. Na capital do concello de Oimbra, o LUNS DO ENTROIDO ABREN AS ADEGAS e o martes do ENTROIDO, son “Os Fachucos”, levan un boneco de palla polas rúas, e pola noite prenden os

fachos e van até a praza da vila onde forman un círculo, bailan arredor da fogueira, onde botan os fachucos e queiman o MECO.

“Os FACHOS DE SAN CIBRAO”. En San Cibrao celebran tamén a festa do lume que pecha o entroido, neste caso, van en procesión até o cume cos fachos, onde forman un círculo, e ao son dos bombos, queiman o boneco de palla. Ao baixar entran nas adegas que abren para a ocasión.

E cumpre nomear o recuado entroido de Bousés é pequeno e só aceptan visitantes que se impliquen no entroido. Queiman un boneco de palla na fogueira e fan un xantar e baile, houbo cigarróns, aínda quedan nos fallados.

CONCELLO DE CUALEDRO. Conta con tres grupos de máscaras recuperadas: Cualedro, A Xironda e Carzoá. A capital do concello de Cualedro conta cos Zarramanculleiros, recuperados, vesten con chaqueta curta, e latego. A caratua remata nunha mitra con decoracións vexetais. As máscaras da Xironda levan o nome de máscaras recuperadas, grazas caratuas que se gardaban nos fallados das casas, saen o domingo do entroido despois da misa. O martes a última hora queiman o MECO DE PALLA. Tamén recuperaron as Madamas de Carzoá, levan saias brancas e longas, mantóns e sombreiros, tapan a cara cun velo negro.

Os FELOS DE MACEDA, son máscaras cerimoniais, semellantes na vestimenta e caratuas aos peliqueiros e cigarróns, saen polas aldeas da Serra e San Mamede. Cando se visten e poñen as caratuas é un ritual que os leva a emoción. As máscaras levan lategos, e cando van polas aldeas fan paradas e os veciños/as lles fan merendas, outros dan bebida e doces. A noite do sábado do entroido ten lugar a baixada da MARELA, procesión laica, entronizado o animal.

ENTROIDO DE XINZO DE LIMIA é un dos máis longos, celebran o *domingo fariñeiro, oleiro, corredoiro, o martes de entroido e o domingo de piñata*. O Entroido de Xinzo conta con moitos personaxes, algúns representan a xente do rural. Pero as máscaras tradicionais con AS PANTALLAS. É de salientar o ceremonial á hora de vestirse e poner as caratuas das pantallas.

PANTALLAS de Xinzo de Limia, por exemplo á *familia entroideira dos Cuquexos*, onde a avó axudaba a vestir a seus netos, ante a ollada de toda a familia. Tiven a sorte de ollar, como se ían vestindo e como a avó colocaba a banda, arredor da cintura, e como se ían convertido en PANTALLAS, os membros daquela familia de Xinzo de Limia, onde pasaban de ser homes a PANTALLAS, as máscaras locais. A avó da familia, marcou as pautas, indicando a cada un dos netos cómo tiñan que se vestir de PANTALLA: Primeiro os calzóns e a camisa branca, segundo as medias e as polainas, terceiro a banda que tiñan que enrolar con precisión, e a capa ao final, e máis logo e con moito coidado: a caratua da PANTALLA. Un auténtico ritual, que simboliza con cada paso a FUNCIÓN ceremonial que precede a cada unha das investiduras. O mesmo acontece cos cigarróns de Verín, e cos felos de Maceda ou os peliqueiros de Laza ou Matamá, e os de Campobecerros, os Boteiros de Viana e Vilariño, e as máscaras de Manzaneda, e as de Buxán, e con case todas as máscaras que coñezo.

“Os Vergalleiros” do CONCELLO DE SARREAU. Saen polo entroido, máscaras recuperadas, teñen caratuas brancas e puchos cun touro, e levan campaniñas. Saen o domingo do entroido, vesten de branco con fitas de cores e chalecos negros.

Máscaras do Bolo e Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Trives, e A Gudiña

BOTEIROS DE VIANA BOLO. Unhas das máscaras tradicionais con longo percorrido, que conserva os rituais. Comezan coas visitas dos FULIÓNS ás aldeas, grupos de veciños tocando os bombos e facendo soar aperos de labranza, os convidan a bebida e comida. No

domingo do entroido saen por Viana os FULIÓNS E OS BOTEIROS. Os BOTEIROS van diante dos fulións, correndo e saltando, vesten traxes coloristas, camisas con fitas de cores, a caratua é de madeira pintada de negro, coroada cun grande armazón feito con fitas e flores. Folións e boteiros van sempre xuntos. En Viana recuperaron AS COMPARSAS, grupo de músicos cos boteiros e outras máscaras, que van ás aldeas, entre elas á de Pixeiros, representan parodias cos das esquilas (que así chamaban aos actuais boteiros). Son moitos os grupos de folións e boteiros que se xuntan en Viana, para os desfiles: Os de Bembibre, os de Pradocabalos, os de Pixeiros, os de Penouta, os de Grixoá, os de Covelo, e os de Quintela do Pando, etc, hai máis. Viana celebra a festa da ANDROLLA, e as comadres e compadres, e fan bonecos de palla.

ENTROIDO DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO, saen Fulións e Boteiros e van ás aldeas, onde tocan e os veciños lles ofrecen bebida e comida. As caratuas dos Boteiros e Vilariño non é negra, vesten camisas de fitas de cores, levan esquilas, e un pao de madeira, a diferenza con Viana é que a mitra é cadrada. Cumpre destacar o Fulión de Mormentelos, sen caratua, levan unha vestimenta e puchos brillantes e son danzantes, semellanse máis ás máscaras de Manzaneda.

Viana do Bolo e Vilariño de Conso, son os responsábeis do VIBOMASK, MÁSCARADA IBÉRICA, DESFILE DE MÁSCARAS internacionais.

ENTROIDO DO CONCELLO DE TRIVES, tamén ten Fulións e boteiros, máscaras recuperadas hai 20 anos. Cumpre fixarse na mitra cadrada, como a de Vilariño, as de Trives algunhas levan o nome gravado na mitra.

MÁZCARAS DO CONCELLO DE MANZANEDA. Fulións e mázcaras, que así alcuman ás máscaras de Manzaneda, levan vestimentas brancas e mantóns, e cara tapada con antifaz, as veces non o levan, e puchos altos e brillantes, e son danzantes. Cumpren os rituais de ir polas aldeas, onde os convidan. Fan a lectura das críticas sociais. E en Manzaneda capital fan un desfile.

No CONCELLO DA GUDIÑA, en Carracedo da Serra sae un folión con boteiros e no TAMEIRON, folión é un entroido cheo de máscaras rurais, algunhas feitas con vexetais, palla etc, e levan un carro pola aldea. O mesmo que en CHAGUAZOSO sae a RITA por REIS. E en PENTES saen os Farranpóns.

CONCELLO DE O BOLO. Folión e Máscaras de Buxán. O BOLO, vesten de branco con mantóns floridos, caratua branca e pucho alto en pico, con fitas e bonecas, postais etc, e levan unha espada. No Folión tocan os bombos e aperos de labranza etc, hai familias de avó e netos que van xuntos tocando, folión e máscaras que saen no entroido de Buxán, son danzantes, fan unha danza con saltos e pasos marciais. Tamén visitan vilas doutros concellos veciños como A Rúa e A Veiga.

No mesmo concello do Bolo, saen tamén O XIGANTE e o TOURO DE CELAVENTE. O Touro é un armazón de madeira con cornos tapado cunha colcha, fitas e flores de papel de cores. O Xigante veste de branco e leva sombreiro florido, saen o domingo do entroido pola aldea ao són dos gaiteros e van á capital do concello de O BOLO,

CONCELLO DE A VEIGA. Máscaras recuperadas os Charrelos e o Boi, saen no entroido. O Boi é unha máscara de madeira con cornos tapado cunha colcha. E os charelos vesten de branco con fitas de cores, caratuas de madeira feitas por un artesán da zona, e puchos. Tamén danzan como os de Mormentelos ou Manzaneda. Máscaras que saen co Folión ao son dos bombos o martes do entroido polas ruas da capital do concello. Na capital da Veiga, fan un DESFILE DE FOLIÓNS, onde saen máscaras.

Máscaras da Raia.

Son varias as máscaras da raia, na BAIXA LIMIA, AS MADAMITAS E MADAMITOS DE ENTRIMO, TROTEIROS DE BANDE, OS FOLHATEIROS de GROU LOBIOS, OS CABREIROS DE MUIÑOS E AS GÁRGOLAS DE CELANOVA.

MADAMITOS E MADAMITAS do CONCELLO DE ENTRIMO. Están documentados, antigamente vestíanse como os señoritos/as. Hoxe vesten con traxes brancos e tules, mantóns de cores á portuguesa, puchos cónicos, e máscaras brancas. Os homes levan bigotes e varas e as mulleres semellan damas, recordo das antigas vestimentas existían no S. XIX, foron replicas do señorío entrimeño, pero como a maioría das máscaras deixaran de saír, foron recuperadas no 2004.

TROTEIROS do CONCELLO DE BANDE. Documentados, percorren as aldeas do concello. Vesten de branco, levan a cara tapada con rendas, e puchos con adornos, postais, espellos etc. Os troteiros deixaron de saír, pero foron recuperados hai anos.

FOLHATEIROS de GROU LOBIOS. Os folhateiros de Grou. Lobios, é un entroido rural recuperado, no que utilizaron o que tiñan a mán para facer as máscaras con FOLHAS DE MILHO, entroido que emparella co de Outeiro de Paredes de Montalegre, recuperado recentemente, ámbolos dous sérvense das folhas de milho e as mazarocas e graos de milho de cores. As caratuas son de cartón feitas pola xente de Grou, o o millo o recollen nas hortas.

CABREIROS DE MUIÑOS, elixiron a CABRA como elemento principal da súa máscara, porque na aldea de Vilar de Cas, dinque saían un de cabreiro. No 2004, recuperaron o entroido, as caratuas son cabezas imitando as cabras, e levan un pao na mán con cabeza de cabra. **Desfilan o sábado do Entroido** na capital do concello: Muiguemes, na compañía doutros entroidos da raia: Entrimo, Bande, Muiños e Lobios.

AS GÁRGOLAS DO CONCELLO DE CELANOVA, reproduciron as gárgolas do mosteiro de Celanova, son máscaras novas, saen no Entroido, e levan hábitos castaños e caratuas semellando figuras de animais, como as gárgolas do mosteiro.

Máscaras lucenses

A provincia de Lugo, conta co a figura do OSO DE SALCEDO e o ENTROIDO RIBEIRAO de Stgo de Arriba (Chantada). E nos últimos tempos recuperouse o ENTROIDO DO COUREL e o ENTROIDO de BUDIAN de San Román de Acedre, sen esquecer o Entroido de Val de Francos, no Concello de Castro de Rei. E outras máscaras que saen fora de época O Meco e as Pampornigas da Ermida. Quiroga, das que darei conta ao final

ENTROIDO RIBEIRAO. No CONCELLO DE CHANTADA, saen os Volantes, maragatos ou peliqueiros, e mecos, saen do ENTROIDO RIBEIRAO de Santiago de Arriba. Unha familia e un grupo amigos-os son quén de manter vivo este entroido dende hai anos. Nesta zona houbo máis volantes noutras aldeas, pero perdéronse. Os VOLANTES levan un pucho con cintas de cores, flores e bonecas, o pucho é moi grande e é moi pesado de levar.

Aparecen polas hortas en comitiva, cal personaxes ancestrais na compañía dos MARAGATOS ou peliqueiros con peles, figuras animais e outras con roupa vella, máscaras que xurden do profundo, reminiscenzas dos rituais agrarios. As máscaras atravesan as leiras. O Ribeirao celebra o domingo Lambedoiro, o Corredoiro con obras de teatro, os oficios, e o martes do Entroido, saen os mecos. Ese día, fan o CHORO DO PUCHO. Os volantes deixan os puchos na leira, choran porque terminou o entroido.

CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. O OSO DE SALCEDO na Pobra do Brollón, é *o protagonista, auténtico rei*, O Oso de Salcedo agora non vai atado, en tempos foi atado. Pero non é un oso sumiso, vai na compañía dos criados. O Oso, baixaba da serra do Courel á aldea de Salcedo. O OSO de SALCEDO emporcaba á xente, hoxe só embadurna con barro ou terra, noutrora botaba bostas. O Oso de Salcedo ten poder, os criados axudan ao oso a coller as mulleres e a calquera que non leve disfraz. Hai outras máscaras, as Madamas e o Cego e o lazarillo cantando coplas

CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL. ENTROIDO DO COUREL. Existiu sempre, pero deixou de saír, é foi recuperado pola veciñanza. Nos 90, levei ao cabo unha recolleita dos entroidos do Courel, do bico da xente das aldeas do Courel, na Revista A Candea. A xente contaba que levaban o meco dunha aldea a outra onde lles daban o que tiñan nas casas para facer unha merenda. Tamén contaban que na parte do Courel alto as máscaras eran de peles de animais. Hoxe multiples personaxes, algún con caratuas de animais, van polas aldeas como facían antigamente, entran nas casas e bailando ao son dos gaiteros, onde os convidan.

CONCELLO DE PANTÓN. Nos últimos tempos recuperaron o ENTROIDO DE BUDIAN en San Román de Acedre. Pantón. Saen varias máscaras: Os Brancos de encaixe e sombreiros elegantes e sombreiros cónicos con fitas de cores. O meco é Farranquí de pel de ovellas. O Farranquí é rei do Entroido, e as comadres, trapeiras con caldeiros de cinsa, e os farramplás de vello con caretas. A comitiva vai polas aldeas da parroquia, Budián, Abelaira, Cima de Vila, Acedre, San Román, O Cotillón. Antigamente os de Santiago de Cangas e Acedre, levaban garrafóns baleiros e os ían enchendo nas casas. E ao rematar fan unha obra de teatro con casamentos, partos.

CONCELLO DE CASTRO DE REI. O Entroido de Val de Francos. Ansemar, no Concello de Castro de Rei. Lugo, está documentado, deixara de saír pero foi recuperado hai anos. Levan un meco de palla nun carro, e saen os FARELOS, que fan a farelada, botar fariña, as máscaras van enfundadas nuns monos con sombreiros, saen en Ansemar, en Balmonte e Goberno. Antigamente facían corridas de galos, hoxe prohibidas.

CONCELLO DE CARTELLE. ENTROIDO DE SANDE, no concello de Cartelle, saen AS BONITAS que vesten de branco, homes e mulleres e mozos.as, con mantóns de Manila, carabata vermella e pucho con plumas. O OSO sae o sábado do entroido, e fan a *CAPTURA DO OSO*, e teñen troula nas ADEGAS de MOGOS. Tamén sae unha VACA, e recuperaron as AVUTARDAS, con roupas velhas

No mesmo concello de Cartelle cumpre salientar un entroido rural na afastada aldea das TEIXUGUEIRAS, onde nun tronco tallan un Meco cun grande membro viril. LEN OS DISCURSOS, criticas sociais, e ao rematar, levan o MECO nun carro guiado polos PELIQUEIROS, na actualidade mulleres, arredor do carro vai a mocidade pola aldea adiante, suben até o cume, ao OUTEIRO DO MECO.

OS GALOS. A MEZQUITA, CONCELLO DE A MERCA. Os galos da Mezquita, vesten de branco con panos de cores e chales cruzados, un sobre a saia e outro na cintura. Os sombreiros teñen forma de galos e fitas de cores, levan antifaz negro. Saen o domingo do entroido pola aldea e rematan o desfile na igrexa da Mezquita coa lenda do demo que fixo a igrexa nunha noite. A xente da cartos aos galos á saída de misa. O sábado colgan o meco. Houbo corridas de galo, hoxe só imitan das corridas.

LABARDEIROS E SEÑORITAS DE MUGARES: TOÉN, saen no entroido mulleres, homes e nenos.as, polas ruas da aldea de Mugares, con traxes floridos e sombreiros, bailando.

OS FELOS DE BOBORAS. Saen en Feás. Boborás OS FELOS, vesten con colchas de

cores e capas, levan a cara pintada de branco e puchos altos de cores, forrados con revistas, rematados en abanos, con fitas de cores. Noutroira ían polas aldeas metendo barullo cos aperos de labranza o luns dos RODOS, o fan en Pazos de Arenteiro.

FELOS A CABALO de Garabás. Concello de Maside, saen o domingo do entroido os Felos a Cabalo, vesten con mantóns floridos e puchos con plumas. Van polas aldeas a cabalo, cando se xuntan, marchan a galope, e non hai quen os pille. Dínque a tradición ven da francesada

PITAS DE EIROAS. OURENSE fan a VODA DA PITA, unha recreación da voda de dous vellos viúvos que casaron de maiores, á sra Gumersinda, preguntaba á xente, cando casaba, pero o día que casou non convidou, e a xente enfadouse con ela, e parodiaron a súa voda ano tras ano. As Pitas son homes, mulleres e nenos, as que vesten de negros con fitas de cores e una caratua de pita, rematada nunha pitiña. Fan o domingo fareleiro, o oleiro e o martes do entroido, no que representan o casamento da PITA.

Por outra banda en Seixalvo celebran o entroido coas figuras de Paquita e Nicanor.

Entroido de Samede, CONCELLO DE PADERNE. A Coruña máscaras recuperadas a través da tradición oral, de onde xurdiron os Bonitos, Vixigueiros e Carolos, as máscaras de Samede, que ademais son danzantes. Emi Cagiao, escribiu un libro do entroido de Samede, a partir da tradición oral. É de salientar O POLICARPIO, o meco, e as COMEDIAS, críticas sociais.

XENERAIS E CORREOS DA ULLA, saen no entroido e van a cabalo. Os Xenerais levan gorro alto con plumas, e os Correos gorro baixo con plumas, saen de diversas aldeas, ao modo de militares, dínque recordan a francesada, dan os altos e os atranques, nos que non deixan pés con cabeza, dura crítica social. Saen nos concellos de A ESTRADA, BANDEIRA, BOQUEIXÓN, SILLEDA, SANTIAGO, TEO, TOURO, VEDRA, VILAR DE CRUCES. Pódense atopar en varios lugares máis.

VELLO DOS CORNOS DE VILA DE CRUZES, a máscara do VELLO DOS CORNOS é farrapeira e ancestral, figura recuperada que saía antigamente, vai cunha vella tamén farrapeira.

Os Exército dos Panos. Concello de Coristanco. A Coruña, saen cada cinco anos. O exercito é dos Arcos e saen polas aldeas de arredores, pero o exercito desfila o martes do entroido, en Feira, A Picota, na capital do concello. Diante vai o abanderado, e despois o exercito, e outras figuras, os bailadores.

As Madamitas e Gardinheiros de Cerqueda. Malpica, son danzantes, hoxendía son a maioría nenos.as, vestidos de branco, con mantóns. Van polas aldeas nas que se paran e bailan. Nesa mesma zona en Malpica capital ten lugar *o enterro do Faustino* rodeado de mulleres de negro con panos á cabeza que choran a morte do entroido. E en Buño a Mikaela, unha figura de cartón pedra que pasea polas ruas “coa filla”, en honor de multitude,

Entroido de Covelo. Pontevedra, sae polo entroido o REI DE COVELO a cabalo, cospaxes, cara o Coto da Raña, no monte, e nun carro vai Sto Entroido e Sta Entroida. O Rei coroado vai a cabalo coa comitiva, baixan do monte á aldea de Covelo e rouban a coroa ao rei.

Entroido de Cobres. Vilaboa. Pontevedra. Saen no entroido as Madamas e galáns, din que a tradición ven dende o S.XVIII. Vesten luxosamente, de branco, con xoias esombreiros históriados con flores, son danzantes.

EN COBRES NO VERÁN FAN UN DESFILE CON MÁSCARAS DE DIVERSOS ENTROIDOS.

RANCHO DE SALCEDA DE CASELAS, PONTEVEDRA. O Rancho de Salceda de

Caselas, está documentado, saen dúas veces, o día Reis no quedanzan, e no ENTROIDO, onde de novo danzan e vesten doutro modo, sempre elegantes con chales e sombreiros e algún van a cabalo. Fan COMEDIAS.

Merdeiros de Vigo, máscaras que saen no entroido. OS MERDEIROS, saen pola parte antiga da cidade olívica, foi cousa das riñas entren labregos e mariñeiros, Os merdeiros son xente relaciona coa pesca, co mar, mentres os labregos era xente do campo e chaman escabilleiros ou escabicheiros.

Máscaras galegas que saen fora do entroido

Tal é o caso do IRRIO PELIQUEIRO de CASTRO CALDELAS. Ourense. Máscara documentada, e con moita tradición, con habitación propia no Castelo., sae na procesión dos Remedios.

O MECO E APAMPORNIGAS DA ERMIDA. QUIROGA. O meco no entra na igrexa, espera a saída dos feligreses, e as pampórnigas son xigantes, bailan e van na procesión, mentres o meco vai detrás, pedindo esmola, saen polos REMEDIOS

Máscaras galegas que saen por REIS

No Concello de A MEZQUITA, en MANZALVOS celebran os reis cos mordomos con ramos xantar e ceremonial. O mesmo que en CHAGUAZOSO sae a RITA por REIS e en PENTES, saen os Farranpóns. E outros personaxes son o *Rei, virrei e Mordomos*, típicos da Raia, das portelas galegas e zamoráns, como HERMESINDE, aldea da portela de Zamora, onde saían as figuras do REI e VIRREI, agora depende se hai xente, o mesmo que en CASTROMIL na raia galega, que saían mordomos, rei e virrei e agoratamén depende se hai xente na aldea. (Hermesinde.Zamora e Castromil. Galiza)

En xeral, as máscaras galegas son máscaras con grande simbolismo, que se atopa encada un dos seus actos. De feito moitas máscaras galegas e portuguesas forman partedun ceremonial onde a simboloxía atópase en cada unha das súas funcións, por iso mesmo paga a pena loitar pola súa conservación.

Pantalla
(Xinzo de Limia – Ourense)
Reproducción de Xosé Manuel Seixas.



Tras a máscara. Liturxia e simbolismo

(mesa redonda)

Moderador: Antonio Reigosa

Participan: Nieves Amado Rolán e Mercedes Vázquez Saavedra

Moderador

Presenta ás dúas persoas que forman parte da mesa de debate e convida ao público asistente a intervir con preguntas ou apuntamentos sobre o tema ou sobre calquera outros aspectos relacionados co Entroido.

Intervención desde o público: Branca Villares

A persoa que pide a palabra comenta que os catro relatores da xornada coincidiron en considerar o Entroido como un rito de paso no ciclo vital das persoas. Afirmo que todos o definiron así polo que lles pide ás dúas relatoras ampliar a información sobre ese particular. Amais, aproveita para pedirllas algúns consellos ou consideracións dirixidas á xente que desexe recuperar un Entroido tradicional nunha aldea ou nunha comarca

Nieves Amado Rolán

A clara que ela non é antropóloga. Comenta que a súa experiencia se basea en datos históricos, non antropolóxicos. Pero en todo caso di que algo leu sobre o tema, e que vai opinar da súa experiencia en relación co Entroido de Laza no tocante á pregunta sobre se o Entroido pode ser un rito de iniciación ou de paso.

En Laza cando se vestía un rapaz ou adolescente de peliqueiro? Pois, aos catorce anos máis ou menos. Cando a un mozo se lle deixaba vestirse de peliqueiro por primeira vez, dicían que xa era un home. Supoño que noutro tipo de máscaras será o mesmo. Era unha emoción tremenda para un rapaz vestirse de peliqueiro. Pero, insiste, había esa frase: a partir dese

momento xa era un home!

En canto á cuestión referida a recomendacións para recuperar un Entroido tradicional di que hai que se moi respectuosos co Entroido. Manifesta que a ela non lle gustan as máscaras inventadas se deturpan as máscaras tradicionais. Os entroidos que se recuperan debe ser coas referencias tradicionais, buscando fotos e documentos que non soen ser moi fáciles de atopar pero buscándoos van aparecendo. Vaia, que debe ser algo rigoroso.

Iso para os entroidos tradicionais. Para todo o demais o Entroido é libre totalmente. Pódese inventar o que se queira pero, insiste, que as máscaras tradicionais non se deben deturpar. E as músicas tamén se deben respectar.

Mercedes Vázquez Saavedra

No caso de Trás-os-Montes os mascarados que saen polo Natal e Ano Novo, os investigadores de por alí falan dun ritual iniciático. Celebran o paso da nenez á xuventude onde os rapaces percorren a aldea ao son dun gaitero na ronda petitoria ou alborada. Son rituais; todos son rituais.

E sobre a recuperación dos entroidos tradicionais opina o mesmo que Nieves Amado. Son maravillosos cando dan continuidade a unha tradición oral. Hai que facer recolleita e que a xente maior fale. E gravala, e a partir de aí pódese recuperar. Tamén opina que hai que buscar as fotografías que poida haber e coas fotos mailo que nos poidan contar, pódese recuperar.

Non hai que inventar un peliqueiro en Moaña, un exemplo, cando non existiron nunca. escoitar aos vellos. Se quedan máscaras, moito mellor, pero respecto sempre. O que non impide que nazan máscaras novas

Intervención desde o público: Marta Veiga

Pregunta se se está a falar sempre de ritos de paso de masculinidade, se non se contemplan para as mulleres.

Mercedes Vázquez Saavedra

Contesta que, por desgracia, si son sempre masculinos. Son sempre mozos. As mulleres non figuran para nada. Pero si observa que nestes tempos como faltan mozos nas aldeas, empezan a aparecer mozas. Comezan a verse mozas de peliqueiras, de cigarróns, e di que nestes últimos anos houbo moitas mulleres vestidas de cigarróns, o que non sucedía antes.

Intervención desde o público: Marta Veiga

Pregunta se as máscaras que representan personaxes femininas tamén están interpretadas por homes.

Mercedes Vázquez Saavedra

Comenta que na zona de Bragança e comarca hai moito travestido.

Nieves Amado Rolán

As madamas son femininas en todas partes. Galáns de homes e madamas de mulleres. E os madamitos e guardiñeiros tamén.

As mulleres participaban na festa pero non participaban antigamente nas máscaras rituais. Pero si eran as mulleres as que as confeccionaban con moitísimo traballo durante todo o inverno. E despois de usar a máscara tiñan que desmontala enteira, descosela, lavar só o que é o calzón de abaixo e volvela a montar. E todo ese traballo facíano as mulleres, ao que hai sumar as comidas, a atención dos invitados e todo o demais. No que si que participaban era no baile.

Intervención desde o público: Marta Veiga

Participaban no rito?

Nieves Amado Rolán

Si participaban no rito do Entroido pero detrás, en segundo plano, no que se consideran as máscaras principais. Tamén é certo que o Entroido de Laza que se conservou moi ben ten personaxes moi brutos nos que as mulleres nunca participaron. E di que ela, como exemplo, non vai á farrapada porque non lle gusta. Di que antes non era como é hoxe, que parece unha batalla. Que antes consistía en tirarche un farrapo cando estabas despistado.

O que sempre houbo e que o facían tanto homes como mulleres era o de guarrearse, tirar cinsa e esas cousas pero nos personaxes máis brutos e máis sucios, as mulleres nunca participaban. Agora si.

Mercedes Vázquez Saavedra

Hai personaxes femininos pero son representados por homes.

Intervención desde o público: Branca Villares

Comenta que se nomeou por dúas veces a Vella e pregunta se é un personaxe do Entroido.

Mercedes Vázquez Saavedra

Comenta que si, que a Vella é un personaxe habitual nos entroidos portugueses. É un personaxe feminino que fai un home, un travestido.

Nieves Amado Rolán

Trátase de que non te recoñezan. Mesmo se cambia a voz.

Mercedes Vázquez Saavedra

No caso das encamisadas trátase dunha muller, cre que é unha muller, que vai vestida cunha saba enriba dun burro. Pero a ver se vai ser un travestido! Di que non se atreveu a preguntalo.

Intervención desde o público: Marta Veiga

Afirma que é o mesmo que pasa en todas as mascaradas de inverno europeas. Case todas son masculinas.

Intervención desde o público

Di que cando un ten a sorte de nacer nunha vila que conta cun ambiente cultural con tanta potencia como é unha máscara, iso marca o tempo da vida. Cando te fas mozo, dás ese paso. E tamén é importante saber cando o tes que deixar, cando as forzas decaen. Un paso importante e doloroso. Con relación ao rol da muller con respecto á máscara da súa vila, Xinzo, a Pantalla, di que ata os anos oitenta non saían mulleres. Di que el é da primeira xeración na que saíron mulleres vestidas de Pantallas pero eran elas as que gardaban o saber, as que marcaban a pauta. Comenta como exemplo que a súa propia nai cando o vestía lle explicaba o que tiña que facer e como o tiña que facer. E como era habitual beber cando se saía de pantalla, dicíalle a nai: Contigo vai a túa casa; para dar vergoña non saias! Di que agora xa non se respectan esas normas.

Nieves Amado Rolán

Esa é a forma de preservar unha festa. Os peliqueiros mozos tamén reciben pautas e consellos nas propias casas pero sobre todo dos homes adultos. Antes, e pon de exemplo o caso de Verín, sempre había moita participación da xente maior, que se convertían nos gardadares do prestixio dos peliqueiros. Era a forma de educalos. E fánelles advertencias sobre como andan e como o fan se non o fan ben.

Intervención desde o público: Iolanda Aldrei

A súa intervención vai en relación coas vexigas e a importancia da percusión, o ruído, no

Entroido. E tamén introduce o tema dos mouros. Opina que eses mouros do Entroido son os mouros míticos. Fala dun Entroido da Ulla que está nun lugar alto, en Merza. Un Entroido no que saen os xenerais e xunto con eles saen a Vella e o Vello. E saen os mouros. E opina que está moi claro cal é o rol de cadaquén. Considera que os xenerais teñen un sentido atávico. Van acompañados do Rei que é o espírito que move ao oso, é un espírito masculino e feminino ao tempo. Son os ancestrais. O Vello e a Vella son os ancestrais. A Vella é a que levantou todos os megálitos. Teñen ese rol.

E os mouros son uns personaxes sicopompos que van desde esa sacralización ata o insulto á xente, ata a brincadeira... Parécelle moi interesante ese Entroido

Mercedes Vázquez Saavedra

Di non coñecer ese Entroido. Supón que van pintados de escuro.

Intervención desde o público: Iolanda Aldrei

Opina, como xa dixo, que esas máscaras de mouros de Merza están en relación cos mouros míticos. E comenta que en recollas que ela fixo, a xente di que eses mouros foron expulsados do Pico Sacro a África e que retornaron con Franco para auxiliar á raíña Lupa. É moi curioso como se forman esas simbioses históricas.

Nieves Amado Rolán

Di que puidera ser pois o Entroido deu lugar a reunir mitos e lendas moi antigos. Todo se reúne ou concentra no Entroido. Opina que a xente distingue “moros”, cando non se refire aos mouros míticos, e “mouros” cando si. Ten observado moitas representacións de mouras pero de mouros non hai, ou non coñece, representacións gráficas. Di que nunca viu unha representación gráfica, un debuxo de mouros.

Moderador

Opina que non é frecuente o uso do termo mouro, agás no de Merza como afirma a intervinte, dentro das representacións dos entroidos. O que si que hai é esa confusión entre o mouro mítico e o mouro (moro) histórico. E tamén comenta que a primeira vez que lle faloron dos mouros dun castro, asociábanos aos mouros que andaban con Franco. Pero, claro, non son os mesmos; uns e outros son diferentes personaxes.

Intervención desde o público

Comenta que Mercedes Vázquez falou da presenza de máscaras noutras épocas estacionais, que ela ten visto e presenciado o Meco e as Pampórnigas na Ermida, en Quiroga, e que como apenas deu uns apuntes, pídelle máis información. A intervinte opina que eses personaxes teñen que ver co ciclo das colleitas pois como lembra, unha das Pampórnigas leva un acio de uvas. Chámalle a atención que formen parte dunha procesión e que mentres ao Meco non se lle permite entrar na igrexa, as Pampórnigas si que entran e despois dan a volta coa procesión.

Mercedes Vázquez Saavedra

Di que asiste todos os anos, que como saen dous días pode ir sempre. O lugar onde se celebra esta romaxe parécelle increíble. Lembra que alí apareceu o chamado Crismón de Quiroga. Pero non sabe explicar cal é a orixe desas máscaras.

O que si afirma é que hai moitos sitios nos que as máscaras participan nas procesións, especialmente na do Corpus.

Nieves Amado Rolán

Di que ela non sabía que moitos caretos portugueses entraban dentro das igrexas e que as máscaras galegas tradicionais non entran nas igrexas.

Mercedes Vázquez Saavedra

Di que non todos os caretos entran nas igrexas. Os caretos están fóra esperando aos fregueses. Di que son unha minoría os que entran pero si que esperan á porta para incorporar aos que saen ao Entroido. En cambio, coñece máscaras como as de Montamarta en Zamora que si que entran na igrexa. Algunhas cousas vanse perdendo, outras vanse desfigurando; van cambiando.

Moderador

Lémbrese de algo que leu, non pode precisar onde, que dicía que se un careto morre coa careta posta, vai directo ao Inferno. Cre lembrar que se interpretaba como un reto ao deus creador pois a máscara non deixa de ser unha réplica da capacidade de Deus de crear seres.

Mercedes Vázquez Saavedra

Di que nunca escoitou iso. E máis ben cre o contrario. Caretos, peliqueiros, pantallas e todas as máscaras son importantes cando van vestidos como tales. Senten unha superioridade. Son como deuses neses momentos. Mandan, son os que deciden, teñen un poder

Nieves Amado Rolán

Eles mesmos din que se transforman, exercen ese rol, como unha especie de chamán. E que o senten de verdade.

Intervención desde o público: Toño Núñez

Chocalleiros, peliqueiros... pero pregunta se coñecen a palabra fuliqueiro. Aclara que el é orixinario de Navia de suarna e que de nenos se disfrazaban de fuliqueiros. Perdeuse totalmente. Disfrazarse de fuliqueiros era abrir o baúl, coller a roupa vella e cadaquén coa súa orixinalidade e co que atopase vestíase de Fuliqueiro.

Nieves Amado Rolán

Comenta que hai moitas palabras para definir esa forma de disfrazarse.

Intervención desde o público

Quere comentar que na Fonsagrada comezaron a recuperar desde o instituto un entroido tradicional. Di non ter moita información pois aínda chegou este ano ao centro pero como unha asociación daquel concello quere seguir traballando para recuperalo, apunta que a máscara da que se fala chámase alí Fuliqueiro. E que tamén se viste con roupa vella.

Moderador

Propón recuperar a pregunta que fora o reclamo do Faladoiro da Memoria: Cara a onde vas, Entroido? Tendo en conta que se fala dos entroidos tradicionais, e non dos novos entroidos de desfile e concurso, que son os que predominan na actualidade. Tendo en conta que ambas especialistas teñen un coñecemento amplo, histórico, dos entroidos tradicionais, pregúntalles como lles parece que poden evolucionar eses entroidos. Se se librarán da presión que desde os medios de comunicación e mesmo desde os intereses de certos sectores económicos como a hostalería das vilas e cidades están impoñendo.

Mercedes Vázquez Saavedra

Espera que evolucionen con criterio, con coidado pois opina que hai cousas nos novos entroidos que non teñen sentido. Todo o que sexa recuperación por tradición oral, ben documentado, procurando fotografías, máscaras, que teñen que ser auténticas, ter identidade propia.

Nieves Amado Rolán

Opina que o Entroido é un ser vivo e que evoluciona segundo o vai facendo a sociedade.

Que os entroidos tradicionais teñen unhas máscaras e uns rituais que veñen da noite dos tempos, non se sabe exactamente desde cando, non está documentado. Probablemente hai traxes que non teñen máis de douscentos anos pero non está documentado. Entende que hai que preservalos e que o ten que facer a propia comunidade. Non hai escolas de peliqueiros, nin as haberá nunca. É a propia comunidade a que debe preservalos pois é a súa propia identidade.

En sitios como Xinzo ou Laza, o Entroido é o ecuador, o centro do ano. Non o son o Nadal nin outras celebracións; éo o Entroido.

O que si ve perigoso é a masificación que se produce des que os medios de comunicación comezaron a espallalos e des que se inventou o do “triángulo máxico” por parte da Xunta. Entende que os entroidos non precisan ese márketing *aínda que tamén reconece que iso foi o que provocou que se interesasen por estes entroidos antropólogos da península e de fóra. Pero confía en que se perda a esencia pois a xente segue sentíndoo.* A pesar da masificación, a autenticidade non se vai perder. Hai un pouso que está nas casas e nas conversacións de todo o ano.

É certo que xa non se vive como se vivía. Desaparece a cultura labrega, por exemplo. Xa hai que facer actividades especiais para manter elementos que formaban parte dos entroidos tradicionais e que hai que ir suplindo doutra maneira. Aínda así, o sentimento, a identidade e a ilusión por manter o entroido existe. E mentres isto exista, non se vai perder.

Mercedes Vázquez Saavedra

Cita varios exemplos de entroidos que se están recuperando e que teñen que buscar solucións para facer as máscaras como se facían tradicionalmente. Trataron de recuperar, non de alterar con imitacións.

E respecto á masificación pois opina que o ideal sería poder asistir a entroidos non masificados, pero, pregúntase, que se pode facer ante esa situación, como sucede en Laza, Verín, Xinzo... De todos modos, di que hai moitos sitios que non son así de famosos e que aínda se pode desfrutar en plenitude, sen masificacións.

Nieves Amado Rolán

Apunta que Laza está masificada en determinados momentos pero que hai outros momentos de Entroido que non o están. Nas casas segue sendo auténtico, e hai momentos que hai pouca xente de fóra.

Mercedes Vázquez Saavedra

Di que en xeral en Portugal as máscaras son bastante puras.

Intervención desde o público

Di que non se pode descontextualizar da idea de que existe o mundo do mal e o mundo do ben e que o cristianismo ten moito que ver en todo isto. E pregunta: Poderían actuar por si mesmas as comitivas separando a parte profana da relixiosa? Cambiaría o renacemento destas novas máscaras? Porque o Entroido está dentro dos períodos marcados pola relixiosidade por iso ese tempo marcado onde se deixa criticar...etc. Di que, como exemplo, na Ermida nos anos da pandemia saíu a Virxe pero non os elementos profanos.

Intervención desde o público

Quere chamar a atención das conexións dos noso entroidos cos do centro de Europa. Cando menos na estética. A pesar de ser profana na materia dáse conta ao ver as imaxes das máscaras de certos lugares de Europa que o primeiro que chama a atención é a similitude coas nosas.

Nieves Amado Rolán

Lembra que na súa exposición xa falou algo diso. Refírese ao contexto do calendario

relixioso no que se inscribe o Entroido. E di que aínda que os rituais proceden da Prehistoria, a igrexa cando reestruturou o calendario litúrxico que o permitiu xusto antes da Coresma. Por exemplo, os rituais que se fan con lume, cos fachóns e iso, tamén se facían ao longo do ano, pero quedaron relegados a eses días. Entende que o ciclo, que é de orixe pagá, dura o que a igrexa permitiu.

Mercedes Vázquez Saavedra

Di que os rituais propios do ciclo, polo menos nos entroidos portugueses, xa comezan no Samahín e continúan nos meses de novembro, decembro e xaneiro. Entende que eran festas solsticiais.

En canto ao parecido cos entroidos doutras partes de Europa, confirma que hai moitas similitudes.

Nieves Amado Rolán

Di que os chocos, esquilas e similares están presentes en practicamente todas as máscaras de Europa. Máscaras con mitras, como as dos peliqueiros hainas en Hungría, Bulgaria e outros lugares. E ata en América. O que demostra que son rituais de supervivencia transmitidos desde a Prehistoria que son comúns a todos.

Entre os asistentes ábrese un breve debate sobre a relación e condicionamento das celebracións da igrexa co Entroido, como institución que o controla e regula dalgunha maneira. Retómase o asunto de se as máscaras entran ou non nas igrexas...etc.

Mais o tempo non dá para máis, así que o moderador agradece as intervencións das relatoras na mesa e a participación das persoas que asisten á xornada para dar paso á última parte da .

Achega á Máscara de Entroido. Unha visión desde dentro

(sesión práctica)

Xosé Manuel Seixa

VOLANTE E FORMA DO ENTROIDO RIBEIRAO

(Santiago de Arriba, Chantada -Lugo)

Realizada co asesoramento de Juan Carlos González, artesán das máscaras do Entroido Ribeirao.

Papel e tea con engrudo sobre molde de madeira (Forma).



MARAGATO OU PELIQUEIRO DO ENTROIDO RIBEIRAO

(Santiago de Arriba, Chantada – Lugo)

Técnica trasmitida por Juan Carlos González.

Peles de cabrito e carneiro curtidas á cinsa, cráneo de carneiro e ollos de bugallo.



MECO DO ENTROIDO RIBEIRAO

(Santiago de Arriba, Chantada – Lugo)

Proposta de máscara artesá para o Meco.

Técnica de molde de escaiola e cartón aprendida de Marcelino de Santiago (Kukas), cellas de pel de ovella.



OSO DE SALCEDO

(Salcedo, Pobra de Brollón – Lugo)

Baseada na utilizada actualmente no Entroido de Salcedo.

Asesoramento técnico inicial co artesán de coiro Ramón Lleó e realizada coa colaboración do artesán zapateiro Ramón Taboada en coiro de vaca cosido a man con diferentes técnicas, e moldeado lixeiramente sobre molde de madeira.



VIXIGUEIRO OU CONTRARIO DE SAMEDE

(Samede, Paderne – A Coruña)

Baseada nas utilizadas actualmente no Entroido de Samede realizadas por Genaro Maceiras e José Miguel Rial, tamén informantes.

Técnica aprendida do artesán e mestre Carlos Fontales e realizada co artesán de Bedus Óscar Prieto. Trenzada en vimbio (Salix).

Pelo de la merina levemente afeltrada, técnica aprendida de Sara Seijas.

Boca de vimbio recuberta con la natural tinguida. Celas de pel de ovella.

Fuso antigo suxeitando o moño na parte posterior.



O VELLO DOS CORNOS

(Merza, Vila de Cruces – Pontevedra)

Asesorado por Ramón Molina e baseada na utilizada actualmente.

Cortiza de sobreira (Quercus suber), cornos de vaca e pel de ovella.

Estrutura interna de madeira.



FELO DE MACEDA

(Maceda – Ourense)

Realizada na primeira fase co asesoramento de Marcelino de Santiago (Kukas) e reformada algunha parte posteriormente coas indicacións de Manuel Fernández, artesán de máscaras de Felo.

Madeira de bidueiro (Betula pendula), metal na mitra, pintura acrílica, pel de coello na cara, e de cabrito e rabo de raposo na parte posterior. Pondóns de la



FELO DE ESGOS

(Esgos – Ourense)

Asesorado polos propios Felos durante o Entroido de Esgos e en xuntanzas de Entroidos en Santiago de Arriba.

Cartón sobre molde de tubo e pintura acrílica. Os motivos e cores escollidos son froito de conversas sobre simboloxía máxica co antropólogo Miguel Losada.



BOTEIRO DE VILARIÑO

(Vilariño de Conso – Ourense)

Asesorado por unha boteira e unha artesá durante unha xuntanza de Entroidos en Santiago de Compostela.

Cartón, papel pinocho, cintas de tea e pintura acrílica. Coa colaboración na realización de Ana Martínez.



VERGALLEIRO DE SARREOUS

(Sarreaus – Ourense)

Asesorado por Vergalleiros nunha xuntanza de Entroidos en Viana do Bolo.

Cartón en molde de escaiola, pintura acrílica, cintas e campaiñas antigas.



MÁZCARA DE BUXÁN

(Buxán – Ourense)

Asesorado polos/as integrantes do folián de Buxán.

Careta de cartón, estrutura de metal recuberta de postais, cintas de papel pinocho, boneca de plástico, flocos de tea e chapeu de feltro.



MÁZCARA

(Buxán – Ourense)

Asesorado polos/as integrantes do Folián de Buxán, especialmente a xente maior.

Proposta de elaboración da hipotética antiga mázcara segundo testemuñas.

Estrutura de vimbio coa colaboración de Óscar Prieto do posible cono.

La natural substituíndo o papel pinocho con diferentes posibilidades de tinguido: químico, insectos (cochinilla, *Dactylopius coccus*) e plantas (centaura, *centaurium umbellatum*) por Flor María Pérez.

Boneca de trapo con cabeza de feltro e ollos, cellas, boca e meixelas afeltradas coa técnica aprendida de Sara Seijas. Postais antigas orixinais e algunha réplica.

Chapeu antigo de cura e pasamanería tamén antiga. Máscara de cartón construída a partir dunha caixa de zapatos.



PANTALLA

(Xinzo de Limia – Ourense)

Sacada de fotos e copiada a forma dunha tradicional.

Realizada en cartón con molde de escaiola. Esta técnica, aínda que utilizada en ocasións actualmente, non é a tradicional, quedando á espera de aprender o xeito correcto con feltro e papel. O motivo da mitra é o disco de Nebra, proposto polo antropólogo Miguel Losada, en acrílico. Tea e flocos.



BOTEIRO

(Viana do Bolo – Ourense)

Proposta de careta coa parte superior incluída nunha peza que, segundo algunha información, era como se facían antigamente, para colocarlle a mitra nunha estrutura de vimbio.

Realizada en bidueiro nun curso de talla de madeira impartido por Marcos Ladra.



ZANGARRÓN

(Montamarta – Zamora)

Asesorado polos veciños de Montamarta durante o ritual de vestir o Zangarrón.

Cortiza de sobreira con pintura acrílica, vimbio nos dentes, crina de cabalo nas cellas e no bigote, pel de coello e orellas de coello.



CARETO DE PODENCE

(Macedo dos Cavaleiros – Portugal)

Asesorado por artesáns da vila.

Metal pintado con acrílico, remachado e soldado. Interior en coiro.



CARETO

(Xisto de Fois – Portugal)

Sacada de fotografías e documentais.

Cortiza de sobreira pintada con acrílicos e pel de ovella.



BOE

(Ottana – Sardeña)

Asesorado por un artesán de Ottana no entroido desta localidade e feita, posteriormente, nun curso de talla de madeira impartido polo escultor Óscar Aldonza.



O vello dos cornos
(Merza, Vila de Cruces – Pontevedra)
Reprodución de Xosé Manuel Seixas.



Biografías das representantes das entidades

Tareixa Antía Ferreiro Tallón



Vicepresidenta da Deputación de Lugo Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización lingüística.

Cesáreo Sánchez Iglesias



Cesáreo Sánchez Iglesias (Dadín-Irixo, 1951) é autor dunha ampla obra, principiada en 1978 con *Silencios e conversas de inverno*. Estudou Arquitectura Técnica e Socioloxía e Ciencias Políticas en Madrid e foi un dos fundadores da Agrupación Cultural Lóstrego, que presidiu. Continuou a manter unha posición dinámica dentro da creación do movemento asociativo cultural durante a transición, colaborando na formación da Agrupación Cultural Avantar, do Carballiño. Foi director de Edicións A Nosa Terra e presidente do semanario do mesmo nome. Traballou na Oficina Técnica de Arquitectura da Xunta de Galicia.

A súa poesía, varias veces premiada, caracterízase por unha elaboración en chave simbolista e evocativa, realizada en versos breves. Está considerado un dos nomes máis relevantes da promoción poética da década de 80.

Despois de participar en diversos Consellos Directivos da AELG, desde 2005 é o presidente da entidade.

Biografías das relatoras e coordinadores

Filipe-Sené López Gómez

(Carballiño, 1948)



Fai seus primeiros estudos no Carballiño e no Instituto de Ourense, onde se vincula como colaborador do Museo Arqueolóxico, dirixido entón por Ferro Couselo, sumándose igualmente ás actividades da agrupación cultural “Auriense”. Estuda Filosofía e Letras, especialidade de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela, a un tempo que fai prácticas de museoloxía e arqueoloxía co historiador Manuel Chamoso Lamas, así como na creación, instalación e posta en funcionamento do Museo das Peregrinacións, e do Museo do Ribeiro; participando igualmente como supervisor de campo nas prospeccións arqueolóxicas do Castro de Viladonga

(Castro de Rei, Lugo) e nas da ermida de San Guillermo de Fisterra. En 1975 pasa a reorganizar aspectos no Museo Arqueolóxico da Coruña, ubicado no Castelo de San Antón, sendo nomeado director-conservador. Coa ansia de abrir a institución do museo ó gran público e ás cuestións socioculturais da cidade e de Galicia, crea o colectivo de colaboradores e Amigos do Museo Arqueolóxico, que será base para a formación do colectivo Amigos dos Museos de Galicia. Coa mesma ansia de dinamización e sensibilización sobre as cuestións arqueolóxicas e patrimoniais da cultura de Galicia, crea e dirixe dende o museo coruñés o Boletín “Brigantium” e unha serie de publicacións, a un tempo que coordina traballos de prospección arqueolóxica submarina co Grupo de Investigación e rescate Arqueolóxico Subacuático (GIRAS), dirixido por Rafael Mejuto, na baía da Coruña e outras áreas da beiramar da provincia, intervindo en aspectos relativos á sensibilización sobre o patrimonio asolagado, lexislación, competencias, cuestións técnicas etc. Dende o Museo Arqueolóxico coruñés inicia igualmente o traballo de supervisión e posta en valor do Castro de Elviña. Iniciando de 1978 a 1985 a consolidación e limpeza da área escavada a finais dos anos corenta por Luengo Martínez, xacemento na área periurbana coruñesa que tenta potenciar como importante recurso cultural e turístico. Traballos que, pese ós esforzos, parálizanse por falla de apoio institucional. Membro do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, numerario da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, na que ingresa no 1987 cun discurso sobre “A auga e as fontes en Galicia” (Deputación de Ourense-2010). Numerario e secretario do Instituto Xosé Cornide de Estudos Coruñeses, no que é recibido cunha disertación sobre “Cuestións Arqueolóxicas e Museolóxicas: revisión dende o Museo Arqueolóxico da Coruña” (1994), na que se detén en cuestións profesionais de presente e futuro relativas ó Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón, Castro de Elviña e Torre de Hércules.



Julio I González Montañés

Nacido en Ferrol en 1962 é licenciado en Xeografía e Historia e doutor coa tese Drama e iconografía en el arte medieval peninsular (siglos XI-XV). Publicou traballos sobre arte galega, iconografía e etnografía, e nos últimos anos centrou a súa actividade investigadora no estudo e catalogación das manifestacións teatrais en Galicia anteriores a 1750. A súa

bibliografía completa pódese consultar no seu portal Web (www.teatroengalicia.es).

Nieves Amado Rolán



Nieves Amado Rolán, natural de Laza (Ourense), exerce como arqueóloga profesional desde fai máis de 30 anos. Licenciada en Xeografía e Historia pola USC, e posgraou co mestrado en Técnicas de Xestión Integral do Patrimonio Cultural, rama de Arqueoloxía (USC_CSIC_Xunta de Galicia).

Actualmente forma parte da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega e do Grupo de Investigación arqueolóxica da Univ. de Vigo, GEAAT.

Na actividade arqueolóxica profesional, abordou todo tipo de proxectos en Galicia. Tamén traballou nos eidos da documentación histórica aplicada ao patrimonio cultural e no campo da etnografía material e inmaterial.

Colabora activamente en proxectos culturais desenrolados na Comarca de Monterrei, ligados ao asociacionismo cidadá.

Na valorización e difusión do campo que nos ocupa, o Entroido, colabora e publica artigos desde fai varios anos no monográfico anual do “Entroido en Galicia” do xornal O Sil. Publicou artigos na revista Auria, na rev. Ágora do Orcellón (O Entroido galego na Idade Media), no extinguido colectivo Homo Ludens, folletos da Deputación de Ourense, en varios xornais etc. Tamén ten dado varias conferencias sobre os entroidos da bisbarra do Támega, a última nas “X Xornadas sobre o Entroido en Galicia” organizadas pola SAGA en Pontevedra, en marzo deste ano 2022.

Mercedes Vázquez Saavedra



Mercedes Vázquez Saavedra comezou a súa andaina profesional, dando aulas no Colexio da Asunción de Sarria, Lugo, traballo no que estivo moi pouco tempo, porque axiña pasou á administración, na área de Asuntos Sociais. Traballou máis de 40 anos, como directora de centro de Asuntos Sociais, e coordinou actividades socioculturais nos centros de Asuntos Sociais da Delegación de Lugo, Xunta de Galiza. Sendo seu último posto de traballo, por concurso obrigatorio, como directora do Centro Sociocultural de Xinzo de Limia, posto do que tomou posesión, pero non se incorporou.

No mundo da Máscara, está mergullada dende hai moitos anos, nos que levou ao cabo diferentes pesquisas co fin de investigar as máscaras do rural. A ese primixenio traballo seguiron outros de recolleita oral e fotográfica da

MÁSCARA IBÉRICA, máscaras de Galiza e Portugal e doutras comunidades da península. Colaborou e segue a colaborar na difusión da Máscara con exposicións fotográficas, por Galiza e Portugal, encontros da máscara etc. É secretaria dos Organos Sociais da Academia Ibérica da Máscara con sede en Bragança.

Xosé Manuel Seixas



Souto de Torres (Castroverde) 1971. Diseñador gráfico de titulación e artesán de vocación, formeime tanto en cursos específicos como no mundo laboral, ou co contacto directo con artesáns e artesás en diferentes campos (coiro, madeira, cartón falleiro, cestería, costura, la, papel, metal...) centrando o meu traballo nas marionetas e, especialmente, no eido da máscara; nunca de xeito profesional. Descubrí e sentínme fascinado polo mundo do Entroido tradicional hai décadas, visitando Entroidos tanto galegos como da península ou da Sardeña, investigando desde un principio o seu significado e formas, estética e elaboración. Desde hai anos tiven a honra de acceder a ese fantástico universo desde dentro, vestindo traxes cerimoniais de Santiago de Arriba (Chantada): Meco, Volante e Maragato ou de Maceda: O Felo, e participando esporadicamente noutros. Froito de estar neste privilexiado espazo, empecei a contactar internamente con outros por

medio das Xuntanzas de Entroidos ou visitas privadas a artesás e artesáns e portadores/as das vestimentas de diferentes lugares, así como a investigadores ou persoas maiores que lembraban algún xa desaparecido. Isto facilitoume o traballo que levo facendo desde hai anos no estudo e elaboración das máscaras tradicionais de Entroido, aplicando tanto saberes antigos transmitidos de xeración en xeración, como o estudo de posibilidades de fabricación alternativas a materiais de nova incorporación.

Lois Pérez



Nado en Lugo, mestre do ensino público, actualmente traballa como representante sindical do STEG (Sindicato de traballadoras e traballadores do Ensino de Galiza). En 2008 gañou o Premio *Diario Cultural* de Teatro Radiofónico coa peza *Saltimbanqui*, dirixida e adaptada por Quico Cadaval e interpretada ademais del por Xosé Olveira “Pico” e Xan Cejudo. Mención especial no *Pedrón de Ouro* polo relato “A corrente salvaxe” en 2009; segundo premio no *Certame de Ames* de 2010; e relato gañador no *Premio de Noia*, no 2011.

Emerxente Editora publicou o seu poemario *LP* en 2013. Participou no Festival de Mondoñedo de Poesía en 2015 e no “*Ponme un Poema*” de Allariz en 2016.

Como narrador oral, humorista e comediante ten actuado e actúa en institutos, feiras do libro, universidades, escolas de idiomas, teatros, museos, pubs, bares ou cárceres.

No eido do ensino coordinou varias iniciativas normalizadoras, todas elas premiadas pola administración educativa ou por entidades privadas vinculadas ao ensino. No curso 2009-2010 coordinou o proxecto Premio de Innovación Educativa en Normalización Lingüística “Mergullados nos mares da palabra”, no CEIP de Sofán (Carballo, A Coruña), e o proxecto “A imaxinación no peto”, Premio *Antonio Fraguas*. No curso 2010-2011 coordinou o proxecto de normalización lingüística “As palabras que soñan co vento” no CEIP de Bemantes (Miño, A Coruña), cualificado como pioneiro e seleccionado pola administración educativa para ser

exposto en Lugo, Santiago, Coruña e Ferrol nas Xornadas de Normalización dese mesmo ano. No curso 2011-2012 coordinou o proxecto de normalización lingüística “Irradio Lingua” no CEIP de Barrantes (Tomiño, Pontevedra), sendo valorado coa mellor puntuación canda o da ESAD de Vigo.

Foi relator dos Cursos de galego para Funcionarios en prácticas desenvolto nos CEFORES da Coruña, Santiago, Lugo e Ferrol en 2010 e 2011.

Membro do Xurado Premios *Xerais* 2017.

Gañador do Premio *aRi[t]mar Galiza e Portugal* 2018, ao mellor poema publicado en galego en 2017 por “Blues do Rei Bergman=B.B. King”.

En 2017 publica en Xerais o libro de poemas *Long Play*.

Cronista do rock and roll no suplemento literario e cultural *Táboa Redonda* do *Progreso* de Lugo e *Diario de Pontevedra* e na revista *Ruta 66*.

Antonio Reigosa



Zoñán, Mondoñedo, 1958. Na actualidade é Responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística da Deputación de Lugo.

Cronista oficial de Mondoñedo, escritor, investigador e divulgador da mitoloxía popular, da literatura de tradición oral e da cultura oral. Cofundador, con Mercedes Salvador, Ofelia Carnero e Xoán R. Cuba, do Grupo de Investigación Etnográfica Chaira (Premio Encontros na Terra Cha da Asociación Cultural Xermolos), con quen realizou numerosos traballos de campo en diferentes concellos da provincia de Lugo: Abadín, Vilalba, Begonte, A Pontenova, Chantada, A Fonsagrada...

Creador e coordinador da enciclopedia virtual *Galicia*

Encantada: galiciaencantada.com

Como vogal responsable da Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega coordina desde 2007 os proxectos *Polafías* e *Mestres da Memoria*, creados para documentar e divulgar os valores da oralidade e da cultura popular. Coordinou con Isidro Novo e agora con Lois Pérez as Xornadas de Literatura Oral que se veñen celebrando desde 2008.

É autor de unidades e guías didácticas, colaborador da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas. Participou en proxectos como *Boas noites* (2007), obra de teatro da compañía Berrobambán para o que elaborou a guía didáctica interactiva *Pasamedos*. Coordinou con Helena Zapico o monográfico “Literatura oral e educación” publicado na *Revista Galega de Educación*, núm. 41, 2008. Participou en proxectos como *La memoria de los cuentos* (2009), libro e documental baixo a dirección de Antonio Rodríguez Almodóvar, *Antropologías del miedo* (2008), publicación coordinada por Gerardo Fernández Juárez e José Manuel Pedrosa, ou *Quieres que cho conte?* (2011), proxecto de dramatización do conto oral de Palimoco Teatro coordinado por Paloma Lugilde.

En coautoría cos membros do Equipo Chaira publicou *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (Deputación de Lugo, 1998) e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (Museo Provincial de Lugo, 2004).

Con Xoán R. Cuba e Fernando Arribas publicou a *Guía do Museo Provincial de Lugo* (Museo Provincial de Lugo, 2003) e con Fernando Arribas *Museo Pazo de Tor. Guía ilustrada* (Deputación de Lugo, 2018).

Participou con relatos nos libros colectivos *Ninguén está só* (Amnistía Internacional - TrisTram, 2001); *Narradio. 56 historias no ar* (Xerais, 2003); *Contos para levar no peto* (Xerais, 2001); *Contos da Policía* (Ir Indo, 2003); *Contos de ostras, aventuras, baladas e piratas* (Xunta de Galicia, colección “Lagarto pintado”, 2006); *Contos de medo no museo* (Museo Provincial de Lugo, 2005).

É coautor con Xosé Miranda e Xoán R. Cuba de ensaios e libros de referencia como o *Dicionario dos seres míticos galegos* (Xerais, 1999 e 2003 en castelán), *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral* (Xerais, 2001), *Pequena mitoloxía de Galicia* (Xerais, 2001); *Antoloxía do conto de tradición oral* (Xerais-La Voz de Galicia, 2001) e dos 20 tomos da colección de contos de tradición oral “Cabalo Buligán” (Xerais, 1998-2004), I Premio *Frei Martín Sarmiento* 2003.

Con Xosé Miranda escribiu *Cando os animais falaban. Cen historias daquel tempo* (Xerais, 2002), e os tomos 1 e 2 da colección “Lendas de Galicia” que levan por título *Arrepíos e outros medos. Historias galegas de fantasmas e de terror* (Xerais, 2004) e *A flor da auga. Historias de encantos, mouros, serpes e cidades mergulladas* (Xerais, 2006).

É autor dos álbums, ilustrados por Noemí López *Guía ilustrada da Galicia invisible* (Xerais, 2010) e *Trece noites, trece lúas. Libro das maravillas do Nadal* (Xerais, 2011). Para primeiros lectores e lectoras, *O galo avisado e o raposo trampulleiro* (Xerais, 2003), *O aprendiz de home do saco* (Xerais, 2013) e *O raposo aviador que voa sen motor* (Xerais, 2019). No campo da narrativa infantil e xuvenil foi Premio Concurso Nacional de Contos Infantís *O Facho* (1989), Premio *Supernova* de Literatura Infantil e Xuvenil, concedido por Televisión Lugo (1999), e é autor de títulos como *Memorias dun raposo* (Xerais, 1998), que foi Premio *Merlín* en 1998 e finalista do Premio *Nacional* de Literatura Infantil e Xuvenil en 1999, *Resalgario* (Xerais, 2001), Premio *Raiña Lupa* 2001, *Bacoriño* (2004), *A raposa no galiñeiro* (Museo Provincial de Lugo, 2004), *A noite dos pesadelos* (Tambre, 2006), *A escola de Briador* (Everest, 2006), *O polimacho e outras criaturas* (Tambre, 2008), *Os dous irmáns e outros contos populares do antigo Exipto* (Morgante, 2008), *Lu e Go pola muralla* (Obradoiro, 2010), *Cuentos y leyendas de Galicia* (Anaya, 2012), *Lendo lendas, digo versos* (Xerais, 2015) (en coautoría con Antonio García Teijeiro e ilustracións de Xosé Cobas, premio mellor iniciativa bibliográfica na Gala do Libro Galego 2016, Lista de Honra do IBBY), e *O raposo aviador que voa sen motor* (Xerais, 2019).

No campo da divulgación da literatura e historia oral é coautor con Isidro Novo de *Memorias do San Froilán* (Concello de Lugo, 2016), e autor de *Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías* (Xerais, 2015), *Guía de campo da Galicia Encantada* (Xerais, 2020) e *Cen historias máxicas pola Mariña encantada* (Libros Lar, 2020). Ademais, publicou o volume de artigos sobre temas mindonienses *Celebración de Mondoñedo* (Embora, 2017) e *Contrahistorias de Galicia* (Embora, 2020).

ÍNDICE

| | |
|--|-----|
| Limiar da Deputación Provincial de Lugo | 5 |
| Limiar da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega | 7 |
| Limiar dos coordinadores da Xornada | 9 |
| Programa | 11 |
| Variedade de sons, músicas, voces, contos e rivalidades nalgúns dos entroidos galegos: tradición e aculturación Filipe-Senén López Gómez | 13 |
| O mundo do revés: Teatro de entroido en Galicia Julio I González Montaños | 23 |
| Entroido e ocultación: profundando no envés do ritual Filipe-Senén López Gómez e Julio I González Montaños | 63 |
| Os entroidos históricos da bacía do Támega: as súas máscaras tradicionais Nieves Amado Rolán | 73 |
| Viaxe polo mundo da máscara Mercedes Vázquez Saavedra | 87 |
| Tras a máscara. Liturxia e simbolismo Nieves Amado Rolán e Mercedes Vázquez Saavedra | 101 |
| Achega á Máscara de Entroido. Unha visión desde dentro Xosé Manuel Seixas | 109 |
| ANEXOS | 115 |
| Datos biobibliográficos das/os intervenientes | |



asociación de **escritoras
escritores**  en lingua galega